



BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT

AS RATAS NAS PAREDES

E OUTRAS HISTORIAS DE MEDO



U

BIBLIOTECA HP. LOVECRAFT



AS RATAS NAS PAREDES

E OUTRAS HISTORIAS DE MEDO

As ratas nas paredes e outras historias de medo

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,
recomendamos o [Pocketbook reader](#).

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámonos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas

útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCCIÓN

Neste volume XII da Biblioteca Lovecraft abordamos unha época moi complicada da vida do autor, cuxas sombras se verán reflectidas dalgún xeito nos seus escritos.

Todos os relatos aquí contidos escribíronse entre 1922 e 1926, época en que Lovecraft pasa de publicar habitualmente en revistas *amateur* a se converter nun autor profesional e un dos piares da *Weird Tales* de Farnsworth Wright, xunto a Clark Ashton Smith e Robert E. Howard. Tamén coincide co seu noivado e posterior matrimonio con Sonia Greene, cuxa voda se celebrou o 3 de marzo de 1924.

A priori ambos os feitos son positivos. Porén, en toda luz existe unha escuridade inherente, e o Solitario de Providence, dun xeito ou outro, tiña un talento natural para atraer arredor de si o reverso tenebroso das cousas. Será concretamente o matrimonio con Sonia, escritora tamén, o que o levará a marchar da súa querida Providence para se instalar en Brooklyn, Nova York. Isto levará a Lovecraft a mergullarse nunha espiral de pobreza, inseguridade e medo ao foráneo, que culminará cun divorcio amigábel en 1926 e co seu retorno a Providence, de onde non volverá marchar xamais.

The Lurking Fear, primeiro relato do volume, foi publicado na revista *Home Brew*, igual que a novela *Herbert West, o reanimador*, que xusto o volume anterior a este na nosa biblioteca. Coméntouse no limiar de *Herbert West* que un dos graves problemas dos que adoece é de ter que repetir no inicio de cada capítulo os feitos dos anteriores, por orde do editora, arruinando así todo ritmo e potencial da historia.

Porén, en *The Lurking fear* o editor, George Julian Houtain, decidiu introducir uns breves resumos da súa propia man que funcionan como paratextos dos capítulos, salvando así o conxunto do relato. Nesta historia combínase dunha maneira soberbia o vector do «macabro» e o do «materialista». A ambientación é a propia dun conto gótico ao uso: un gran casarón perdido no máis profundo do rural, unha familia tocada por unha maldición, aparicións espectrais que atacan as aldeas da veciñanza e que se relacionan coa vella construción etc. Porén, a resolución dificilmente podería ser máis propia do Lovecraft materialista.

The rats in the walls, escrita en 1923, publicada xa en *Weird Tales* e que dá título a este volume, é todo un exercicio e intertextualidade. O texto en si está cheo de referencias veadas e de ideas sacadas de aquí e de alá, desde Poe até Freud, aínda que quizais o máis interesante neste caso é esa ambientación británica e a referencia a un pasado pagán celta e romano, que tanto lembra a varias historias de Robert E. Howard e, como non ao *The Great God Pan*, de Arthur Machen. Resulta curiosa a mención ao deus Nyarlathotep, entidade central do panteón lovecraftiano, aínda que nesta etapa temperá semella compartir moitas características con Azathoth, feito que demostra que non existe unha mitoloxía fechada, senón un conxunto de ideas que foron tomando forma ao longo dos anos.

En *The Unnamable*, un dos protagonistas menciona é un tal Carter, sen dúbida Randolph Carter, protagonista de moitas das historias do ciclo do soño e alter ego de Lovecraft. De feito, o incidente coa entidade «innomeábel» do relato, menciónase máis tarde en «A chave de prata», de 1926 (véxase o volume VII da nosa Biblioteca). Igual que en *The Lurking Fear* o relato funciona entre dúas tensións claras: o ambiente

gótico-macabro (o cemiterio coa casa abandonada) e o terror que non é de ultratumba, senón palpábel e de carne e óso.

The Shunned House, ambientada na Providence de Lovecraft, comeza cunha mención a Poe, o que nos sitúa directamente dentro do xénero. O relato, de corte relativamente clásico até o desenlace, trata o tema da casa encantada e das distintas enfermidades e mortes que acontecen aos seus moradores ao longo da historia. O causante é un vampiro no sentido stokeriano (unha criatura que se alimenta do sangue e a enerxía vital das súas vítimas), que os protagonistas (un home novo e seu tío ancián), deben exorcizar. Malia que os ingredientes son máis que coñecidos, Lovecraft anova o xénero coa utilización da tecnoloxía para a eliminación do súcubo, así como a descrición dos soños, que transportan as vítimas a outros planos da realidade, igual que en *Os soños na casa da bruxa*, que se publicou no primeiro volume desta biblioteca.

The Horror at Red Hook é unha obra controvertida. Loada por moitos e tachada de aberración racista por outros, cando menos non deixa frío ningún lector. Escribiuse durante a estancia de Lovecraft nas proximidades do barrio de Red Hook, no distrito de Brooklyn, logo de que Sonia Greene tivese que mudarse por cuestións laborais. A situación de miseria económica na que se viu sumido Lovecraft, sumada á enormidade terrorífica de Nova York e á multiculturalidade dos barrios obreiros, levouno a unha fonda depresión e a desenvolver certo grao de agorafobia, ademais de ver a súa xenofobia potenciada. Dun xeito non logrado de todo, tenta introducirse no xénero de detectives a través do protagonista, mais o terror zumea parágrafo tras parágrafo, para pintar un pandemonio de criaturas infernais vivindo baixo o subsolo do barrio de Red Hook.

Fecha este volume o relato breve *He*, tamén de inspiración neoiorquina. O protagonista, unha persoa de Providence acabada de mudar a Nova York e aterrecida pola deshumanización da urbe, non pode deixar de lembrar a propia situación do autor. Malia o seu inevitábel desenlace sobrenatural e arrepiante, a peza semella funcionar como escusa para explicar o anhelo por encontrar dentro desa Nova York sucia e ruidosa, os vellos trazos esvaídos da auténtica Nova Inglaterra.

Encontrámonos, daquela, ante un Lovecraft en proceso de chegar á súa madurez literaria, onde aínda se pode ler ás claras a inspiración de Poe, Hawthorne, Machen ou Dunsany, pero onde o terror xa é completamente material, palpábel e por iso tan poderoso. Un Lovecraft que experimentará os peores momentos da súa vida, e cuxa experiencia na grande urbe desembocará nun medo ao «outro» que cristalizará para sempre no restante da súa obra.

Tomás González Ahola

O HORROR OCULTO

[*The Lurking Fear* escribiuse en novembro de 1922 e publicouse por primeira vez nos números de xaneiro a abril de 1923 da revista *Home Brew*]

I. A SOMBRA NA CHEMINEA

O s tronos sacudían o ar a noite que fun á mansión abandonada do alto da Montaña das Treboadas na procura do horror oculto. Non ía só, porque a temeridade non formaba parte naquela altura dese amor ao grotesco e o terríbel que adoptou por carreira a procura de horrores estraños na literatura e na vida. Viñan comigo dous homes fieis e fortes que mandara chamar cando chegou o momento. Eran homes que desde había moito tempo me acompañaban nas miñas terríbeis exploracións por mor das súas especiais aptitudes. Saímos da vila en segredo para evitar os xornalistas que aínda quedaban, despois do enorme pánico do mes anterior: a morte e o pesadelo. Máis tarde, pensei, poderían ser de axuda, mais nese momento non os quería ao meu redor. Oxalá me impulsase Deus a deixarlles compartir esa procura comigo, para non ter que aturar só o segredo

tanto tempo, por temor a que o mundo pensase que estaba tolo, ou tolease todo ante as demoníacas implicacións do caso. Agora que me decidín a contalo, non sexa que remoelo en silencio me converta nun maníaco, querería non volver ocultalo xamais. Porque eu, só eu, sei que clase de horror se agochaba nesa montaña fantasmal e solitaria.

Percorremos nun pequeno automóbil quilómetros de fragas e bosques primordiais, até que nos detivo a aba cuberta de árbores. O campo tiña un aspecto máis sinistro do habitual, de noite e sen a habitual multitude de investigadores, así que a miúdo nos sentimos tentados de utilizar as lámpadas de acetileno, malia que podían chamar a atención. Non resultaba unha paisaxe saudábel ás escuras. Coido que notaría a súa morbosidade aínda cando ignorase o terror que alí axexaba. Non había animais salvaxes, pois son prudentes cando a morte anda preto. As vellas árbores marcadas polos raios semellaban anormalmente grandes e retortas, e o resto da vexetación prodixiosamente mesta e febril, mentres que uns estraños montículos e pequenas elevacións de terra cuberta de maleza me facían pensar en serpes e cranios humanos inchados de proporcións xigantescas. O horror estivera oculto na Montaña das Treboadas durante máis dun século. Sóubeno decontado polas novas dos xornais sobre a catástrofe que fixera que o mundo se fixase nesta rexión. Trátase dunha remota e solitaria elevación desa parte dos Catskills onde a civilización holandesa penetrou pouco e de maneira felbe noutro tempo, deixando ao retroceder unas poucas mansións en ruínas e unha poboación dexenerada de colonos que crearon míseras aldeas nas abas illadas. Esta zona raramente a visitaba xente normal, até que se constituíu a policía estatal. Porén, aínda agora a policía montada só se limita a pasar de cando en vez. O terror, así e todo, goza de antiga tradición en todas as

aldeas veciñas e é o principal tema de conversa nos faladoiros dos pobres mestizos que ás veces abandonan os seus vales para ir cambiar os seus cestos artesanais por artigos de primeira necesidade, xa que non poden cazar, criar gando nin cultivar a terra.

O horror oculto moraba na deserta e afastada mansión Martense, que coroaba o monte elevado aínda que gradual, cuxa tendencia ás frecuentes tempestades lle valeu o alcume de Montaña das Treboadas. Durante un cento de anos, a antiga casa de pedra, rodeada de árbores, fora tema de historias incrivelmente desatinadas e monstruosamente horrendas, historias sobre unha morte silandeira, solapada, colosal que saía ao mundo exterior durante o verán. Entre saloucos, os colonos contaban historias sobre un demo que collía os camiñantes solitarios, despois do solpor, para os levar e logo abandonar nun terríbel estado, desmembrados e a medio comer, mentres que outras veces falaban de rastros de sangue que conducían á afastada mansión. Algúns dicían que os tronos sacaban o horror oculto da súa morada, e outros que o trono era a súa voz. Fóra desta rexión afastada, ninguén cría nestas historias contraditorias e dispaes, coas súas incoherentes e extravagantes descrições dun demo. Así e todo, ningún campesiño nin aldeán dubidaba de que a mansión Martense daba acubillo a unha macabra entidade. A historia local impedía semellante dúbida. Porén, cando corría entre os aldeáns algún rumor especialmente dramático, os que ían inspeccionar o edificio non atopaban nunca nada. As avoas contaban estrañas historias sobre o espectro Martense, historias sobre a propia familia Martense, sobre a estraña disimilitude hereditaria dos seus ollos, sobre os seus monstruosos e antigos anais, e sobre o asasinato que causara a súa maldición.

O terror que me levou ao lugar era a súbita e incríbel confirmación das lendas máis loucas dos montañeses. Unha noite de verán, tras unha treboada dunha violencia sen precedentes, a comarca espertou cunha desbandada de colonos que ningunha ilusión podería orixinar. A horda miserenta de nativos berraba e contaba xemendo que un horror sen igual se abatera sobre eles, cousa que ninguén puxo en dúbida. Non o viron, mais ouviron tales ouleos nunha das aldeas, que souberon decontado que a morte reptante a visitara. Pola mañá, os cidadáns e a policía estatal seguiron os estarrecidos montañeses ao lugar que, segundo dicían, visitara a morte. Abofe, a morte estaba alí. O terreo en que se asentaba un dos poboados de colonos afundiuse a consecuencia dun raio, destruindo varias das chozas fedorentas, mais a este dano comprensíbel superpúñase unha devastación orgánica que o tornaba insignificante. Duns setenta e cinco nativos que poboaban o lugar, non atoparon nin un só con vida. A terra revolta estaba cuberta de sangue e de restos humanos que revelaban con demasiada elocuencia os estragos dunhas gadoupas e uns dentes infernais. Porén, ningún rastro visíbel se afastaba do lugar da carnizaría. Todo o mundo conveu deseguido en que fora ocasionado por algunha besta feroz. A ninguén se lle ocorreu resucitar a acusación de que tales mortes misteriosas non eran máis que sórdidos asasinatos habituais nas comunidades decadentes. Só cando descubriron a ausencia entre os mortos dunhas vinte e oito persoas, renaceu tal acusación. Aínda así, resultaba difícil explicar a matanza de cincuenta por parte da metade dese número. Pero o feito era que, nunha noite de verán, caera un raio dos ceos e sementara a morte na aldea, deixando os cadáveres horribelmente mutilados, trabados e esgazados.

Os espavorecidos campesiños relacionaron decontado esta atrocidade coa embruxada mansión Martense, aínda que as aldeas

estaban a máis de cinco quilómetros de distancia. A patrulla da policía mostrouse máis escéptica: incluíu a mansión nas súas investigacións só por unha cuestión rutineira, e descartouna por completo ao atopala baleira. As xentes do campo e das aldeas, no entanto, rexistraron o lugar polo miúdo. Envorcaron canto atoparon na casa, sondaron os estanques e as fontes, rexistraron as matogueiras e deron unha batida polo bosque dos arredores. Pero todo foi inútil: a morte non deixara outro rastro que a mesma destrución. Ao segundo día de investigación, os xornais comentaron cumpridamente o caso, despois de os reporteiros invadir a Montaña das Treboadas. Describírona con moito detalle e incluíron numerosas entrevistas que confirmaban a historia de horror que contaban as vellas da comarca. Nun comezo seguín as crónicas sen moito entusiasmo, xa que son experto nesta clase de horrores. Porén, unha semana despois reparei nunha atmosfera que espertou estrañamente o meu interese, de modo que o 5 de agosto de 1921 inscribinme entre os reporteiros que ateigaban o hotel de Lefferts Corners, a vila máis próxima á Montaña das Tempestades, e cuartel xeral recoñecido dos investigadores. Tres semanas despois, a deserción dos reporteiros deixábame en liberdade para comezar unha exhaustiva exploración de acordo coas pescudas e informacións detalladas que fora recollendo entrementes.

Así que esta noite de verán, mentres a tormenta resoaba na distancia, deixei o automóbil, emprendín a marcha cos meus dous compañeiros armados e percorrín o último treito sementado de montículos até a Montaña das Treboadas, enfocando a luz dunha lanterna eléctrica cara ás paredes grises e espectrais que empezaban a asomar entre carballos xigantescos. Nesta morbosa soidade da noite, baixo a bambeante iluminación, o enorme edificio cadrado mostraba

escuros signos de terror que o día non chegaba a revelar. No entanto, non experimentei a menor dúbida, xa que me impulsaba unha decisión firme de comprobar certa teoría. Estaba convencido de que os tronos facían saír dalgún lugar secreto o demo da morte e ía disposto a comprobar se devandito demo era unha entidade corpórea ou unha pestilencia vaporosa. Previamente, inspeccionara a fondo as ruínas, de modo que tiña ben trazado o meu plan: escollería como posto de observación o vello cuarto de Jan Martense, cuxo asasinato ten un importante papel nas lendas rurais da rexión. Intuía vagamente que o apousento desta antiga vítima era o lugar máis acaído para os meus propósitos. O cuarto, que mediría uns seis metros de lado, contiña, do mesmo xeito que os demais, restos do que noutro tempo fora mobiliario. Estaba no segundo andar, no ángulo sueste do edificio, e tiña unha enorme xanela orientada cara ao leste, e unha ventaiña estreita que daba ao mediodía, ambos os vans desprovistos de cristais e contras. No lado oposto á ventá había unha enorme cheminea holandesa con azulexos que representaban o fillo pródigo, e fronte á xanela estreita, unha gran cama arrimada á parede.

Mentres os amortecidos tronos ían en aumento, dispuxen os detalles do meu plan. Primeiro atei no antepeito da ventá, unha xunto a outra, tres escadas de corda que trouxera comigo. Sabía que chegaban a unha distancia conveniente respecto da herba, xa que as probei. Logo, entre os tres, entramos arrastrando a armazón dunha cama doutro cuarto, e colocámola de lado contra a xanela. Botamos enriba pólas de abeto e dispuxémonos a descansar, coas nosas automáticas preparadas, descansando dous mentres vixiaba o terceiro. Así tiñamos asegurada a fuxida, fose cal fose a dirección pola que xurdise o demo. Se nos atacaba desde o interior da casa, estaban as escadas da xanela; se viña do

exterior, podíamos saír pola porta e a escaleira. Segundo o que sabíamos, non nos perseguiría moito tempo se se daba o peor dos escenarios.

Levaba eu vixiando das doce da noite á unha cando, a pesar do ambiente sinistro da casa, a xanela sen protección e os tronos e lóstregos cada vez máis próximos, me sentín dominado por un soño irresistible. Estaba entre os meus dous compañeiros: George Bennett atopábase á beira da xanela e William Tobey a carón da cheminea. Bennett durmía, vencido pola mesma anómala somnolencia que sentía eu, de modo que designei a Tobey para a seguinte quenda, malia que cabeceaba. Era estraño o xeito en que eu miraba fixamente eu a cheminea. A crecente tormenta debeu de influír nos meus soños, pois no breve intre en que durmín sufrín visións apocalípticas. Unha das veces case espertei, probabelmente porque o home que durmía xunto á xanela estirara un brazo sobre o meu peito. Non me atopaba esperto dabondo como para comprobar se Tobey cumpría a súa obriga como sentinela, aínda que sentía un claro desacougo respecto a iso. Nunca tivera unha sensación tan opresiva da presenza do mal. Despois, debín de quedar durmido outra vez, porque a miña mente saíu dun caos fantasmal, cando a noite se tornou espantosa, traspasada de chíos que superaban todas as miñas experiencias e delirios anteriores.

Naqueles berros, o máis profundo terror e agonía humanos rabuñaban desesperada e insensatamente as portas de ébano do esquecemento. Espertei para encontrarme ante a vermella tolemia e a burla satánica, mentres reverberaba e se retiraba cada vez máis, cara a perspectivas inconcibíbeis, aquela angustia fóbica e cristalina. Non había luz, mais polo oco que notei á miña dereita, comprendín que Tobey marchara, só Deus sabía onde. Sobre o meu peito, aínda pesaba o

brazo do durminte da miña esquerda. Logo produciuse un lóstrego, o raio sacudiu a montaña enteira, iluminou as criptas máis escuras do vello arboredo e esgazou a máis vella das árbores retortas. Ante o alustro demoníaco do raio, o dorminte incorporouse de súpeto e nese instante a claridade que entrou pola xanela proxectou a súa sombra contra a cheminea, da que eu non conseguía apartar os ollos nin un momento. Non comprendo como me atopo vivo aínda e no meu san xuízo. Non mo explico, porque a sombra que vin na cheminea non era a de George Bennett, nin de ningunha criatura humana, senón unha blasfema anormalidade dos máis profundos cráteres do inferno; unha abominación imposíbel de pronunciar e sen forma, que a miña mente non chegou a captar por completo, nin hai pluma que a poida describir. Un segundo despois, atopábame só na mansión maldita, tremendo, balbucindo. George Bennett e William Tobey desapareceran sen deixar rastro, nin sequera de loita. Nunca máis volveu saberse deles.

II. UN MORTO NA TREBOADA.

Despois daquela espantosa experiencia na mansión perdida na espesura tiven que gardar cama, esgotado dos nervios, no hotel de Lefferts Corners. Non lembro exactamente como fixen para chegar ao cochil, para polo en marcha e regresar en segredo á vila. Non conservo conciencia clara de nada, agás dunhas árbores de xigantescos brazos, do balbordo endiañado dos tronos, e das sombras entre as cuíñas baixas que punteaban e raiaban a rexión. Mentres tremía e meditaba sobre o que proxectaba aquela sombra enlouquecedora, comprendín que á fin albiscara un dos supremos horrores da terra, un deses males sen nome dos baleiros exteriores cuxas febles e demoníacas poutadas ouvimos ás

veces no bordo máis remoto do espazo, contra os que a piadosa limitación da nosa vista finita nos ten misericordiosamente inmunizados. Non me atrevía a analizar ou identificar a sombra que percibira. Un ser permanecera deitado entre a xanela e mais eu, aquela noite, e arreguizábame cada vez que, de maneira irreprimíbel, a miña conciencia trataba de clasificalo. Oxalá gruñise, ladrase ou rise entre dentes... Cando menos iso aliviaría o meu terror abismal. Pero permaneceu en silencio. Deixara descansar un brazo, un membro en todo caso, pesadamente sobre o meu peito... Por suposto, era orgánico, ou o foi... Jan Martense, cuxo cuarto invadira eu, estaba soterrado preto da mansión... Debía encontrar a Bennett e a Tobey, se aínda vivían... Por que os levou e me deixou a min?... A somnolencia é invencíbel e os soños son espantosos...

Ao pouco tempo, comprendín que debía contar a miña historia a alguén ou se non esborrallárame por completo. Xa decidira non abandonar a procura do horror oculto, porque na miña atordada ignorancia, parecíame que esa incerteza era peor que o pleno coñecemento, por terríbel que este puidese ser. Daquela decidín no meu foro interno que camiño seguir, a quen escoller para o facer partícipe das miñas confidencias e como descubrir o ser que aniquilara dous homes e proxectara unha sombra de pesadelo. A quen coñecía principalmente en Lefferts Corners era os xornalistas, algúns dos cales aínda seguían recollendo os últimos ecos da traxedia. Decidín escoller como compañeiro un deles, e canto máis o pensaba, máis inclinado me sentía por un tal Arthur Munroe, un home moreno e fraco duns trinta e cinco anos, cuxa formación, gustos, intelixencia e temperamento parecían distinguilo como un tipo que non se suxeitaba ás ideas e experimentos convencionais.

Unha tarde de primeiros de setembro, Arthur Munroe escoitou a miña historia. Desde o principio mostrouse interesado e comprensivo. Cando terminei, analizou e abordou a cuestión con grande agudeza e xuízo. O seu consello, ademais, foi eminentemente práctico, xa que suxeriu que aprazásemos a nosa visita á mansión Martense até obter máis datos históricos e xeográficos. A suxestión súa, saímos na procura de datos sobre a terríbel familia Martense e descubrimos un home que posuía un diario marabillosamente ilustrado e moi vello. Tamén falamos moito con aqueles mestizos da montaña que non fuxiran, no terror e a confusión, a abas máis remotas, e acordamos efectuar, antes da nosa empresa final, un rexistro completo e definitivo dos lugares relacionados coas distintas traxedias das lendas dos colonos.

Os resultados desta exploración non foron ao principio moi alentadores, aínda que unha vez clasificados, pareceron revelar un dato bastante significativo: que o número de horrores rexistrados era bastante máis elevado en zonas relativamente próximas á casa, ou conectaban con ela mediante faixas de espesura tremendamente desenvolvida. É certo que había excepcións. En efecto, o horror que chegara a ouvidos do mundo tivera lugar nun espazo espido, igualmente distante da mansión e de calquera bosque veciño a ela. En canto á natureza e aspecto do horror oculto, nada puidemos sacarles aos asustados e estúpidos moradores das casopas. O mesmo dicían que era unha serpe como que se trataba dun xigante, un demo dos tronos, un morcego, un voitre, ou unha árbore que camiñaba. Pareceunos fundado supor, no entanto, que se trataba dun organismo vivo enormemente sensíbel ás tormentas eléctricas, e aínda que algunhas das historias falaban de ás, concluímos que a súa aversión aos espazos abertos facía máis probábel que estivese dotado de locomoción terrestre. O único

verdadeiramente incompatíbel con esta hipótese era a rapidez á que tal criatura debía desprazarse para cometer todas as accións que se lle atribuían.

Ao tratar máis cos colonos descubrimos que eran moi amábeis en diversos aspectos. Eran simples animais que descendían aos poucos na escala da evolución debido á súa desafortunada ascendencia e ao seu illamento embrutecedor. Tiñan medo dos forasteiros, pero aos poucos fóronse afacendo a nós e ao final axudáronnos moitísimo cando tallamos todos os grupos de árbores e derrubamos todos os tabiques da mansión, na nosa procura do horror oculto. Cando lles pedimos que nos axudasen a buscar a Bennett e a Tobey, mostráronse sinceramente aflixidos, porque aínda que querían axudarnos, estaban convencidos de que ambas as vítimas desaparecieran deste mundo, igual que as xentes que eles perderan. Por suposto, sabiamos perfectamente que morrera ou desaparecera gran número destas persoas, así como que os animais salvaxes foran exterminados había moito tempo, e temíamos que ocorresen novas traxedias. A mediados de outubro atopabámonos perplexos debido á nosa falta de progresos. Como as noites eran tranquilas, non se producían agresións demoníacas de ningunha clase e a total carencia de resultados no rexistro da casa e do campo case nos inclinaba a atribuír ao horror oculto unha natureza non material. Temíamos que chegase o tempo frío e nos interrompese as investigacións, xa que todos coincidían en que, polo xeral, o demo permanecía tranquilo durante o inverno: O caso é que nos dominaba unha especie de desesperada présa na última inspección diúrna da aldea visitada polo horror, agora deshabitada a causa do medo dos colonos.

A desventurada aldea non tiña sequera nome e estaba situada nun val protexido, aínda que sen árbores, entre as elevacións chamadas

respectivamente Cone Mountain e Maple Hill. Atopábase máis preto de Maple Hill que de Cone Mountain, e algunhas das bastas vivendas eran simples covas furadas na aba da primeira das elevacións. Xeograficamente, atopábase a uns tres quilómetros ao noroeste da Montaña das Treboadas, e a cinco da mansión rodeada de carballos. O espazo entre a aldea e a mansión, uns catro quilómetros desde o límite da aldea, era campo raso e consistía nunha chaira case horizontal, quitando algunhas cuíñas de escasa elevación e aspecto sinuoso, e cuxa vexetación constituía case exclusivamente en herba e unhas poucas matogueiras moi dispersas. Tras estudar a topografía desta zona, concluimos finalmente que o demo debiera de chegar por Cone Mountain, cuxa prolongación cara ao sur, cuberta de bosque, chegaba a pouca distancia do contraforte máis occidental da Montaña das Treboadas. Atribuimos de maneira concluínte a elevación do terreo a un corremento de terra desde Maple Hill, en cuxa aba destacaba unha árbore corpulenta e solitaria, esgazada polo raio que fixera xurdir o demo.

Despois de repasar minuciosamente por vixésima vez ou máis cada centímetro do devastado asentamento, experimentamos un desalento unido a novos e vagos temores. Resultaba moi raro, aínda cando o estraño e o espantoso eran cousas correntes, toparnos cun escenario tan completamente carente de pegadas, despois de tan estarrecedores sucesos. O ceo estaba cada vez máis escuro e da cor do chumbo, con ese ardor tráxico e sen rumbo que é consecuencia á vez dun sentimento de futilidade e de necesidade de facer algo. Iamos atentos aos máis pequenos detalles. Entramos novamente en cada unha das casas, inspeccionamos outra vez as covas, rexistramos o pé das abas adxacentes, entre as silveiras, na procura de tobos e covas, pero sen

resultado. Porén, como digo, sentiamos ao noso redor un temor vago e enteiramente novo, como se uns grifóns xigantescos e alados nos observasen desde os abismos transcósmicos. A medida que avanzaba a tarde, facíase máis difícil distinguir os obxectos e ouvimos o rumor dunha tormenta que se estaba a formar sobre a Montaña das Treboadas. Naturalmente este rumor, producido en semellante lugar, animounos, aínda que non tanto como se fose de noite. Con esta esperanza abandonamos a procura sen rumbo e dirixímonos á aldea habitada máis próxima, a fin de reunir un grupo de colonos para que nos axudasen nos nosos rexistros. Aínda que tímidos, algúns dos máis novos sentíronse inspirados dabondo pola nosa protectora dirección como para nos prometer axuda.

Pero non fixeramos máis que dar media volta cando empezou a caer unha chuvia tan intensa e torrencial que non tivemos máis remedio que buscar refuxio. A estraña e case nocturna escuridade do ceo facíanos tropezar constantemente, mais guiados polos frecuentes lóstregos e o noso detallado coñecemento da aldea, chegamos á última cabana do lugar, chea de pingueiras: unha combinación heteroxénea de troncos e táboas, cuxa porta e xanela asomaban cara a Maple Hill. Atrancamos a porta contra a furia do vento e da chuvia, e botamos a basta tranca da xanela que os nosos frecuentes rexistros nos ensinaran onde atopar. Resultaba lúgubre estar sentados alí, sobre uns caixóns escangallados, na máis absoluta escuridade, pero acendemos nosas pipas e alumámonos ás veces coas lanternas de peto que levabamos. De cando en vez viamos os lóstregos a través das fendas da parede. A tarde estaba a tornarse tan escura que cada lóstrego resultaba tremendamente vívido. Esta treboenta vixilia lembroume de forma arrepiante á miña horrenda noite na Montaña das Treboadas. Volveume ao pensamento aquel

estraño interrogante que de forma intermitente me repetía desde aquela, e unha vez máis preguntei por que o demo, ao achegarse aos tres homes que vixiábamos desde a xanela ou desde o exterior, levará os dous homes dos lados deixando o do centro para o final, en que unha xigantesca labarada o fixera fuxir. Por que non collera as súas vítimas nunha orde natural, sendo eu o segundo, calquera que fose a dirección pola que empezase? Con que clase de tentáculos os apresara? Ou sabía que era eu o xefe e decidiu reservarme un destino peor que aos meus compañeiros?

No medio destas reflexións, como para intensificalas dramaticamente, caeu un tremendo raio preto de nós, ao que seguiu un ruído de corremento de terra. Ao mesmo tempo, levantouse un vento furioso cuxo ouveo foi aumentando de forma demoníaca. Supuxemos de seguro que caera fulminada outra árbore de Maple Hill e Munroe levantouse do caixón onde estaba sentado e achegouse á xanela para comprobar a desfeita. Ao quitar a tranca, o vento e a choiva penetraron ouveando de forma enxordecedora, e non puideron ouvir o que dicía, mais agardei mentres el asomaba tratando de esculcar o pandemonio. Aos poucos, a calma, o vento e a dispersión da mesta escuridade fíxonos comprender que se afastaba o balón. Eu esperara que durase até a noite, cousa que nos axudaría na nosa procura, pero un furtivo raio de sol que penetrou por un buraco da madeira, detrás de min, esborrallou as miñas esperanzas. Díxenlle a Munroe que era mellor deixar que entrase unha pouca luz, aínda que caesen máis balóns, así que desatranquei a porta e abrina. O terreo, fóra, era unha estraña extensión de fochancas e pequenos montículos producidos polo recente corremento de terra, pero non vin nada que xustificase o interese que mantiña o meu compañeiro asomado á xanela sen dicir ren. Achegueime a el e toqueino

no ombreiro, pero non se moveu. Logo, ao sacudilo de broma e volvelo cara a min, sentín os tentáculos estranguladores dun horror cuxas raíces alcanzaban pasados infinitos e abismos insondábeis da noite que latexa máis aló do tempo.

Arthur Munroe estaba morto. E no que quedaba da súa mastigada e perforada cabeza non había xa cara.

III. QUE SIGNIFICABA O RESPLANDOR VERMELLO?

Na tormentosa noite do 8 de novembro de 1921, cunha lanterna que proxectaba macabras sombras, cavaba eu, só, como un parvo, na sepultura de Jan Martense. Empezara a cavar pola tarde porque se estaba a formar unha treboada, e agora que escurecer e estoupara a tormenta sobre a espesura, sentíame contento. Creo que a miña mente estaba algo exasperada por mor dos acontecementos do 5 de agosto, a sombra demoníaca da casa, a tensión e desencanto xerais, e o acontecido na aldea durante a treboada de outubro. Despois daquilo tiven que cavar unha sepultura para alguén cuxa morte non acababa de comprender. Sabía que os demais non a entenderían tampouco, de modo que deixei que cresen que Arthur Munroe se extraviara. Buscárono, pero non atoparon ren. Os colonos podían comprendelo, pero non me atrevín a asustalos aínda máis. Sentíame estrañamente insensíbel. A impresión sufrida na mansión afectárame sen dúbida ao cerebro, e non podía pensar máis que na procura do horror que agora alcanzara proporcións xigantescas na miña imaxinación, procura que o destino de Arthur Munroe me facía emprender agora a soas e en segredo.

Só o escenario das miñas escavacións abondaría para facer saltar os nervios dun home corrente. Unhas árbores sinistras e primordiais de

impías proporcións e formas grotescas axexaban por riba de min como alicerces dalgún infernal templo druídico, á vez que amortecían os troncos, facían calar os ouveos do vento e freaban a chuvia. Detrás dos feridos troncos do fondo, iluminados polos febles resplandores dos filtrados lóstregos, alzábanse as pedras húmidas e cubertas de hedra da deshabitada mansión, mentres que algo máis preto estaba o abandonado xardín holandés, cos paseos e bancais invadidos por unha vexetación esbrancuxada, fungosa, fétida, inchada, que xamais vira eu á luz do día. E máis preto aínda tiña o cemiterio, onde unhas árbores deformes abaneaban as súas pólas enfermas, mentres as súas raíces desprazaban as laxas impías e succionaban o veneno do que xacía debaixo. Aquí e alá, baixo unha capa de follas marróns que podrecían e zumegaban nas escuridades do bosque antediluviano, podía distinguir o sinistro perfil deses outeiros pequenos que caracterizaban a rexión cribada polos raios. A historia guiárame a esta arcaica sepultura. Porque era a historia, efectivamente, o único recurso que me quedaba, logo de terminar todo o demais en sarcástico satanismo. Agora estaba convencido de que o horror oculto non era un ser material, senón un espectro con fauces de lobo que cabalgaba sobre os lóstregos da media noite. E cría, polos centos de tradicións locais que Arthur Munroe e eu desenterramos nas nosas exploracións, que era o espectro de Jan Martense, morto en 1762. E por esa razón cavaba eu agora, como un parvo, na súa sepultura.

A mansión Martense fora edificada en 1670 por Gerrit Martense, rico mercador de Nova Ámsterdam a quen desgustaba o cambio da orde baixo o goberno británico, e construíra este magnífico edificio no cumio dunha elevación boscosa cuxo escenario solitario e singular era do seu agrado. A única contrariedade importante con que tropezo nesta paraxe foron as frecuentes treboadas de verán. Cando elixiu este monte

para edificar a súa mansión, *mynheer* Martense atribuíu as numerosas perturbacións naturais ás peculiaridades daquel ano. Porén, co tempo, decatouse de que a rexión era especialmente propensa a tales fenómenos. Finalmente, vendo que estas treboadas lle afectaban á cabeza, acondicionou un soto onde poder protexerse dos máis violentos pandemonios. Dos descendentes de Gerrit Martense sábese menos que del mesmo, xa que todos foron educados no odio á civilización inglesa, e ensinóuselles a non tratar cos colonialistas que a aceptaban. As súas vidas foron enormemente retiradas e a xente afirmaba que este illamento os volveu torpes de palabra e comprensión. Ao parecer, todos estaban marcados por unha estraña e hereditaria disimilitude nos ollos: tiñan un azul e o outro castaño. Os seus contactos sociais fóronse tornado cada vez máis escasos, até que finalmente acabaron casando coa numerosa clase servil que vivía nas súas terras. Moitas das familias multitudinarias dexeneraron, cruzaron o val e foron mesturarse coa poboación mestiza que máis tarde produciría os desgraciados colonos. Os demais seguiron unidos por porfía á mansión ancestral, volvéndose cada vez máis ermitáns e silandeiros, aínda que adquirindo unha sensibilidade especial respecto das frecuentes treboadas.

Case toda esta información chegou ao mundo exterior a través do mozo Jan Martense, que movido por unha especie de inquietude, alistouse no exército colonial, cando chegou á Montaña das Tempestades a noticia da Convención de Albany. El foi o primeiro dos descendentes de Gerrit que viu mundo. Ao regresar en 1760, despois de seis anos de campaña, o seu pai, os seus tíos e os seus irmáns odiárono como a un intruso, malia os seus ollos desiguais de Martense. Xa non podía compartir as rarezas e prexuízos da familia nin o excitaban as treboadas da montaña como antes. En troques, deprimíao a contorna e

escribía a miúdo ao seu amigo de Albany sobre os seus proxectos de abandonar o teito paterno. Na primavera de 1763, Jonathan Gifford, o amigo de Jan Martense que vivía en Albany, sentiuse preocupado polo seu silencio, especialmente pola situación e as pelexas que sabía que se daban na mansión Martense. Disposto a visitar persoalmente a Jan, internouse dacabalo polas montañas. O seu diario constata que chegou á Montaña das Treboadas o 20 de setembro, encontrando a mansión en avanzado estado de decrepitude. Os sombrizos Martense, de estraños ollos, cuxo aspecto impuro e animal causou nel unha fonda impresión, díxéronlle con sotaque torpe e gutural que Jan morrera. Insistiron en que o matara un raio o outono anterior e agora estaba enterrado detrás dos afundidos e abandonados xardíns. Ensinaron o lugar da sepultura ao visitante, unhas cuartas de terra pelada e sen sinais. Houbo algo na actitude dos Martense que espertou en Gifford un sentimento de noxo e receo, e unha semana máis tarde regresou cunha pa e un pico, disposto a abrir a sepultura. Atopou o que temeu: un cranio cruelmente esmagado como por uns golpes salvaxes, de xeito que regresou a Albany e denunciou formalmente os Martense por asasinar un membro da familia.

Non había probas legais, mais a noticia propagouse axiña por toda a rexión e a partir de entón o mundo condenou os Martense ao illamento. Ninguén quixo tratos con eles e evitaron a súa apartada residencia como un lugar maldito. Eles, pola súa banda, apañáronse para vivir de xeito independente do produto das súas terras, posto que as luces que ocasionalmente se vían na casa desde os montes afastados testemuñaban que aínda vivían. Devanditas luces víronse até 1804, mais contra o final fixéronse moi infrecuentes. Namentres, empezou a correr sobre a mansión da montaña toda unha serie de lendas infernais. O

lugar foi dobremente evitado, e dotado de toda clase de historias que a tradición foi capaz de proporcionar. Seguiu sen ser visitada até 1816, en que a prolongada ausencia de luz nela chamou a atención dos colonos. Unha partida de homes efectuou entón un recoñecemento, encontrando a casa deserta e parcialmente en ruínas. Non descubriron ningún esqueleto, así que supuxeron que marcharan. Ao parecer, o clan marchara había varios anos e os improvisados alpendres revelaban o numerosos que eran, antes da súa emigración. O seu nivel cultural descendera moitísimo, como probaba a deterioración do mobiliario e a vaixela de prata espaxada, sen dúbida abandonada moito antes de que os seus propietarios marchasen. Pero aínda que os temidos Martense xa non estaban, a encantada casa continuou causando temor, temor que se intensificou cando novos e estraños rumores viñeron inquietar os decadentes montañeses. Alí seguiu, deserta, temida, e relacionada co espectro vingativo de Jan Martense. E alí seguía aínda, a noite en que cavaba eu na sepultura.

Cualifiquei de idiota o meu prolongado cavar e así era, abofé, polo seu obxecto e o seu método. Non tardei en desenterrar o cadaleito de Jan Martense, que agora xa só contiña po e salitre; pero nas miñas ansias furiosas por exhumar o seu fantasma, seguí cavando teimuda e irracionalmente máis abaixo de onde repousara. Sabe Deus que era o que eu esperaba atopar... Eu só tiña conciencia de que cavaba na sepultura dun home cuxo espectro asexaba pola noite. Éme imposible dicir que monstruosa profundidade alcanzara cando a miña pa e os meus pés a continuación, afundiron o chan que tiña debaixo. Dadas as circunstancias, a impresión foi tremenda; porque a existencia dun espazo subterráneo aquí supuña unha confirmación terrible das miñas tolas teorías. A miña leve caída apagoume o farol, pero saquei unha

lanterna de peto e descubrín un pequeno túnel horizontal que se internaba profundamente en ambas as direccións. Era amplo dabondo como para poderse arrastrar por el un home e aínda que ninguén no seu san xuízo tentaría meterse por alí nese momento, esquecín o perigo, a sensatez e a limpeza, na miña porfía por desenterrar o horror oculto. Escollendo a dirección da casa, introducínme temerariamente a rastro polo estreito tobo, reptando a cegas, con présas, e alumándome de cando en vez coa lanterna que enfocaba diante de min.

Que palabras poderían describir o espectáculo dun home perdido no interior da terra infinitamente abismal, retorcéndose sen alento, avanzando insensatamente por profundas reviravoltas de negrura inmemorial, sen unha noción clara de tempo, seguridade, dirección nin obxectivo? Hai algo espantoso en todo iso, pero iso foi o que fixen. Arrastreime dese xeito durante tanto tempo que a vida chegou a parecerme un recordo remoto, e identifiqueime coas toupas e larvas das tenebrosas profundidades. En efecto, foi unha casualidade que, tras interminábeis contorsións, se acendese a miña esquecida lanterna ao sacudila, iluminando espectralmente o longo tobo de lama endurecida que describía unha curva diante miña. Seguira avanzando deste xeito durante un intre, e estaba a batería da lanterna case esgotada, cando o pasadizo iniciou unha súbita e pronunciada costa arriba que me obrigou a modificar os meus movementos para avanzar. E ao levantar a vista, sen previo aviso, vin brillar de lonxe dous reflexos demoníacos da miña agonizante luz, dous reflexos candentes de funesto e inequívoco resplandor que ergueron na miña memoria recordos neboentos e enlouquecedores. Detívenme de súpeto, aínda que sen vontade para retroceder. Os ollos achegábanse, aínda que só puideron distinguir unha gadoupa do ser ao que pertencían. Pero que gadoupa! Logo, moi arriba,

soou debilmente un estoupido que recoñecín. Era o trono violento da montaña que estalaba con histérica furia... Sen dúbida, levaba un intre reptando cara a arriba, xa que agora tiña a superficie bastante preto. E mentres estoupaban os tronos amortecidos, aqueles ollos seguían mirando fixamente con perversidade.

Grazas a Deus, non souben entón o que era. Do contrario non sobreviviría. Pero salvoume o mesmo trono que o invocara; porque tras unha mortal espera, rebentou no ceo un deses frecuentes estralos da montaña cuxas pegadas observara eu aquí e acolá, en forma de feridas de terra remexida e fulguritas de diversas dimensións. Con furia ciclópea, enterrouse, retorcéndose na terra, por encima daquel pozo noxento, cegándome e enxordecéndome, aínda que non chegou a facerme perder o coñecemento. Seguí rabuñando e avanzando desesperadamente no caos de terra que caía e se deslizaba, até que a chuvia que me mollaba a cabeza me fixo acougar e vin que chegara á superficie dun lugar familiar: unha zona en pendente e sen árbores, na aba sur da montaña. Os constantes lóstregos iluminaban e sacudían o terreo revolto e os restos do curioso montículo que descendía da parte superior e boscosa da aba. Así e todo, non había nada en todo aquel caos que indicase por onde saíra eu da fatal catacumba. O meu cerebro era un caos tan grande como a terra e cando un vermello resplandor, de lonxe, iluminou a paisaxe polo sur, apenas tiven conciencia do horror que acababa de aturar. Pero, cando dous días despois os colonos me contaron que significaba aquel resplandor vermello, o meu horror foi máis grande que o que me produciu a gadoupa e os ollos do enlamado tobo. Nunha aldea a trinta e cinco quilómetros de distancia tivera lugar unha orxía de terror a continuación do raio que me permitira a min saír da terra, e un ser indescribíbel precipitárase desde unha árbore a unha

choza de tellado fráxil. Cometera unha atrocidade, pero os colonos prenderan lume á choza freneticamente, antes de que aquel ser puidese escapar. Cometera o estrago no mesmo instante en que a terra se esborrallou sobre a entidade da gadoupa e os ollos.

IV. O HORROR NOS OLLOS.

Nada pode haber normal na mente do que, sabendo o que eu sabía sobre os horrores da Montaña das Treboadas, vai a soas na procura do terror que se ocultaba en devandito lugar. Era moi feble garantía de seguridade física e mental, neste Aqueronte de endiañamento multiforme, o feito de que polo menos dúas destas encarnacións do terror percesen. Así e todo, proseguín a miña procura con celo cada vez maior, a medida que os sucesos e as revelacións se facían máis monstruosas. Cando, dous días despois da miña espantosa exploración da cripta dos ollos e a gadoupa, me decatei de que un ser maligno sobrevoara a aldea, a trinta e cinco quilómetros de distancia, no mesmo instante en que os ollos se fixaban en min, experimentei unha auténtica convulsión de terror. Pero este terror estaba tan mesturado cunha sensación grotesca e fascinada, que case me resultou pracenteiro. Ás veces, nas angustias deses pesadelos nas que forzas invisíbeis o levan a un, por encima dos tellados de estrañas cidades mortas, cara ao abismo burlesco de Nis, é un alivio, mesmo un pracer, berrar salvaxemente e botarse voluntariamente no medio do espantoso vórtice de onírica condenación, ao primeiro abismo sen fondo que encontra. E iso é o que ocorreu, co pesadelo ambulante da Montaña das Treboadas. O descubrimento de que os monstros estiveran ocultos en devandito lugar produciume finalmente unhas ansias tolas de mergullarme na terra desa rexión maldita, cavar coas

mans espidas e sacar a morte que axexaba en cada centímetro do chan pezoño.

En canto puiden, fun á tumba de Jan Martense e cavei en balde onde cavara antes. Un desprendemento de terra borraría sen dúbida toda pegada do pasadizo subterráneo e a chuvia cegara de tal xeito a escavación que non me foi posíbel pescudar até onde profundara o día anterior. Emprendín tamén unha penosa camiñada á aldea onde ardera a devastadora criatura, aínda que atopei pouca compensación ao meu esforzo. Nas cinzas da desgraciada choza descubrí varios ósos, pero evidentemente, ningún pertencía ao monstro. Os colonos dixeron que só houbera unha vítima, mais isto pareceume unha imprecisión, xa que ademais dun cranio humano completo, atopei un fragmento óseo que parecía ser doutro cranio nalgún tempo humano. E aínda que viran a rápida caída do monstro, ninguén foi capaz de describirme o aspecto da criatura. Os que presenciaron o suceso dicían simplemente que era un demo. Examinei a grande árbore onde se pousara, pero non vin pegadas de ningunha clase. Tratei de buscar algún rastro na espesura do bosque, pero nesta ocasión non puiden aturar a visión daqueles troncos morbosamente grandes, nin daquelas raíces que, como serpes xigantescas, se retorcían porfiadas antes de afundirse na terra.

O meu seguinte paso foi estudar de novo con coidado microscópico a aldea deshabitada que con máis frecuencia visitara a morte, e onde Arthur Munroe vira algo que non puido contar. Aínda que as miñas estériles inspeccións anteriores foran extraordinariamente meticulosas, agora tiña novos datos que comprobar; pois a macabra escavación da fosa convencérame de que cando menos nunha das súas fases, a monstruosidade fora unha criatura do subsolo. Esta vez, o 14 de novembro, concentrei a miña procura especialmente nas abas de Cone

Mountain e Maple Hill, que dominaban a desventurada aldea, prestando especial atención á terra desprendida do corremento que presentaba esta última elevación. Durante o rexistro da tarde non saquei nada en claro e empezaba a escurecer cando me atopaba no alto de Maple Hill contemplando a aldea, e a Montaña das Treboadas, alén do val. Houbera unha espléndida posta de sol e agora saía a lúa, case chea, derramando o seu resplandor prateado sobre a chaira, a aba distante da montaña e os estraños outeiros que se levantaban aquí e alá. Era unha paisaxe pacífica e antiga, pero consciente do que se ocultaba nela, odieina. Odiei a lúa burlona, a chaira hipócrita, a montaña zumegante e aquelas cuíñas sinistras. Todo me parecía corrompido por un contaxio abominábel e inspirado por unha alianza nociva con poderes ocultos e anormais.

Logo, mentres dexergaba abstraído o panorama bañado pola lúa, chamáronme a atención a singular disposición de determinados elementos topográficos de natureza. Aínda que carecía de coñecementos sólidos de xeoloxía, sentírame interesado desde o comezo polas cuíñas e os estraños montículos da rexión. Observara que estaban esparexidos por unha zona bastante extensa arredor da Montaña das Treboadas, aínda que eran menos abundantes na chaira que no cumio de devandita elevación, onde as prehistóricas glaciacións atoparon sen dúbida menos resistencias aos seus sorprendentes e fantásticos caprichos. Agora, á luz daquela lúa baixa que proxectaba alongadas sombras espectrais, decateime con gran sorpresa de que os diversos puntos e liñas do conxunto de montículos gardaban unha estraña relación co cumio da Montaña das Treboadas. Este cumio era sen dúbida o centro do que partían de maneira indefinida e irregular as liñas ou filas de puntos, como se a impía mansión Martense estendese

uns tentáculos visíbeis de terror. A idea de semellantes tentáculos producíume un arreguizo inexplicábel e deixei de analizar os meus motivos para crer que estes montículos fosen fenómenos glaciares. Canto máis o pensaba, menos cría que fosen tal cousa e ante a miña mente recentemente iluminada comezaron a xurdir grotescas e horríbeis analoxías baseadas en aspectos superficiais e na miña experiencia baixo terra. Antes de que me decatase, empezara a balbucir palabras frenéticas e incoherentes, falando comigo mesmo: «Meu Deus!... Son toupeiras... Ese condenado lugar debe de ser unha colmea... Cantos... Aquela noite na mansión... Colleron a Bennett e a Tobey primeiro... Desde cada lado de onde estabamos...» Logo empecei a cavar freneticamente no montículo que tiña máis preto; cavei con desesperación, tremendo, pero case feliz. Cavei e por último proferín un berro con insensata emoción, ao descubrir un túnel ou tobo exactamente igual ao que explorara aquela noite demoníaca.

Despois, recordo que botei a correr coa pa na man. Foi unha carreira horríbel polo campo cheo de montículos iluminados pola lúa e os escarpados precipicios cubertos de árbores das abas. Saltaba, gritaba e arquexaba, correndo cara á terríbel mansión Martense. Recordo que cavei insensatamente por todo o soto invadido de silveiras; cavei tratando de descubrir o núcleo e o centro do maligno universo de montículos. E recordo tamén como rin ao dar co pasadizo: o buraco que había na base da vella cheminea, onde medraba a mesta maleza e guindaba estrañas sombras á luz da única candeia que casualmente levaba comigo. Non sabía aínda que se ocultaba naquela colmea infernal, en espera de que un trono o espertase. Morreran xa dúas entidades. Talvez non quedaban máis. Pero aínda sentía en min a ardente determinación de chegar até o máis recóndito segredo do terror,

que de novo me parecía definido, material e orgánico. A miña indecisión entre inspeccionar o pasadizo decontado, só, coa miña lanterna de peto, ou tratar de reunir un grupo de colonos para efectuar o rexistro, foi interrompida un intre despois por un súbito refacho de vento que me apagou a candeia e me deixou completamente ás escuras. A lúa deixara de escoar o seu resplandor a través das fendas e aberturas que tiña sobre min, e cunha sensación de alarma presaxiosa ouvín que se aproximaba o rumor sinistro e significativo dunha treboada. Unha confusa asociación de ideas apoderouse do meu cerebro, impulsándome a recuar ás apalpadelas cara á esquina máis afastada do soto. Os meus ollos, así e todo, non se apartaron un só intre do horrendo oco aberto na base da cheminea e empecei a distinguir vagamente os tixelos e a maleza, a medida que os afastados lóstregos lograban traspasar a espesura exterior e filtrarse polas gretas do alto das paredes. Cada segundo sentía que me consumía unha mestura de medo e de curiosidade. Que faría xurdir a tormenta? Ou quizais non quedaba nada xa que puidese xurdir? Guiado polo resplandor dun lóstrego, agocheime tras unha espesa matogueira desde a que podía ver a abertura sen que reparasen na miña presenza.

Se o ceo é misericordioso, algún día borrará da miña memoria a escena que presenciei e deixárame vivir os meus últimos anos en paz. Agora xa non podo durmir pola noite e teño que tomar narcóticos cando trona. Aquilo saíu de súpeto, sen aviso previo. Xurdiu un demo, arrastrándose como unha rata dos abismos profundos e inimaxinábeis, un arquezo infernal e un gruñido afogado. Logo, do buraco da cheminea irrompeu unha vida multitudinaria e leprosa, un fluxo nauseabundo, enxendo nocturno de orgánica corrupción, máis devastadoramente horrenda que os máis negros esconxuros da tolemia e a morbosidade mortal. Bulía, fervía, elevábase, gurgullaba como unha

baba de serpes, contorsionábase ao emerxer da fenda, estendéndose como un contaxio séptico, manando do soto cara a todas as saídas... Rebordando polo bosque maldito e tenebroso para derramar nel o pavor, a tolemia e a morte. Só Deus sabe cantos eran... Miles quizais. Resultaba espantoso velos abrollar nesas cantidades á luz intermitente dos lóstregos. Cando empezaron a diminuír o suficiente como para podelos distinguir como organismos separados, vin que eran como demos ou simios deformes, ananos e peludos; caricaturas monstruosas e diabólicas da tribo dos monos. Eran espantosamente mudos e apenas se ouviu un chíó cando un dos atrasados se volveu coa habilidade dunha longa práctica e saciou a súa fame nun compañeiro máis feble. Os demais abalanzáronse sobre os restos e devoráronos con ansia. Acto seguido, a pesar do meu atordamento, efecto da miña repugnancia e o meu pavor, triunfou a miña morbosa curiosidade, e cando a última das monstruosidades xurdiu daquel mundo inferior de descoñecido pesadelo, saquei a miña pistola automática e disparei, camuflando o estoupido cos tronos.

Estridentes, esvaradías sombras torrenciais de viscosa tolemia perseguíndose polos interminábeis e sanguentos corredores de ceo púrpura e fulgurante... Fantasmas informes e mutacións calidoscópicas dun escenario macabro e lembrado; bosques de carballos monstruosos e inchados cuxas raíces se retorcen como cobras e succionan o mollo abominábel dunha terra afervoadada de demos caníbales. Tentáculos que emerxen ás apalpadelas de subterráneos núcleos, dotados de poliposa perversión... Insáns lóstregos por encima de muros infernais cubertos por unha hedra maligna e arcadas demoníacas afogadas por unha vexetación fungosa... Bendito sexa o ceo por concederme o instinto que me guiou inconsciente a lugares onde habitan os seres humanos: a aldea

pacífica que durmía baixo as plácidas estrelas de claros ceos. Ao cabo dunha semana recuperárame dabondo como para pedir de Albany unha partida de homes para que dinamitasen a mansión Martense e todo o cumio da Montaña das Treboadas, para que cegasen todos os tobos e tallasen determinadas árbores inchadas cuxa soa existencia representaba un insulto á cordura. Despois de todo este traballo, conseguín durmir un pouco, aínda que xamais me chegará o verdadeiro descanso mentres lembre o abominábel segredo do horror oculto. Seguirame obsesionando, porque, quen sabe se foi completa a exterminación, e se non existirán fenómenos análogos no resto do mundo? Quen, sabendo o que eu sei, pode pensar nas cavernas descoñecidas da terra sen sufrir espantosos pesadelos ante as futuras posibilidades? Non podo asomarme a un pozo nin a unha entrada de metro sen arreguizarme... Por que non me dá o doutor algo que me faga durmir, ou me acougue de verdade o cerebro cando trona?

O que vin ao resplandor dos lóstregos, logo de disparar ao ser indescribible, foi tan simple que case transcorreu un minuto antes de decatarme e caer nun estado de delirio. Era un ser nauseabundo, un gorila esbrancuxado e inmundo, de cairos afiados e amarelos e pelo enguedellado, o último produto da dexeneración mamífera, o resultado espantoso do illamento, a multiplicación e a alimentación caníbal na superficie e no subsolo, a encarnación de todo o que gruñe, de todo o caótico que asexo medorento detrás da vida. Mirárame ao morrer e vin nos seus ollos a mesma estraña calidade daqueloutros ollos que me miraron no subsolo, espertando no meu interior brumosos recordos. Un dos ollos era azul e o outro castaño. Eran os ollos disimilares que a vella lenda atribuíra aos Martense. E nun abafante cataclismo de horror

inefábel, comprendín que fora da desaparecida familia, a terríbel casa dos Martense, enlouquecida polas treboadas.



AS RATAS NAS PAREDES

[*The Rats in the Walls* escribiuse entre agosto e setembro de 1923 e publicouse por primeira vez no número de marzo de 1924 da revista *Weird Tales*.]

O 16 de xullo de 1923 mudeime a Exham Priory, despois de que o último obreiro acabase a súa tarefa. Os traballos de restauración constituían un imponente desafío, pois da abandonada construción apenas quedaba unha morea de ruínas, pero por tratarse do fogar dos meus antepasados non escatimei en gastos. Ninguén habitaba a propiedade desde o reinado de Xacobe I, en que unha traxedia de características terriblemente dramáticas, aínda que en gran medida incomprensíbeis, planeou sobre o cabeza da familia, cinco dos seus fillos e varios criados, e obrigou a marchar de alí, no medio de sombras de sospeita e terror, o terceiro fillo, o meu antepasado por liña paterna e único sobrevivente do infortunado lance.

Co único herdeiro denunciado por asasinato, a propiedade volveu a mans da coroa, sen que o acusado fixese o menor intento por escusarse ou recuperar a herdade. Trastornado por un horror maior que o da

conciencia ou a lei, e expresando só o rabioso desexo de borrar aquela antiga mansión da súa vista e memoria, Walter de la Poer, undécimo barón de Exhain, marchou a Virginia, onde se estableceu e fundou a familia que, no século seguinte, era coñecida polo nome de Delapore.

Exham Priory quedou abandonado, aínda que co tempo pasou a formar parte das propiedades da familia Norrys e foi obxecto de numerosos estudos como consecuencia da súa singular arquitectura, consistente nunhas torres góticas levantadas sobre unha infraestrutura saxoa ou románica, cuxos alicerces á súa vez eran dun estilo ou mestura de estilos de época anterior: romano e até druídico ou o címrico orixinario, se é certo o que contan as lendas. Os alicerces eran de aspecto moi singular, pois se confundían por un dos seus lados coa sólida calcaria do precipicio desde cuxo bordo o priorado dominaba un abatido val que se estendía cinco quilómetros ao oeste da aldea de Anchester.

Aos arquitectos e anticuarios encantáballes estudar esta estraña reliquia de épocas remotas, pero os naturais do lugar aborrecíana con todas as súas forzas. Odiábana desde había séculos, cando aínda vivían alí os meus antepasados, e seguían detestando agora que, debido ao seu estado de abandono, estaba cuberta unha capa de brión e turba. Non levaba sequera un día en Anchester cando me decatei de que descendía dunha familia maldita. Pero xa esta semana os obreiros voaron polo aire o que quedaba de Exham Priory e están atarefados en borrar as pegadas dos seus alicerces. De sempre coñecín a historia da miña liñaxe familiar e sei perfectamente que o meu primeiro antepasado americano se trasladou ás colonias envolvido nas sombras de estrañas sospeitas. Dos detalles, así e todo, xamais souben nada debido á reticencia mantida por xeracións entre os Delapore. Ao contrario que os colonos da nosa

veciñanza, de cando en cando nos xactamos de antepasados que batallaron nas cruzadas ou de contar na nosa liñaxe con heroes medievais ou renacentistas, nin se nos transmitiron outras tradicións que as que puidesen encerrarse no sobre lacrado que todo propietario latifundista deixou ao seu primoxénito antes de estoupar a Guerra Civil para a súa apertura póstuma. As únicas glorias das que nos xactabamos na familia foran as alcanzadas tras a emigración, as glorias dunha orgullosa e honorábel, aínda que un tanto retraída e antisocial liñaxe de Virginia.

No curso da guerra toda a nosa fortuna perdeuse e a nosa existencia enteira viuse alterada polo incendio de Carfax, residencia da familia a beiras do río James. O meu avó, de idade xa avanzada, pereceu entre as chamas do voraz incendio, e con el queimouse o sobre que nos ligaba ao pasado. Aínda hoxe podoo lembrar aquel incendio que presenciei cos meus propios ollos á idade de sete anos, mentres os soldados federais ouleaban, as mulleres berraban e os negros rezaban. O meu pai alistouse no exército e participaba na defensa de Richmond. Tras múltiples formalidades, a miña nai e mais eu logramos atravesar as liñas inimigas para unirnos a el.

Cando terminou a guerra, trasladámonos ao norte, de onde proviña a miña nai, e alí medrei, fíxenme un home e, en última instancia, acumulei riquezas como corresponde a todo ianqui emprendedor. Nin o meu pai nin eu soubemos xamais que contiña o sobre testamentario destinado a nós. Ademais, unha vez mergullado no monótono curso da vida mercantil de Massachusetts, perdín todo interese por desvelar os misterios que, sen dúbida, se agochaban no remoto pasado da miña árbore xenealóxica. Con que alegría deixaría Exham Priory á sorte dos

seus morcegos, arañeiras e turba se minimamente intuise o que agochaba tras os seus muros!

O meu pai morreu en 1904, pero sen ningunha mensaxe que deixar para min nin para o meu único fillo, Alfred, un raparigo de dez anos orfo de nai. Foi precisamente Alfred quen alterou a orde en que viña transmitíndolle a información familiar, pois, aínda que só puideron facerlle conxecturas en ton burlón sobre o pasado familiar, escribíume contándome algunhas lendas ancestrais do maior interese cando, con ocasión da pasada guerra, foi enviado a Inglaterra en 1917 en calidade de oficial de aviación. Polo visto, sobre os Delapore circulaba unha historia curiosa e un tanto sinistra. Un amigo do meu fillo, o capitán Edward Norrys, da Royal Flying Corps, residía nas proximidades do noso eido familiar en Anchester e contaba unhas supersticións campesiñas que poucos novelistas poderían chegar a igualar polo incríbeis e demenciais que eran. Norrys, por suposto, non as tomaba en serio, pero ao meu fillo divertían e servíronlle de tema para encher moitas das cartas que me escribiu. Foron estas lendas as que finalmente atraeron a miña atención cara á miña herdade transatlántica e decidíronme a mercar e restaurar o solar familiar que Norrys mostrou a Alfred en todo o seu estraño abandono, ao mesmo tempo que se ofrecía a conseguírllo por unha suma ben razoábel, dado que o actual propietario era tío seu.

Comprei Exham Priory en 1918, pero case ao momento esquecín os plans de restauración que estivera pensando ante o regreso do meu fillo, inválido das pernas. Durante os dous anos que aínda viviu dediqueime de maneira total ao seu coidado, deixando incluso a dirección do negocio en mans dos meus socios.

En 1921, sumido na maior desolación e sen saber que facer, apartado de toda actividade laboral e notando xa que a vellez me viña encima,

resolvín distraer o resto dos meus anos ocupado na nova posesión. Cheguei a Anchester un día de decembro, hospedándome en casa do capitán Norrys, un mozo algo gordo e afábel que estimaba moito o meu fillo, e que me ofreceu a súa colaboración na tarefa de acumular planos e anécdotas nos que inspirarse para emprender as obras de restauración. Non sentía a menor emoción en presenza de Exham Priory, un revoltallo de abandonadas ruínas medievais cubertas de liques e cribadas de niños de corvos, que bambeaban ameazadoramente ao bordo dun enorme precipicio e sen o menor rastro de chans ou calquera outro resto de interiores, agás os muros de pedra das torres separadas.

Logo de formarme aos poucos unha idea de como debera de ser o edificio cando o abandonaron os meus antepasados tres séculos atrás, púxenme a contratar obreiros para iniciar as tarefas de reconstrución. En todos os casos vinme obrigado a buscalos fóra da localidade máis próxima, pois os naturais de Anchester profesaban un medo e unha aversión decididamente increíbeis cara a aquel lugar. A magnitude do sentimento era tal que ás veces chegaba a contaxiar os traballadores que viñan doutros lugares, sendo esta a causa de numerosas desercións. Polo demais, o seu alcance estendíase tanto ao priorado como á antiga familia propietaria do mesmo.

Xa me adiantara o meu fillo que durante as súas visitas á aldea a xente mostrárase un tanto remisa con el por ser un de la Poer e agora, por idéntica razón, eu sentíame tamén sutilmente rexeitado até que logrei convencelos de que apenas sabía nada dos meus antepasados. E aínda así os veciños do lugar mostrábanse escuros comigo, por canto me vin obrigado a recorrer a Norrys para recompilar a maioría das tradicións populares que aínda seguían circulando sobre o lugar. O que aquelas xentes non podían perdoar era, cando menos iso cría entender

eu, que viñera restaurar un símbolo que aborrecían con todas as súas forzas, pois, racionalmente ou non, para eles Exham Priory non era outra cousa que un niño de harpías e lobishomes.

Reunindo todas as historias que Norrrys recolleu para min e completándoas co que dixeran varios estudosos que no seu día examinaron as ruínas, deducín que Exham Priory se levantaba sobre o lugar ocupado noutro tempo por un templo prehistórico: unha construción druídica, ou mesmo anterior a devandito período, que debeu de ser contemporánea de Stonehenge. Case ninguén dubidaba de que alí se celebraran ritos abominábeis e circulaban toda clase de historias arrepiantes sobre o paso de tales ritos ao culto de Cibeles, posteriormente introducido polos romanos.

No soto podían aínda lerse inscricións con letras tan inconfundíbeis como «DIV... OPS... MAGNA. MAT...», signo da Magna Mater cuxo tenebroso culto foi en balde prohibido aos cidadáns romanos. Anchester fora campamento da terceira lexión Augusta, tal como testemuñaban numerosos restos e, segundo todos os indicios, o templo de Cibeles debeu de ser unha imponente construción ateigada de fieis que concelebraban multitude de cerimoniais presididas por un sacerdote frixio. As historias engadían que a caída da antiga relixión non puxera fin ás orxías que tiñan lugar no templo, senón que, moi ao contrario, os sacerdotes convertéranse á nova fe sen cambiar no fundamental as súas crenzas. Así mesmo, dicíase que os ritos non desapareceran coa chegada dos romanos e que algúns saxóns se sumaran ao que quedaba do templo, dándolle o perfil característico que habería de distinguilo co tempo á vez que facían del o centro de irradiación dun culto temido na metade do territorio ao que se estendía a heptarquía. Contra o ano mil da nosa era, o lugar aparece mencionado

nunha crónica como un priorado, esencialmente construído a base de pedra, en que se albergaba unha poderosa e estraña orde monástica, rodeado de grandes xardíns que non precisaban de murallas para manter afastado o atemorizado populacho. Xamais chegaron a destruílo os daneses, aínda que a súa sorte debeu de declinar radicalmente tras a conquista normanda, pois non houbo o menor impedimento para que Henrique III concedese a súa propiedade ao meu antepasado Gilbert de la Poer, primeiro barón de Exham, en 1261.

Da miña familia non se conservan testemuños negativos anteriores a esa data, pero algo raro debeu de acontecer na altura. Xa nunha crónica de 1307 hai unha referencia a un De la Poer ao que se cualifica de «renegado de Deus», mentres que nas lendas populares apréciase un medo tremendo a dicir nada do castelo que se erixiu sobre os alicerces do antigo templo e priorado. Os contos de vellas que corrían sobre o lugar eran ben terribes, máis terroríficos se cabe pola tenebrosa reticencia e as escuras evasivas das que facían gala. Neles representábase os meus antepasados como unha liñaxe de demos xunto aos que personaxes da talla dun Gilles de Retz ou un Marqués de Sade non pasaban de simples aprendices, e deixábase intuír a súa responsabilidade das ocasionais desaparicións de aldeáns no transcurso de varias xeracións.

Os peores de toda a parentela, segundo o que di a tradición, foron os baróns e os seus herdeiros directos. Cando menos, a maioría das historias que circulaban referíanse a eles. Se un herdeiro mostraba inclinacións máis saudábeis, dicíase nelas, falecía con toda seguridade en pouca idade e misteriosamente para deixar paso a outro descendente máis en consonancia co apelido. Os De la Poer parecían profesar un culto propio, presidido polo cabeza de familia e ás veces restrinxido a

uns poucos membros da mesma. O temperamento máis que a liñaxe era o fundamento do devandito culto, pois nel participaban tamén os que ingresaban na familia por razón de matrimonio. Lady Margaret Trevor de Cornualles, muller de Godfrey, o fillo segundo do quinto barón, acabou por converterse nun dos fantasmas preferidos dos nenos de todo o país e en diabólica heroína dun arrepiante e antigo romance que aínda se ouve nas proximidades da fronteira galesa. Conservada tamén nos romances, aínda que non tan ilustrativa respecto diso, merece citarse a horrible historia de Lady Mary de la Poer, que ao pouco de casar co barón de Shrewsfield morreu asasinada a mans deste e da súa nai, sendo posteriormente absoltos e bendicidos ambos os criminais polo sacerdote ao que confesaron aquilo que non se atreverían a dicir en público.

Estes mitos e romances, característicos da máis descarnada superstición, arrepiábanme en extremo. A súa persistencia e a súa asociación a tan longa descendencia dos meus antepasados, resultaban especialmente irritantes, en tanto que as acusacións de hábitos monstruosos lembraban, de maneira ben desagradábel, ao único escándalo coñecido dos meus inmediatos antepasados: refírome ao caso do meu curmán, o mozo Randolph Delapore de Carfax, que marchou vivir cunha tribo e se fixo oficiante do rito vudú ao seu regreso da guerra de México.

Bastante menos me inquietaban as historias que corrían sobre queixumes e ouveos no val abatido e varrido polo vento que se abría ao pé do precipicio de rocha calcaria. Así como outras sobre os fétidos fedores que emanaban das tumbas tras das chuvias da primavera, sobre o zoupón e ouveador obxecto Manco que o cabalo de sir John Crave pisou unha noite no medio dun solitario campo, ou sobre o criado que se volveu tolo por mor de algo indefiníbel que viu no priorado a plena

luz do día. Todo iso non eran senón retrincos de historias fantásticas que arraigaran no vulgo, e naquel tempo eu era un escéptico. Os relatos sobre aldeáns desaparecidos non debían refugarse do todo, aínda cando non eran especialmente significativos á vista das prácticas medievais. A voraz curiosidade significaba a morte e máis dunha cabeza cernada mostrouse en público nos bastións dos que, afortunadamente, xa non quedaba pegada, que se levantaban nos arredores de Exham Priory.

Algunhas das historias que corrían eran sumamente pintorescas, até o punto de facerme sentir non estudar máis mitoloxía comparada na miña mocidade. Así, por exemplo, aínda subsistía a crenza de que unha lexión de diaños con ás de vampiro se reunía todas as noites no priorado para celebrar os seus rituais aquelarres, lexión cuxo mantemento alimenticio podía achar explicación na desproporcionada abundancia de verduras ordinarias cultivadas naqueles enormes hortos. A máis gráfica de todas as historias que circulaban sobre o lugar era unha que relatava a dramática epopea das ratas, un exército insaciábel de obscenas alimarias que xurdira do interior do castelo tres meses despois da traxedia que o condenou ao máis absoluto abandono, unha , nauseabunda e esfameada horda que varrera todo ao seu paso, devorando aves, gatos, cans, porcos, ovellas e mesmo dous desventurados seres humanos antes de ver saciado o seu furor. Arredor de tan inesquecível praga de roedores vira todo un ciclo independente de mitos, pois as alimarias dispersáronse por entre as casas da aldea levantando toda clase de imprecacións e horrores ao seu paso.

Tales eran as historias que revoaban sobre min cando me dispuxen a acometer, coa teimosía propia dun ancián, as obras de restauración do meu eido ancestral. Non debe creerse, nin sequera por un momento, que tales historias constituían o esencial da contorna psicolóxica en que me

desenvolvía. Doutra banda, contaba co apoio decidido e constante do capitán Norrrys e dos arqueólogos que me rodeaban e asistían na miña tarefa. Unha vez terminada a obra, algo máis de dous anos despois de iniciada, puiden contemplar aquel conxunto de amplas estancias, muros revestidos, teitos abovedados, xanelas con parteluces e escaleiras largas, cun orgullo que compensaba con fartura os cuantiosos gastos que supuxera a restauración.

Non había detalle medieval que non estivese destramente reproducido, e as partes novas harmonizaban á perfección cos muros e alicerces orixinais. O solar dos meus antepasados estaba de novo en pé e agora só me quedaba redimir a sona local da liña familiar que terminaba en min. Quedaría a vivir alí permanentemente e demostraría a todos que un De la Poer (pois adoptara de novo a grafía orixinal do apelido) non tiña por que ser un ser diabólico. A miña comodidade viuse en parte aumentada polo feito de que, aínda que Exham Priory estaba construída segundo os canons medievais, o seu interior era absolutamente novo e achábase libre de vetustos fantasmas e nocivas alimarias.

Como xa dixen, mudeime a Exham Priory o 16 de xullo de 1923. Facíanme compañía na miña nova residencia sete criados e nove gatos, animal este polo que sinto unha especial atracción. O meu gato máis vello, «Negriño», tiña sete anos e veu comigo desde Bolton, en Massachusetts. O resto fóraos reunindo mentres vivía coa familia do capitán Norrrys, no curso das obras de restauración do priorado.

Durante cinco días a nosa rutina proseguiu no medio da máis absoluta calma, empregando a maior parte do tempo na clasificación de antigos documentos relativos á familia. Dispuña xa dun feixe de descrições moi detalladas da traxedia final e da fuxida de Walter de la

Poer, que supuxen sería o que encerraba o cartapacio hereditario perdido no incendio de Carfax. Polo visto acusaron o meu antepasado con sobrada razón de matar o resto dos moradores da casa, agás catro criados cómplices seus, mentres durmían, unhas dúas semanas despois dun sorprendente descubrimento que habería de alterar toda a súa maneira de ser, pero que non debeu de desvelar máis que aos criados que colaboraron con el no asasinato e, seguidamente, fuxiron lonxe do alcance da xustiza.

Esta masacre premeditada, en total un pai, tres irmáns e dúas irmás, foi en gran medida condonada polos aldeáns e con tal negligencia ditaminada pola xustiza que o seu instigador puido fuxir con todas as honras, sen sufrir o menor dano nin ter que disfrazarse, a Virginia. O sentir xeral que circulaba pola aldea era que librara aquelas terras da maldición inmemorial que sobre elas pesaba. Nin sequera podo conxecturar cal foi o descubrimento que levou o meu antepasado a cometer acción tan terríbel. Walter de la Poer debía de coñecer desde había tempo as sinistras historias que se contaban sobre a súa familia, polo que non creo que o motivo que desatara todo proviñese de devandita fonte. Presenciaría seica algún antigo e horrible rito ou se daría de bruzos con algún tenebroso símbolo revelador no priorado ou nos seus arredores? En Inglaterra tíñaselle por un mozo tímido e de bos modais. En Virginia, parecía máis un ser de carácter atormentado e medorento que un tipo duro ou amargado. Del dicíase no diario doutro aventureiro de rancio avoengo, Francis Harley de Bellview, que era un home sen par no tocante ao sentido da xustiza, a honra e a discreción.

O 22 de xullo tivo lugar o primeiro incidente, o cal, aínda que apenas se lle prestou atención naquel momento, adquire un significado premonitorio en relación cos seguintes acontecementos. Foi tan pouca

cousa que case non se lle deu importancia e apenas puido advertirse nas circunstancias reinantes, pois debe lembrarse que ao ser o edificio practicamente novo na súa totalidade, agás os muros, e acharse atendido por unha boa tropa de serventes, todo medo sería absurdo, malia as historias que corrían sobre o lugar.

A pouco máis ca isto se reduce o que puiden lembrar a posteriori: o meu vello gato negro, cuxo humor tan ben coñezo, estaba indubidabelmente alerta e inquieto nunha medida que non concordaba en nada co seu habitual modo de ser. Ía cun cuarto a outro, como desacougado e preocupado por algo, e ventaba constantemente os muros que formaban parte da estrutura gótica. Comprendo perfectamente o trillado que soa todo isto, algo así como o inevitábel can do conto de fantasmas, que non deixa de gruñir até que o seu amo ve finalmente a figura envolta en sabas, pero neste caso concreto creo que ten a súa importancia.

Ao día seguinte, un criado veu darme conta da inquietude reinante entre os gatos da casa. Eu atopábame no meu estudio, unha estancia de teito alto e orientada ao oeste que había no segundo andar, con arcos oxivais, artesoado de carballo escuro e unha tripla xanela gótica que daba ao precipicio de rocha calcaria e desde a que se dexergaba o inhóspito val. Mentres me falaba o criado puiden ver como a forma de acibeche de Negriño se arrastraba ao longo do muro oeste e rabuñaba o novo artesoado que cubría a antiga pedra.

Díxenlle ao criado que debía tratarse dalgún estraño cheiro ou emanación procedente da antiga cantaría, e que, aínda que era imperceptíbel ao olfacto humano, debía de afectar aos sensíbeis órganos dos felinos a pesar do artesoado que o recubría. Así o crin sinceramente e cando aquel home aludiu á posíbel presenza de roedores, díxenlle que

naquel lugar non houbera ratas durante trescentos anos, e que dificilmente poderían atoparse os ratos da campiña que o circundaba en tan altos muros, pois nunca os vira roldando por alí. Aquela mesma tarde chamei o capitán Norrys, quen me asegurou que lle parecía bastante incríbel que os ratos do campo entrasen de súpeto no priorado pois, que el soubese, non había precedentes de nada semellante.

Aquela noite, prescindindo como de costume da axuda do mordomo, retireime á cámara da torre orientada ao occidente que me reservara, á que se chegaba desde o estudio tras subir por unha escalinata de pedra e atravesar unha pequena galería, a primeira antiga en parte, a segunda restaurada por completo. A estancia era circular, de teito moi alto e sen revestimento ningún, aínda que da parede colgaban uns tapices que comprara en Londres.

Tras comprobar que Negriño estaba comigo, fechei a pesada porta gótica e recollinme á luz daquelas lámpadas eléctricas que tanto se parecían a buxías. Logo dun intre apaguei a luz e deixei afundir na cama coroada por catro baldaquíns, co venerábel micho no seu habitual lugar aos meus pés. Non botei as cortinas, quedando a miña mirada fixa na estreita xanela que daba ao norte e tiña xusto fronte a min. Un bosquexo de aurora debuxábase no ceo destacando a sempre grata silueta das primorosas trazariás da xanela.

Nun momento dado debín de quedar apracibelmente durmido, pois lembro ás claras unha sensación de espertar de estraños soños, cando o gato deu un brusco chouto abandonando a serena posición en que se atopaba. Puiden velo grazas ao tenue resplandor da aurora. Tiña a cabeza botada para diante, as patas dianteiras cravadas nos meus nocellos e as traseiras estiradas en toda a súa lonxitude. Miraba fixamente un punto da parede situado algo ao oeste da xanela, un punto

en que a miña vista non atopaba nada digno de mención, pero no que se concentraban agora os meus cinco sentidos.

Mentres observaba, comprendín o motivo da excitación de Negriño. Se se moveron ou non os tapices é algo que non sabería dicir. A min pareceume que si, aínda que moi pouco. Pero o que si podo xurar é que detrás dos tapices ouvín un ruído, leve pero nítido, como de ratas ou ratos corricando precipitadamente. Non transcorrera un segundo cando xa o gato se botou sobre o tapiz de moitas cores, facéndoo caer ao chan, debido ao seu peso, a parte á que se agarrou e deixando ao descuberto un antigo e húmido muro de pedra, retocado aquí e alá polos restauradores, e sen a menor traza de roedores roldando polas súas inmediacións.

Negriño percorreu de arriba abaixo o chan daquela parte do muro, esgazando o tapiz caído e tentando en ocasións introducir as súas gadoupas entre o muro e a tarima do chan. Pero non atopou nada e logo dun intre volveu moi canso á súa habitual posición aos meus pés. Eu non me levantei da cama, pero non volvín pegar no soso en toda a noite.

Á mañá seguinte pescudei entre os serventes, pero ninguén advertira nada anormal, agás a cociñeira, que lembraba o anómalo comportamento dun gato que durmía no peitoril da súa xanela. O gato en cuestión púxose a miañar a certa hora da noite, espertando a cociñeira xusto a tempo de velo lanzarse a toda velocidade pola porta aberta escaleiras abaixo. Ao mediodía quedei un intre atordado e ao espertar fun visitar de novo o capitán Norrys, que mostrou especial interese no que lle contei. Os incidentes estraños, tan raros á vez que tan curiosos, espertaban nel o sentido do pintoresco, e trouxéronlle á memoria multitude de recordos de historias locais sobre fantasmas. Non conseguíamos saír do noso estupor ante a presenza das ratas, e o único

que se lle ocorreu a Norrys foi deixarme uns cepos e uns pos de verde de París que, de volta na casa, mandei os criados colocar en lugares estratéxicos.

Fun axiña á cama pois tiña moito sono, pero mentres durmía asaltáronme atroces pesadelos. Neles miraba cara a abaixo desde unha impresionante altura a unha gruta debilmente iluminada cuxo chan estaba cuberto por unha grosa capa de esterco. No interior de devandita gruta había un vello porqueiro de barba cana que dirixía coa súa vara un rabaño de bestas funxiformes e flácidas cuxa soa vista me producía unha repugnancia indescribíbel. Logo, mentres o porqueiro se detiña un instante e se abaixaba para esculcar o seu rabaño, un impresionante enxame de ratas choveu do ceo sobre o fedorento abismo e púxose a devorar animais e home.

Logo de tan terrorífica visión espertei de socato por mor dos bruscos movementos de Negriño, que como de costume durmía aos meus pés. Esta vez non tiven que inquirir pola orixe dos seus gruñidos e bufidos nin polo medo que o impulsaba a afundir as súas uñas nos meus nocellos, inconsciente do seu efecto, pois as catro paredes da estancia bulían dun son nauseabundo: o repugnante desprazarse de xigantescas ratas esfameadas. Nesta ocasión non había aurora que permitise ver en que estado se achaba o tapiz, cuxa sección caída fora substituída, pero non vacilei nin un intre en acender a luz.

Ao resplandor desta puiden ver como todo o tapiz era presa dunha espantosa sacudida, até o punto de que os debuxos, de seu xa un tanto orixinais, puxéronse a executar unha singular danza da morte. A axitación desapareceu case ao instante e con ela os ruídos. Saltando do leito, furguei no tapiz co longo mango do quentador de cama que tiña no cuarto e levantei unha parte do mesmo para ver que había debaixo.

Pero alí non había máis que o muro de pedra restaurado e para entón xa remitira o estado de tensión en que se atopaba o gato debido ao olfacteo de algo anómalo. Cando examinei o cepo circular que colocara no cuarto, puiden ver que todos os orificios estaban forzados, aínda que non quedaba rastro do que debera fuxir tras caer na trampa.

Naturalmente, nin me pasou pola cabeza volver á cama, así que acendín unha candeia, abrín a porta e saín á galería ao final da cal baixaban as escaleiras que conducían ao meu estudio, con Negriño sempre pegado aos meus calcaños. Antes de chegar á escalinata de pedra, emporiso, o gato saíu disparado diante de min e desapareceu tras o antigo relanzo. Mentres baixaba as escaleiras, chegaron de súpeto até min uns sons da grande estancia que quedaba debaixo, uns sons de tal natureza que non podían inducir a equivoco.

Os muros de artesoado de carballo bulían de ratas que se deslizaban e se arremuiñaban nun inusitado frenesí, mentres Negriño corricaba dun lado para outro coa irritación propia do cazador burlado. Ao chegar abaixo, acendín a luz, pero non por iso remitiu o ruído desta volta. As ratas seguían alborotadas, dispersándose en barafunda con tal estrépito e nitidez que finalmente non me foi difícil asignar unha dirección precisa aos seus movementos. Aquelas criaturas, en número ao parecer incalculábel, estaban embarcadas nun impresionante movemento migratorio desde alturas inimaxinábeis até unha profundidade descoñecida.

Deseguido ouvín un ruído de pasos no corredor e un intre despois dous criados abrían de golpe a porta maciza. Rastrexaban toda a casa en busca da orixe daquel balbordo que levou a todos os gatos da casa a deitar estridentes miaños e a saltar varios tramos de escaleira até chegar ante a porta fechada do soto, onde se acazaparon sen deixar de miañar.

Pregunteilles aos criados se viran as ratas, pero a súa resposta foi negativa. E cando dei a volta para chamar a súa atención polos sons que se ouvían no interior do artesoado, puideron advertir que o ruído se detivera.

Xunto con aqueles dous homes baixei até a porta do soto, pero para entón xa se dispersaran os gatos. Logo decidín explorar a cripta que había embaixo, pero de momento limiteime a inspeccionar os cepos. Todos saltaran, mais non tiñan nin un só ocupante. Contento porque agás os felinos e mais eu ninguén máis ouvira as ratas, sentei no meu estudio até que alborexou o día, reflexionando intensamente sobre cal podería ser a causa de todo iso e tratando de lembrar todo fragmento de lenda desenterrado por min que fixese referencia ao edificio en que habitaba.

Durmín un pouco pola mañá, reclinado na única cadeira de brazos confortábel do gabinete que o meu deseño medieval do mobiliario non logrou eliminar. Ao espertar chamei por teléfono ao capitán Norrys, que se presentou pasado un intre e me acompañou na exploración do soto.

Non atopamos absolutamente nada que nos chamase a atención, aínda que non puidemos reprimir un calafrío ao decatarnos de que a cripta databa de tempos dos romanos. Todos os arcos baixos e os alicerces macizos eran de estilo romano, mais non do estilo degradado dos chafalleiros saxóns, senón do severo e harmónico clasicismo da era dos césares. Como era de agardar, as paredes abondaban en inscricións familiares aos arqueólogos que exploraran en repetidas ocasións o lugar. Podían lerse cousas do estilo de «P. GETAE. PROP... TEMP... DONA...» e «L. PRAEC... VS... PONTIFI... ATYS...», e outras máis.

A referencia a Atys produciume un arreguizo, pois lera a Catulo e sabía algo dos abominábeis ritos dedicados ao deus oriental, cuxo culto

tanto se confundía co de Cibeles. Norry e mais eu, á luz duns farois, tratamos de interpretar os estraños e descoloridos debuxos que se vían nuns bloques de pedra irregularmente rectangulares que deberan de ser altares noutro tempo, pero non puidemos sacar nada en claro. Lembramos que un daqueles debuxos, unha especie de sol do que saían uns raios en todas as direccións, fora escollido polos estudosos para mostrar que non era de orixe romana, suxerindo que os sacerdotes romanos se limitaran a adoptar aqueles altares que provirían dun templo máis antigo e probabelmente aborixe levantado sobre aquel mesmo chan. Nun daqueles bloques distinguíanse unhas manchas marróns que me deron que pensar. O maior de todos eles, un bloque que se atopaba no centro da estancia, tiña certos detalles na cara superior que indicaban que estivera en contacto co lume. Probabelmente serviría para realizar ofrendas incineradas.

Tales eran as cousas que se vían naquela cripta ante cuxa porta os gatos estiveran miañando, e onde Norry e mais eu decidíramos pasar a noite. Os criados, a quen se lles advertira que non se preocupasen polos movementos dos gatos durante a noite, baixaron senllos sofás, e Negriño foi admitido en calidade de axuda á vez que de compañía. Xulgamos oportuno pechar hermeticamente a gran porta de carballo, unha réplica moderna con físgoas para a ventilación e, deseguido, retirámonos cos farois aínda acendidos para agardar canto puidese depararnos a noite.

A cripta estaba na parte inferior dos alicerces do priorado e ao fondo da cara do prominente precipicio que dominaba o abatido val. Non dubidaba de que aquel fora o obxectivo das infatigábeis e inexplicábeis ratas, aínda cando non sabería dicir o motivo. Mentres agardabamos expectantes, a miña vixilia mesturábase de tanto en tanto

con soños a medio formar dos que me espertaban os inquietos movementos do gato que, como decotío, estaba deitado aos meus pés.

Pero aquela noite os meus soños non tiveron nada de amábel. Pola contra, foron tan terríbeis como os da noite anterior. De novo aparecían ante min a sinistra gruta en penumbra e o porqueiro coas súas innomeábeis e funxiformes bestas envorcallándose na lama, e ao mirar a aqueles seres parecíanme máis preto e con perfís máis precisos, tan precisos que case podía ver os seus trazos físicos. Logo, puiden ver a fláccida fisionomía dun deles..., cando, de súpeto, espertei proferindo tal berro que Negriño deu un violento chouto, mentres o capitán Norryrs, que non prendera no sono en toda a noite, botou a rir a gargalladas. E aínda máis, ou quen sabe se menos, riría Norryrs de saber o motivo do meu estrondoso berro. Pero nin eu mesmo o lembrei até pasado un intre: o horror descarnado ten a virtude de paralizar a miúdo a memoria.

Norryrs espertoume ao empezar a manifestarse o fenómeno. No curso do referido e espantoso soño desveloume cunha lixeira sacudida instándome a que escoitase o ruído dos gatos. E ben que podía escoitarse!, pois alén da porta fechada, ao pé da escalinata de pedra, había unha verdadeira barafunda de felinos ouveando e rabuñando na madeira, mentres Negriño, absorto por completo de canto puidesen estar a facer os seus conxéneres, corría aloucadamente ao longo dos espidos muros de pedra, nos que puiden percibir claramente a mesma trasfega de ratas movéndose que tanto me abraiara a noite anterior.

Un arrepío tremendo apoderouse de min, pois aquelas anomalías non podían explicarse por procedementos normais. Aquelas ratas, de non ser as criaturas procedentes dun estado febril que só eu compartía cos gatos, debían de escapulirse e ter o seu tobo entre os muros romanos que crin estaban formados por bloques de calcaria sólida. A menos,

ocorréuseme pensar, que a acción da auga no curso de máis de dezasete séculos furase sinuosos túneles que os roedores despexaran e alargaran en tempos posteriores. Pero aínda así, o horror espectral que experimentaba non era menor, pois no caso de que se tratase de alimarias de carne e óso, por que Norrrys non ouvía o seu noxento balbordo? Por que me instou a que observase a Negriño e escoitase os miaños dos gatos fóra? E por que intuía difusamente e sen fundamento os motivos que os levaba a armar aquel balbordo?

Para cando conseguín dicirlle, da forma máis racional que puiden, o que cría estar a ouvir, até os meus ouvidos chegou o último tenue son daquel renxer incansábel. Agora daba a impresión de que o ruído se afastaba, ouvíase aínda máis abaixo, moi por baixo do nivel do soto, até o punto de que todo o precipicio parecía inzado de ratas en continua trasfega. Norrrys non se mostraba tan escéptico como eu anticipara, senón que parecía profundamente axitado. Indicoume por acenos que xa cesara o estrépito dos gatos, que parecían dar as ratas por perdidas. Entre tanto, Negriño era presa dun novo desacougo e estaba a rabuñar freneticamente a base do grande altar de pedra levantado no centro da estancia, aínda que se atopaba máis próximo do sofá de Norrrys que do meu.

Chegado a este punto, o meu temor cara ao descoñecido alcanzara proporcións ciclópeas. Entón ocorreu algo sorprendente e puiden ver como o capitán Norrrys, un home máis novo, corpulento e supostamente de ideas máis materialistas que as miñas, estaba tan inquieto coma min... Probablemente porque coñecía ben e de toda a vida a lenda local. De momento non podíamos facer máis que limitarnos a observar como Negriño afundía as súas gadoupas, cada vez con menos fervor, na base do altar, levantando de cando en vez a cabeza e miañando en dirección

miña daquela maneira tan persuasiva con que adoitaba facelo cando quería algo de min.

Norrrys achegou un farol ao altar e examinou de preto o lugar onde Negriño estaba a rabuñar. Axeonllouse en silencio e rozou os liques que estaban alí desde había séculos e unían o macizo bloque prerromano ao chan. Pero tras moito cavar non atopou nada de particular, e xa estaba a piques de abandonar os seus esforzos cando advertín unha circunstancia trivial que me fixo arreguizarme, aínda cando non podía dicirse que me collese totalmente de improviso.

Fixen partícipe do meu descubrimento a Norrrys e ambos os dous examinamos aquela case imperceptíbel manifestación coa firmeza propia de quen realiza un fascinante achado que confirma o atinado das súas pescudas. En suma, tratábase do seguinte: a chama do farol colocado xunto ao altar movíase, pouco pero de xeito claro, debido a unha corrente de ar que non sopraba antes, e que sen dúbida procedía da regaña que había entre o chan e o altar onde Norrrys estivera rozando os liques.

Pasamos o resto da noite no estudio alagado de luz, discutindo no medio dunha certa excitación o seguinte paso a dar. O descubrimento baixo aquelas malditas ruínas dunha cripta por baixo dos alicerces inferiores que se coñecían da cantaría romana, unha cripta que pasara inadvertida aos anticuarios que exploraran o edificio por espazo de tres séculos, abondaría para excitarnos a Norrrys e a min, profanos en todo o que se relacionaba co sinistro. Por dicilo así, a fascinación tiña unha dobre vertente e vacilamos non sabendo se abandonar as nosas pescudas e deixar dunha vez para sempre o priorado por supersticiosa precaución ou satisfacer o noso sentido da aventura e o risco, calquera

que fosen os horrores que puidesen esperarnos ao penetrarmos naqueles descoñecidos abismos.

Xa de mañá chegamos a un acordo: iríamos a Londres en busca de arqueólogos e científicos capacitados para desvelar aquel misterio. Debo dicir, así mesmo, que antes de abandonar o soto tentamos en balde correr o altar central, ao que agora recoñecemos como a porta de acceso a novas simas de terror indefiníbel. A homes máis doutos ca nós lles tocaría desvelar que misterios ocultaba aquela porta.

Durante a nosa longa estancia en Londres, o capitán Norry e mais eu demos a coñecer os feitos, conxecturas e anécdotas lendarias a cinco eminentes autoridades científicas, todas elas persoas nas que podía confiarse e que saberían tratar coa debida discreción calquera revelación sobre o pasado familiar que puidese pórse ao descuberto no curso das investigacións. A maioría daqueles homes parecían pouco inclinados a tomar o asunto a treu. Ao contrario, desde o primeiro momento demostraron un grande interese e unha sincera comprensión. Non creo que sexa preciso dar o nome de todos os expedicionarios, pero podo dicir que entre eles se atopaba Sir William Brinton, cuxas escavacións no Troad chamaron a atención de case todo o mundo no seu día. Ao tomar con eles o tren para Anchester sentín unha especie de desacougo, algo así como se estivese ao bordo dunhas revelacións terríbeis, unha sensación reflectida por entón no aflixido aspecto de moitos americanos que vivían en Londres debido á inesperada morte do seu Presidente alén do océano.

O 7 de agosto pola tarde chegamos a Exham Priory, onde os criados me aseguraron que nada estraño ocorrera na miña ausencia. Os gatos, mesmo o ancián Negriño, estiveran absolutamente tranquilos e nin un só cepo se levantara en toda a casa. As exploracións ían dar comezo ao

día seguinte. Entrementres, asignei a cada un dos meus hóspedes cuartos equipados con todo o que puidesen necesitar.

Eu fun durmir á miña estancia da torre, con Negriño sempre aos meus pés. Ao pouco caín durmido, pero espantosos soños volveron asaltarme. Tiven un pesadelo dunha festa romana como a de Trimalción na que puiden ver unha abominábel monstruosidade nunha fonte cuberta. Logo, volvíñ ver aquela maldita e recorrente visión do porqueiro e a súa fedorenta piara na tenebrosa gruta. Pero cando espertei xa era día e nos cuartos de abaixo non se ouvían rúidos anormais. As ratas, xa fosen reais ou imaxinarias, non me molestaron o máis mínimo, e Negriño seguía a durmir placidamente. Ao baixar, comprobei que no resto da casa reinaba unha absoluta quietude. A xuízo dun dos científicos que me acompañaban, un tipo chamado Thornton, estudoso dos fenómenos psíquicos, iso debíase a que agora se me mostraba unicamente o que certas forzas descoñecidas querían que eu vise, razoamento este, en verdade, que atopei bastante absurdo.

Todo estaba disposto para empezar, así que ás once da mañá daquel día, os sete homes que integrabamos o grupo, provistos de focos eléctricos e ferramentas para escavacións, baixamos ao soto e fechamos a porta con ferrollo tras de nós. Negriño acompañábanos, pois os investigadores non acharon oportuno desprezar a súa excitabilidade e preferiron que se achase presente por se se producían difusas manifestacións da presenza de roedores. Apenas reparamos uns momentos nas inscricións romanas e nos indescifrábeis debuxos do altar, pois tres dos científicos xa os viran anteriormente e todos os compoñentes da expedición estaban ao tanto das súas características. Atención especial prestouse ao imponente altar central. Pasada unha

hora, Sir William Brinton lograra desprazalo cara a atrás grazas á axuda dunha especie de panca para min descoñecida.

Ante nós púxose ao descuberto tal horror que non saberíamos como reaccionar de non estar previstos. A través dun orificio case cadrado aberto no lousado, e espallados ao longo dun tramo de escaleira tan desgastado que parecía pouco máis que unha superficie plana cunha leve inclinación no centro, víase un horrendo monte de ósos de orixe humana ou, cando menos, semihumana. Os esqueletos que conservaban a súa postura orixinal evidenciaban actitudes de infernal pánico, e en todos os ósos apreciábase a pegada de trabadas de roedores. Non había nada naqueles cranios que inducise a pensar que pertencesen a seres cun alto grao de idiocia ou cretinismo, ou sequera na posibilidade de que fosen restos de antropoides prehistóricos.

Por riba dos chanzos inzados de inmundicia abríase en forma de arco un pasadizo en descenso, que parecía labrado na rocha viva, polo que circulaba unha corrente de ar. Pero aquela corrente non era un sopro brusco e fedorento como se dunha cripta pechada se tratase, senón unha airexa agradábel cun aquel fresco. Tras deternos un momento, preparámonos, no medio dun xeral calafrío, a abrírnos paso escaleira abaixo. Foi entón cando Sir William, tras examinar atentamente os muros labrados, fixo a sorprendente observación de que o pasadizo, vista a dirección dos golpes, parecía estar labrado desde abaixo.

Agora debo meditar detidamente en que vou dicir e escoller con sumo coidado as palabras.

Tras abrírnos paso uns chanzos a través dos roídos ósos, vimos unha luz fronte a nós. Non se trataba dunha fosforescencia mística nin nada polo estilo, senón de luz solar filtrada que non podía proceder

senón de ignotas fendas abertas no precipicio que se erixía sobre o abatido val. Non tiña nada de particular que ninguén desde o exterior reparase antes naquelas físgoas, pois á parte de estar o val totalmente despoboado, a altura e pendente do precipicio eran tales que só un aeronauta podería estudar a súa cara en detalle. Uns pasos máis e o noso alento quedou literalmente arrebatado ante o espectáculo que se nos ofrecía á vista, tan literalmente, que Thornton, o investigador do psíquico, caeu desmaiado nos brazos do aparvado expedicionario que marchaba detrás. Norrys, coa súa grosa cara totalmente lívida e flácida, limitouse a lanzar un berro inarticulado, e en canto a min creo que emitín un arquexo ou seseo e tapei os ollos.

O home que marchaba detrás de min, o único compoñente do grupo de máis idade ca min, proferiu o manido «Meu Deus!» coa máis crebada voz que lembro. Do total dos sete expedicionarios, só Sir William Brinton conservou a compostura, algo que debe apuntárselle no seu haber, sobre todo se se ten en conta que encabezaba o grupo e, por tanto, debeu de ser o primeiro en velo todo.

Atopabámonos ante unha gruta iluminada por unha tenue luz e enormemente alta, que se prolongaba máis aló do campo da nosa visión. Todo un mundo subterráneo de infinito misterio e horríbeis premonicións abríase ante nós. Alí podían verse edificacións e outros restos arquitectónicos. Cunha mirada presa de terror divisei un estraño túmulo, un imponente círculo de monólitos, unhas ruínas romanas de bóveda baixa, unha pira funeraria saxoa derruída e unha primitiva construción inglesa de madeira, pero todo quedaba empequencido ante o repulsivo espectáculo que podía divisarse até onde chegaba a vista: uns metros máis aló de onde acababa a escaleira estendíase por todo o recinto unha demencial morea de ósos humanos, ou cando

menos igual de humanos que os que viramos uns metros atrás. Como un mar de espuma, aqueles ósos cubrían todo canto abranguía a vista, uns soltos, outros articulados total ou parcialmente como esqueletos. Estes últimos atopábanse en posturas que reflectían un diabólico frenesí, como se estivesen a repeler algunha ameaza ou aferrando outros corpos con intencións caníbales.

Cando o doutor Trask, o antropólogo do grupo, se detivo para examinar e identificar os cranios, atopouse con que estaban formados por unha mestura degradada que o sumiu no máis completo estupor. Na súa maioría, aqueles restos pertencían a seres moi por baixo do home de Piltdown na escala da evolución, pero en calquera caso eran, sen a menor dúbida, de orixe humana. Moitos eran de grao superior, e só uns poucos eran cranios de seres cos sentidos e o cerebro plenamente desenvolvidos. Non había óso que non estivese roído, sobre todo por ratas, pero tamén por outros seres daquela manda semihumana. Mesturados con eles podían verse moitos ósos de ratas, guerreiros caídos do letal exército que fechara un antigo ciclo épico.

Dubido que algún de nós conservase a súa lucidez ao longo daquel día de horrorosos descubrimentos. Nin Hoffmann nin Huysmans podían imaxinar unha escena máis asombrosamente incríbel, máis atrozmente noxenta, nin máis goticamente grotesca que a que se ofrecía á vista daquela gruta escura pola que os sete expedicionarios avanzabamos a tombo... Iamos de revelación en revelación, á vez que tratábamos de evitar todo pensamento que se nos viñese á cabeza sobre o que puidera acontecer naquel lugar trescentos, mil, dous mil ou quen sabe se dez mil anos atrás. Aquel lugar era a antesala do inferno, e o pobre Thornton volveu desmaiarse cando Trask lle dixo que algúns

daqueles esqueletos debían descender de cuadrúpedes ao longo das vinte ou máis xeracións que lles precederon.

A un horror seguiuno outro cando empezamos a interpretar as ruínas arquitectónicas. Os seres cuadrúpedes e os seus ocasionais recrutas procedentes das filas bípedes viviran encerrados en covas de pedra, de onde deberon de fuxir no seu delirio final provocado pola fame ou o medo aos roedores. Por lexións contábanse as ratas, cebadas evidentemente pola inxestión das verduras ordinarias cuxos residuos podían aínda atoparse a modo de pezoñosa ensilaxe no fondo de grandes recipientes de pedra prerromanos. Agora comprendía por que os meus antepasados tiñan aqueles hortos tan inmensos. Oxalá puidese relegalo todo ao esquecemento! Non me fixo falta inquirir sobre o que se propuñan aquelas infernais bandadas de roedores.

Sir William, de pé e enfocando coa súa lanterna a ruína romana, traduciu en voz alta o máis sorprendente ritual que xamais coñecese e falou da dieta alimenticia do culto antediluviano que os sacerdotes de Cibele atoparon e mesturaron co seu propio.

Norrys, afeito como estaba á vida das trincheiras, non podía camiñar dereito ao saír da construción inglesa. O edificio en cuestión era unha carnizaría e unha cociña, xusto o que Norrys esperaba atopar, pero xa non era tan normal ver utensilios ingleses familiares en semellante lugar e poder ler inscricións inglesas que resultaban coñecidas, algunhas de data tan próxima como 1610. Eu non puiden entrar no edificio, testemuña de diabólicas celebracións que só se viron interrompidas pola daga do meu antepasado Walter de la Poer.

Si me aventurei a entrar no que resultou ser o edificio baixo saxón cuxa porta de carballo se achaba no chan e nel atopeime unha impresionante ringleira de dez celas de pedra con barrotes

enferruxados. Tres tiñan ocupantes, todos eles esqueletos de grao superior, e no osudo dedo índice dun deles puideren ver un selo co meu escudo de armas. Sir William atopou unha cripta con celas aínda máis antigas debaixo da capela romana, pero neste caso estaban baleiras. Debaixo había unha cripta de teito baixo chea de nichos con ósos aliñados, algúns dos cales mostraban terríbeis inscricións xeométricas esculpidas en latín, en grego e na lingua de Frixia.

Entrementres, o doutor Trask abriera un dos túmulos prehistóricos descubriendo no seu interior uns cranios de escasa capacidade, pouco máis desenvolvidos que os dos gorilas, cuns signos ideográficos indescifrábeis. O meu gato permaneceu imperturbábel ante todo aquel espectáculo. Nunha ocasión vino pavorosamente subido encima dunha montaña de ósos e pregunteime que segredos poderían ocultarse tras aqueles refulxentes ollos amarelos.

Logo de facernos unha idea xeral das espantosas revelacións que se escondían naquela parte da cova sombriza, lugar aquel tan horribilmente presaxiado no meu soño recorrente, volvemos a aquel aparente abismo sen fin, á nocturna caverna onde nin un só raio de luz se filtraba a través do precipicio. Xamais saberemos que invisíbeis mundos estixios se abrían máis aló da pequena distancia que percorremos, pois non cremos que o coñecemento de tales segredos puidese facer ningún ben á humanidade. Pero había suficientes cousas nas que fixarnos ao noso redor, pois apenas deramos uns pasos cando a luz dos focos puxo ao descuberto a tremenda infinidade de pozos en que as ratas se deran festín e cuxo repentino esgotamento foi a causa de que o exército de esfameados roedores se lanzase, nun primeiro momento, sobre os rabaños vivos de famentos seres, e logo fuxise en multitude do

priorado naquela histórica e devastadora orxía que xamais esquecerán os veciños do lugar.

Meu Deus! Que inmundos pozos de crebados e descarnados ósos e cranios abertos! Que simas de pesadelo inzadas de ósos de pitecántropos, celtas, romanos e ingleses de incontábeis séculos de vida non cristiá! Nuns casos estaban ateigados e sería imposíbel dicir que profundidade tiveron noutro tempo. Noutros, a luz dos nosos focos non chegaba sequera ao fondo e víanse ateigados das máis incríbeis cousas. E que sería, pensei, das desventuradas ratas que se deran de bruzos con aqueles cepos no medio da escuridade de tan horripilante tártaro?

En certa ocasión o meu pé case se introduciu nun foxo aberto, facéndome pasar uns instantes dun terror terríbel. Debín de quedar alampado un bo anaco, pois non puideren ver a ninguén do grupo agás ao capitán Norrys. Deseguido ouviuse un son procedente daquela tenebrosa e infinita distancia que crin recoñecer, e vin o meu vello gato negro pasar rápido diante de min como se fose un deus exipcio alado que se dirixise aos insondábeis abismos do descoñecido. Pero o ruído non se ouvía tan afastado, pois ao instante comprendín perfectamente de que se trataba: era de novo o espantado correr daquelas endiañadas ratas, sempre á procura de novos horrores e decidido a que as seguise até aquelas intrincadas cavernas do centro da terra onde Nyarlathotep, o enlouquecido deus sen rostro, ouvea ás cegas na máis tenebrosa escuridade aos acordes de dous necios e amorfos frautistas.

O meu foco apagouse, pero non por iso deixei de correr. Ouvía voces, ouleos e ecos, pero por encima de todo percibía lixeiramente aquel abominábel e inconfundíbel correr, nun principio tenuemente e logo con maior intensidade, como un cadáver ríxido e inchado se desliza

mansamente pola corrente dun río de graxa que discorre baixou infinitas pontes de ónix até desembocar nun negro e putrefacto mar.

Algo me rozou, algo flácido e avultado. Debían de ser as ratas. Ese viscoso, xelatinoso e esfameado exército que achaba deleite en vivos e mortos... Por que non ían comer as ratas un De la Poer se os De la Poer non se negaban a comer cousas prohibidas?... A guerra comera o meu fillo, ao diaño todos!... As chamas ianquis devoraran Carfax, reducindo a cinzas o vello Delapore e o segredo da familia... Non, non, repito que non son o demo porqueiro da escura gruta! Non era a gordecha faciana de Edward Norrys o que había encima daquel flácido ser funxiforme. El seguía vivo, pero o meu fillo morreu... Como poden ser propiedade dun Norrys as terras dun De la Poer?... É vudú, dígocho eu... esa serpe de manchas... Maldito Thornton, ensinareiche a desmaiarte ante as obras da miña familia! Polos cravos de Cristo, canalla! Vas gustar do sangue... Pero é que queren que os siga por estes infernais recunchos?... Magna Mater! Magna Mater!... Atys... Dia ad aghaidh ad aodaun... agus bas dunach ort!.. Dhonas dholas ort, agus eat-sa!... Ungl... ungl... rrlh... cbcch...

Estas cousas e outras, segundo contan, dicía eu cando me atoparon no medio das tebras tres horas despois. Estaba acazapado naquela tenebrosa escuridade sobre o corpo gordecho e a medio devorar do capitán Norrys, mentres Negriño se botaba sobre min e me esgazaba a gorxa.

Pero xa pasou todo: Exham Priory voou polo ar, levaron do meu lado o meu vello gato negro, encerráronme nesta cela enreixada de Hanwell e espantosos rumores circulan sobre a miña propiedade e o que me aconteceu nela. Thornton está na cela do lado, pero non me deixan falar con el. Tratan tamén de que non cheguen ao dominio público a

maioría das cousas que se saben sobre o priorado. Sempre que falo do pobre Norrys acúsanme de cometer algo horríbel, pero deberían saber que non o fixen eu. Deberían saber que foron as ratas, as esvaradías e insaciábeis ratas coa súa continua trasfega que non me deixa pegar no sono, as endiañadas ratas que corren tras dos acolchados muros do cuarto en que agora me atopo e me reclaman para que as siga tras horrores que non poden compararse cos até agora coñecidos, as ratas que eles non poden ouvir, as ratas, as ratas das paredes.



O INNOMEÁBEL

[*The Unnamable* escribiuse en setembro de 1923 e publicouse no número de xullo de 1925 da revista *Weird Tales*.]

Estabamos sentados nunha tumba ruínosa do século XVI a avanzadas horas da tarde dun día de outono, no vello cemiterio de Arkham, parolando sobre o que non ten nome. Mirando cara ao salgueiro inmenso do cemiterio, cuxo tronco case afundira a laxa antiga e case ilexíbel, fixera eu un comentario fantástico sobre o alimento espectral e incualificábel que as súas colosais raíces zugarían sen dúbida daquela terra vetusta e macabra. O meu amigo laiouse logo por dicir esas parvadas e engadiu que posto que non se efectuaran enterramentos desde había máis dun século, probabelmente a árbore non recibía outro alimento que o normal. Engadiu, ademais, que a miña constante alusión ao «innomeábel» e o «incualificábel» eran un recurso pueril, moi en consonancia coa miña escasa categoría como escritor. Eu era moi afeccionado a terminar os meus relatos con suspiros ou ruídos que paralizaban as facultades dos meus heroes e os deixaban sen valor, sen palabras e sen recordos para dicir que experimentaran. Coñecemos

as cousas, dicía el, só a través dos nosos cinco sentidos ou as nosas intuicións relixiosas. Daquela é completamente imposíbel facer referencia a ningún obxecto ou visión que non poida describirse claramente mediante as sólidas definicións empíricas ou as correctas doutrinas teolóxicas, preferentemente congregacionistas, coas modificacións que a tradición ou sir Arthur Conan Doyle poidan achegar.

Con este amigo, Joel Manton, discutía a miúdo languidamente. Era director do East High School, nado e criado en Boston, e participaba desa xordeira autocompracente de Nova Inglaterra para as delicadas insinuacións da vida. A súa opinión era que só as nosas experiencias normais e obxectivas posúen importancia estética, e que o que incumbe ao artista é non tanto espertar unha forte emoción mediante a acción, a éxtase e o abraio, como manter un plácido interese e apreciación con detalladas e precisas transcricións do cotián. En particular, era contrario á miña preocupación polo místico e o inexplicábel, porque aínda que cría no sobrenatural moito máis ca min, non admitía que fose tema suficientemente común para abordalo na literatura. Para un intelecto claro, práctico e lóxico, era difícil de crer que unha mente puidese atopar o seu maior pracer na evasión respecto da rutina diaria, e nas combinacións orixinais e dramáticas de imaxes normalmente reservadas polo hábito e o cansazo ás trilladas formas da existencia real. Segundo el, todas as cousas e sentimentos tiñan dimensións, propiedades, causas e efectos fixos. Aínda que sabía vagamente que o entendemento ten ás veces visións e sensacións de natureza bastante menos xeométrica, clasificábel e manexábel, críase xustificado para trazar unha liña arbitraria e desestimar todo aquilo que non pode ser experimentado e comprendido polo cidadán ordinario. Ademais, estaba case seguro de

que non pode existir nada que sexa «innomeábel». Non era de razón, segundo el.

Aínda que me decatara de que era inútil aducir argumentos imaxinativos e metafísicos fronte á autosatisfacción dun ortodoxo da vida diúrna, había algo no escenario deste coloquio do serán que me encirraba a discutir máis que decotío. As gastadas laxas de lousa, as árbores patriarcais, os centenarios tellados holandeses da vella cidade enmeigada que se estendía arredor. Todo contribuía a acender o espírito en defensa da miña obra e non tardei en levar os meus ataques ao terreo mesmo do meu inimigo. Abofé, non me foi difícil iniciar o contraataque, xa que sabía que Joel Manton seguía medio aferrado a moitas das supersticións que as xentes cultivadas abandonaran xa, crenzas en aparicións de persoas a piques de morrer en lugares distantes, ou impresións deixadas por antigos rostros nas xanelas, ás que se asomaron en vida. Dar crédito a estas historias de vella campesiña, insistía eu, presupuña unha fe na existencia de sustancias espectrais na terra, separadas dos seus duplicados materiais e consecuentes a eles. Implicaba, ademais, unha capacidade para crer en fenómenos que estaban alén de todas as nocións normais, pois se un morto pode transmitir a súa imaxe visíbel ou tanxíbel á distancia de medio mundo ou desprazarse ao longo de séculos, por que ía ser absurdo supor que as casas deshabitadas están cheas de estrañas entidades sensíbeis, ou que os vellos cemiterios sobordan de terribes e incorpóreas xeracións de intelixencias? E dado que o espírito, para efectuar as manifestacións que se lle atribúen, non pode sufrir limitación ningunha das leis da materia, por que é unha extravagancia imaxinar que os seres mortos viven psiquicamente, en formas ou ausencias de formas, que para o observador humano resultan absoluta e espantosamente «innomeábeis»?

O «sentido común», ao reflexionar sobre estes temas, asegúreille ao meu amigo acalorado, non é senón unha estúpida falta de imaxinación e de flexibilidade mental.

Comezara a escurecer, pero a ningún dos dous nos apetecía abandonar a conversa. Manton non parecía impresionado polos meus argumentos, e estaba desexoso de os refutar. Con esa confianza nas súas propias opinións que tanto éxito lle daba como profesor, mentres que eu me sentía demasiado seguro no meu terreo para temer unha derrota. Caeu a noite e as luces brillaron febles nalgunhas das xanelas distantes, mais non nos movemos. O noso asento, un sepulcro, era bastante cómodo, e eu sabía que ao meu prosaico amigo non lle inquietaba a cavernosa greta que se abría na antiga obra de tixolo, maltratada polas raíces, xusto detrás de nós, nin a total negrura do lugar que proxectaba a ruínosa e deshabitada casa do século XVII que se interpuña entre nós e a rúa iluminada. Alí, sentados na escuridade, xunto á fendida tumba próxima á casa deshabitada, conversabamos sobre o «innomeábel» e cando o meu amigo deixou de burlarse, faleille da espantosa proba que había detrás do relato meu do que máis se burlara el.

O relato titulábase *A xanela do ático* e aparecera no número de *Whispers de* xaneiro de 1922. En moitos lugares, especialmente no sur e na costa do Pacífico, retiraron a revista dos quioscos por mor das queixas dos estúpidos pusilánimes, mais en Nova Inglaterra non causou ningunha emoción e as xentes encolléronse de ombreiros ante as miñas extravagancias. Era impensábel, dixeron, que ninguén se sobresaletase con aquel ser bioloxicamente imposíbel. Non era outra cousa que unha historia máis, un dixomedíxome que Cotton Mather fixera o suficientemente críbel como para incluílo na súa caótica *Magnalia Christi Americana* e achábase tan pobremente argumentada que nin

sequera se atreveu a citar o nome da localidade onde tivera lugar o horror. E en canto á ampliación que eu facía da breve nota do vello místico... era completamente imposíbel, típica dun plumífero frívolo e fantasioso! Mather dixera efectivamente que nacera semellante ser, pero ninguén, agás un sensacionalista barato, podería pensar que se desenvolvera, fose asomando ás xanelas das xentes polas noites e se ocultase no ático dunha casa, en corpo e alma, até que alguén o descubriu séculos despois na xanela, aínda que non puido describir que foi o que lle volveu grises os cabelos. Todo isto non era máis que descarada mediocridade, cousa na que non paraba de insistir o meu amigo Manton. Entón faleille do que descubrira nun vello diario redactado entre 1706 e 1723, desenterrado de entre os papeis da familia, a cousa dun quilómetro de onde estabamos sentados. Diso e da verdade irrefutábel das cicatrices que o meu antepasado tiña no peito e nas costas, que o diario describía. Faleille tamén dos temores que abrigaban outras xentes desa rexión, e do que se murmurou durante xeracións, e de como se demostrou que non era finxida a tolemia que lle entrou ao neno que entrou en 1793 nunha casa abandonada para examinar determinadas pegadas que se dicía que había.

Foi sen dúbida un ser horrendo... Non é de estrañar que os estudosos se arrepién ao abordar a época puritana de Massachusetts. Coñécese moi pouca cousa do que ocorreu baixo a superficie, aínda que ás veces zumega horribelmente cun burbullar putrescente. O terror á bruxaría é un alustro de luz do que bulía nos abatidos cerebros das persoas, pero incluso iso é moi pequeno. Non había beleza, non había liberdade, como pode comprobarse nos restos arquitectónicos e domésticos e os sermóns envelenados dos rigorosos teólogos. E dentro

desa enferruxada camisa de forza, ocultábanse a atrocidade, a perversión e o satanismo. Esta era, verdadeiramente, a apoteose do innomeábel.

Cotton Mather, nese demoníaco sexto libro que ninguén debe ler de noite, non anda con rodeos ao lanzar os seus anatemas. Severo como un profeta xudeu e imperturbábel como ninguén até entón, fala da besta que deu a luz un ser superior ás bestas, aínda que inferior ao ser humano, o ser do ollo manchado, e do desgraciado e vociferante borracho ao que aforcaron por ter un ollo así. De todo isto atrévese a falar, aínda que non conta o que ocorreu despois. Quizais non chegou a sabelo ou quizais si, mais non se decidiu a contalo. Hai quen si se decatou, aínda que non chegou a dicir nada... Tampouco se deu explicación pública de por que se falaba con temor do fecho da porta que había ao pé da escaleira de certo ático onde vivía un vello solitario, amargado e decrépito, quen se atreveu a levantar a laxa de determinada sepultura anónima, sobre a cal, con todo, existen numerosas lendas capaces de xearlle o sangue a calquera.

Todo está nese diario ancestral que atopei: as secretas alusións e historias contadas polo baixo sobre seres cun ollo manchado que asomaban ás xanelas pola noite ou eran vistos polos prados desertos, preto dos bosques. O meu antepasado viu un ser así nunha estrada escura que corría por un val, e deixoulle marcas de cornos no peito e de garras nas costas. Cando buscaron as súas pisadas no po, atoparon pegadas mesturadas de pezuños fendidos e gadoupas vagamente antropoides. Nunha ocasión, un xinete do servizo de correo contou que vira á luz da lúa unhas horas antes do amencer un vello correndo e chamando por unha criatura espantosa que andaba a alancadas por Meadow Hill, e moitos crérono. Desde logo, correu unha estraña historia unha noite de 1710, cando o vello solitario e decrépito foi

enterrado nunha cripta que había detrás da súa propia casa, preto da laxa de lousa sen inscrición. Ninguén abriu a porta que daba acceso á escaleira do ático, senón que deixaron a casa como estaba, pavorosa e deserta. Cando se ouvían ruídos nela, a xente murmuraba e arreguízabase, confiando en que fose bastante sólido o ferrollo da porta do ático. Máis tarde, esta confianza viuse frustrada cando o horror se presentou na casa parroquial e non deixou unha soa alma viva ou enteira. Co paso dos anos, as lendas adoptan un carácter espectral, pero supoño que aquel ser debeu de morrer, se era unha criatura viva. O seu recordo segue sendo espantoso, tanto máis espantoso canto que foi secreto.

Durante esta narración, o meu amigo Manton foi ficando en silencio e observei que as miñas palabras o impresionaron. Non riu ao calar eu, senón que me preguntou moi serio sobre o neno que toleou en 1793 e que parecía ser o heroe da miña historia. Díxenlle que o mozo fora a aquela casa encantada e deserta, seguramente movido pola curiosidade, xa que cría que as xanelas conservan latente a imaxe de quen estivo sentado xunto a elas. O mozo foi a examinar as xanelas daquel ático arrepiante por mor das historias sobre os seres que se viron detrás delas e regresou gritando freneticamente.

Cando acabei de falar, Manton quedou pensativo, mais aos poucos volveu á súa actitude analítica. Concedeu que quizais existira realmente un monstro espantoso, pero lembroume que nin sequera a máis morbosa aberración da natureza ten por que ser innomeábel nin cientificamente indescribíbel. Admirei a súa claridade e persistencia, pero engadín novas revelacións que recollera entre a xente maior. Lendas espectrais, aclarei, relacionadas con aparicións monstruosas máis horríbeis que cantas entidades orgánicas podían existir.

Aparicións de formas bestiais e xigantescas, visíbeis ás veces e ás veces só tanxíbeis, que aboiaban nas noites sen lúa e roldaban pola vella casa, a cripta que había detrás e o sepulcro xunto a cuxa laxa ilexíbel prendera unha árbore. Tanto se tales aparicións mataran ou non persoas a cornadas ou aforcándoas, como se dicía nalgunhas tradicións non comprobadas, causaran unha tremenda impresión. Aínda eran secretamente temidas polos máis vellos da rexión, aínda que as novas xeracións case as esqueceron... Quizais desaparecesen se se deixaba de pensar nelas. É máis, no que se refería á estética, se as emanacións psíquicas das criaturas humanas consistían en distorsións grotescas, que representación coherente podería expresar ou reflectir unha nebulosidade xibosa e infame como aquel espectro de maligna e caótica perversión, aquela blasfemia morbosa da natureza? Modelado polo cerebro dun pesadelo híbrido, non constituirá semellante horror vaporoso, con toda a súa nauseabunda verdade, intensa, arrepiantemente innomeábel?

Sen dúbida fíxose moi tarde. Un morcego singularmente silencioso rozoume ao pasar e creo que a Manton tamén, porque aínda que non podía velo, notei que levantaba o brazo. Logo dixó:

—Pero, segue en pé e deshabitada esa casa da xanela do ático?

—Si —contestei—. Eu vira.

—E atopaches algo... no ático ou nalgún outro lugar?

—U feixe de ósos baixo o beirado. Quizais foi iso o que viu o neno. Se era moi sensíbel, non necesitou ver nada no cristal da xanela para perder a razón. Se pertencían ao mesmo ser, debeu de tratarse dunha monstruosidade histórica e delirante. Sería blasfemo deixar tales ósos no mundo; así que os metín nun saco e leveinos á tumba que hai detrás da casa. Había unha abertura por onde os puideron guindar ao interior.

Non penses que foi unha parvada pola miña banda... Querería que vises o cranio. Tiña uns cornos duns dez centímetros. En troques, a cara e a mandíbula eran iguais que a túa ou a miña.

Á fin puíden notar que Manton, agora moi preto de min, experimentaba un auténtico calafrío. Pero a súa curiosidade non se deixou intimidar.

—E os cristais das xanelas?

—Desapareceran todos. Unha das xanelas perdera completamente o marco. Nas demais, non había rastro de cristais nas pequenas aberturas romboidais. Eran desa clase de xanelas de celosía que caeron en desuso antes de 1700. Supoño que levaban un século ou máis sen cristais... Quizais os rompese o neno, se é que chegou até alí. A lenda non o di.

Manton quedou pensativo outra vez.

—Gustaríame ver a casa, Carter. Onde está? Tanto se ten cristais como se non, querería botarlle unha ollada. E tamén á tumba onde puxeche aqueles ósos, e a outra sepultura sen inscrición... Todo iso debe de ser un pouco terríbel.

—Estivéchela vendo... até que se fixo noite.

O meu amigo púxose máis nervioso do que eu esperaba, porque ante este golpe de inocente teatralidade, apartouse de min neuroticamente e deixou escapar un berro, cunha especie de atragoamento que liberou a súa tensión contida. Foi un berro singular e tanto mais terríbel canto que tivo resposta. Pois aínda resoaba cando ouvín un renxido na tenebrosa negrura e comprendín que se abría unha xanela de celosía naquela casa vella e maldita que tiñamos alí preto. E dado que todos os demais marcos de xanela había tempo que

desapareceran, comprendín que se trataba do marco espantoso daquela xanela demoníaca do ático.

Logo chegounos un refacho de ar fétido e glacial procedente da mesma espantosa dirección, seguida dun ouleo penetrante que xurdiu xunto a min, daquela tumba gretada de home e monstro. Un intre despois fun derrubado do banco arrepiante onde estaba sentado polo impulso infernal dunha entidade invisíbel de tamaño xigantesco, aínda que de natureza indeterminada. Caín redondo no balor trezado de raíces dese horrendo cemiterio, mentres da tumba saía un ruxido arquexante e un bater de ás, e a miña fantasía valeuse diso para poboar a escuridade con lexións de seres semellantes aos deformes condenados de Milton. Formouse un vórtice de vento xeado e devastador, e logo houbo un resoar de tixolos e cascallos soltos. Misericordiosamente, esvaecinme antes de comprender o que acontecía.

Manton, aínda que máis baixo ca min, é máis resistente, porque abrimos os ollos case ao mesmo tempo, malia que as súas feridas eran máis graves. As nosas camas estaban xuntas e en poucos segundos decatámonos de que estábamos no hospital de St. Mary. As enfermeiras xuntáronse ao noso redor, en tensa curiosidade, ansiosas por axudar á nosa memoria, contándonos como chegáramos alí. Non tardamos en saber que un granxeiro nos atopou ao mediodía nun campo solitario alén de Meadow Hill, a case dous quilómetros do vello cemiterio, nun lugar onde se di que houbo noutro tempo un matadoiro. Manton tiña dúas serias feridas no peito, así como algúns cortes ou rabuñadas menos graves nas costas. Eu non estaba malferido, pero tiña o corpo cuberto de negróns e contusións ben desconcertantes, e mesmo unha pegada de pezuño fendido. Era evidente que Manton sabía máis ca min, pero non dixo nada aos perplexos e interesados médicos, até que lle explicaron cal

era a natureza das nosas feridas. Entón dixo que fomos vítimas dun touro rabioso, aínda que resultou difícil explicar e identificar o animal.

Cando as enfermeiras e os médicos nos deixaron, murmureille unha pregunta estarrecida:

—Meu Deus, Manton, que pasou? Eses sinais... Foi iso?

Pero eu estaba demasiado perplexo para alegrarme, cando me contestou en voz baixa algo que agardaba a medias:

—Non... Non foi iso nin moito menos. Estaba en todas as partes... Era unha xelatina... Un limo. Así e todo, tiña formas, mil formas espantosas imposíbeis de lembrar. Tiña ollos... Un deles manchado. Era o abismo, o *maelstrom*, a abominación final. Carter, era o innomeábel!



A CASA MALDITA

[*The Shunned House* escribiuse en outubro de 1924 e publicouse por primeira vez no número de outubro de 1937 da revista *Weird Tales*.]

I

De cando en cando non deixa de haber ironía mesmo no maior dos horrores. Algunhas veces forma parte directa da trama dos acontecementos, mentres que outras só afecta á posición aleatoria destes entre as persoas e os lugares. Un magnífico exemplo deste último caso pode encontrarse na antiga cidade de Providence, onde afacía ir Edgar Allan Poe a mediados do século pasado, durante o seu infrutuoso galanteo a Mrs. Whitman, poetisa de excelentes dotes. Poe adoitaba parar na Mansión House, de Benefit Street, novo nome da casa de hóspedes A Bóla de Ouro, cuxo teito acubillou a Washington e a Jefferson. O seu paseo preferido era cara ao Norte, pola mesma rúa, onde se atopaban a casa de Mrs. Whitman e o veciño cemiterio de St. John, situado na aba do outeiro, cuxo recinto, con abundancia de lápidas do século XVII, o fascinaba de maneira especial. O irónico do caso é que no curso daquel paseo tantas veces repetido, o máis grande

mestre do terríbel e do fantástico tiña que pasar por diante de certa casa situada no lado oriental da rúa; un edificio esluído e anticuado que se achaba pousado sobre a súbita costa do outeiro, cun amplo e descoidado xardín que databa da época en que a rexión era en parte campo aberto. Non parece que Poe escribise ou falase nunca da casa, nin se ten noticia de que reparase nela. E, con todo, aquela morada para as dúas persoas en posesión de certa información, iguala ou supera en horror as máis desatinadas fantasías do xenio que con tanta frecuencia pasou por diante dela sen saber o que ocultaba e que se alza coa mirada maliciosa e ríxida como símbolo de todo o que é espantoso.

A casa era, e en realidade continúa sendo, das que atraen o interese dos curiosos. Orixinalmente granxa, cando menos en parte, tiña o habitual aspecto colonial das casas prósperas de tellado picudo da Nova Inglaterra de mediados do século XVIII, con dous andares e ático, pórtico xeorxiano e paredes interiores recubertas de madeira, como ditaba a evolución do gusto nesa época. Estaba orientada cara ao Sur e tiña un tellado elevado cuxos dous beirados daban, respectivamente, á aba do outeiro e á rúa. A súa construción, de hai máis de século e medio, adaptouse ao nivelado e ao endereitamento do camiño naquela veciñanza particular, pois Benefit Street, chamada orixinalmente Back Street, trazouse como sinuoso carreiro entre os sepulcros dos primeiros colonos e só se endereitou cando o traslado dos cadáveres ao Cemiterio do Norte permitiu abrir camiño a través dos antigos predios familiares. Nun principio, o muro posterior alzábase sobre un campo de herba que quedaba como a seis metros por riba do nivel da rúa, pero un ensanche desta, aproximadamente de tempos da Guerra da Independencia, absorbeu case todo o espazo intermedio e deixou os alicerces ao aire, polo que houbo que construír no soto un muro de tixolo, que deu a esta

afundida parte da casa unha fachada dotada de porta e dúas xanelas por encima do nivel do chan, case á altura da rúa nova. Cando se construíu a beirarrúa hai un século, eliminouse o resto do espazo intermedio, e nos seus paseos Poe debeu de ver só un muro vertical de tixolo que nacía do bordo da beirarrúa, coroado a unha altura de tres metros pola pesada silueta da antiga casa propiamente dita.

Os terreos, propiedade da familia, estendíanse pola parte traseira e subían un bo anaco pola lomba, até case chegar a Wheaton Street. O espazo ao sur da casa, o que lindaba con Benefit Street, quedaba, naturalmente, moi por encima do nivel da actual beirarrúa, formando unha plataforma que acababa nun muro de pedras húmidas e balorentas furado por un tramo moi inclinado de estreitos chanzos que conducía ao interior, entre paredes que formaban unha especie de foz, e desembocando na parte superior nun enguedellado macizo de céspede, muros de tixolo húmidos, xardíns descoidados, cuxas desmanteladas urnas de cemento, testos enferruxados caídos de trípodes de nodosas patas e obxectos parecidos facían parecer máis atractiva, por contraste, a porta principal, maltratada pola intemperie, co seu montante roto, pilastras xónicas podrecidas e roída cornixa triangular. O que ouvín de raparigo sobre a Casa Maldita foi simplemente que a xente morría nela en cantidade alarmante. Esa fora a razón, dicíanme, pola que os seus primeiros propietarios a abandonaran uns vinte anos despois de construíla. A casa era, evidentemente, malsá, talvez a causa da humidade e dos fungos que medraban no soto, do fedor enfermizo que o contaminaba todo, das correntes dos corredores ou da calidade da auga da bomba e do pozo. Estas cousas xa eran malas dabondo e a elas culpaban as persoas que eu coñecía, das desgrazas da casa. Unicamente os cadernos de notas, do meu tío, o anticuario Dr. Elihu Whipple,

reveláronme detalladamente as máis escuras e vagas suposicións que formaban unha corrente folclórica subterránea entre os serventes máis antigos e a xente humilde, conxecturas que nunca chegaron moi lonxe e foron na súa maior parte esquecidas cando Providence se converteu en cidade importante cunha poboación moderna e cambiante.

En realidade, os habitantes serios da cidade nunca consideraron a casa como «encantada» exactamente. Non se falaba de ruídos de cadeas, nin de xeadas correntes de ar, nin de apagamentos de luces, nin de caras na xanelas. Os extremistas dicían que traía «mala sorte», pero non pasaban de aí. O indiscutíbel era que nela morrían gran número de persoas ou, mellor dito, que nela morreran un gran número de persoas, pois despois de certos peculiares acontecementos ocorridos alí hai máis de sesenta anos, o edificio quedara abandonado debido á imposibilidade de alugalo. Aquelas persoas non morreron todas repentinamente por unha causa determinada; parecía máis ben que a súa vitalidade ía sendo minada dun modo insidioso e que a súa resistencia dependía da súa maior ou menor fortaleza natural. E as que non morrían mostraban en diversos graos un tipo de anemia ou consunción, e ás veces unha decadencia das facultades mentais, que non falaban a favor da salubridade do edificio. Debe engadirse que as casas veciñas parecían estar completamente libres daquela perniciosa condición. Isto é canto sabía antes que as miñas insistentes preguntas levasen o meu tío a mostrarme as notas que finalmente nos embarcaron na nosa espantosa investigación. Na miña infancia, a Casa Maldita estaba baleira, coas súas árbores espidas, nodosas e vellas, a súa herba alta dunha palidez estraña de aspecto de pesadelo no abandonado patio no que xamais se pousaban os paxaros. Os raparigos adoitabamos invadir a leira e aínda lembro o meu terror xuvenil provocado non só pola morbosa calidade

daquela sinistra vexetación, senón ante a atmosfera e o cheiro da ruínosa casa, cuxa porta aberta cruzabamos frecuentemente na procura de emocións. Os cristais das xanelas estaban rotos na súa maioría, e unha indescribíbel desolación rodeaba os precarios paneis de madeira que cubrían as paredes, os escangallados postigos interiores, o papel dos muros que colgaba a tiras, a escaiola que se esborrallaba, as inseguras escaleiras e os poucos mobles estragados que aínda quedaban. O po e as arañeiras daban un maior matiz de abandono a aquel ambiente arrepiante e moi valente tiña que ser o raparigo que se aventuraba pola escaleira que conducía ao faiado, unha peza espazosa e alargada, con trabes ao descuberto, iluminada soamente pola incerta luz das pequenas bufardas dos seus extremos e ategada dunha chea de arcaces, cadeiras e rocas rotas que infinitos anos de abandono cubriran e adornaran de formas monstruosas e diabólicas.

Pero, despois de todo, o faiado non era a parte máis terríbel da casa. O que nos provocaba maior noxo era o húmido soto, aínda que quedaba completamente por riba do nivel do chan no lado que daba á rúa, separado da concorrida beirarrúa por un feble tabique de tixolo en que se abrían unha porta e unha xanela. Non sabiamos se frecuentalo atraídos polo seu estímulo fantasmal ou evitalo para ben da alma e a cordura. En primeiro lugar, o mal cheiro da casa era máis pronunciado alí. Ademais, non nos gustaba a branca fungosidade que abrollaba algunhas veces do duro chan de terra nos veráns chuviosos. Aqueles fungos, de grotesco parecido coa vexetación do patio exterior, tiñan formas verdadeiramente horrendas, detestábeis caricaturas de cogomelos de especies descoñecidas. Podrecían pronto e en determinada fase da súa descomposición adquirían unha leve fosforescencia, de xeito que os transeúntes nocturnos falaban, ás veces,

dos lumes fatuos que brillaban detrás dos esnaquizados cristais das xanelas, polas que se espaxiaba o mal cheiro. Nunca, nin sequera nas máis desatinadas vésperas de Todos os Santos, baixamos ao soto de noite, pero nalgunhas das nosas visitas diúrnas puidemos percibir a fosforescencia, especialmente se o día era escuro e húmido. Tamén captabamos a miúdo unha cousa máis sutil, algo moi estraño que era, así e todo, e no mellor dos casos, apenas unha suxestión. Refírome a unha mancha borrazenta e esbrancuxada no chan de terra, un depósito, vago e cambiante de balor e salitre que, en ocasións, criamos ver entre a espaxiada fungosidade preto do inmenso fogón da cociña do soto. Algunhas veces parecíanos que aquela mancha tiña unha estraña semellanza coa figura dunha persoa corcovada, aínda que polo xeral non existía tal parecido, e con frecuencia nin sequera a víamos. Certa tarde de chuvia en que aquela sensación foi particularmente intensa e en que, ademais, crera ver unha especie de emanación tenue, amarelada e trémula que brotaba do debuxo en dirección á campá da cheminea, faleille ao meu tío do asunto. Limitouse a sorrir ante aquela curiosa fantasía, pero pareceume que había no seu sorriso un matiz de recordo. Máis tarde decateime de que nalgunhas das antigas lendas que circulaban pola rexión había unha idea semellante á miña, unha idea que tamén aludía ás formas de vampiro e de lobo que tomaba o fume da gran cheminea, e dos anómalos contornos adoptados por algunhas das retortas raíces de árbore que se abrían camiño até o soto por entre as pedras soltas dos alicerces.

O meu tío non me deu a coñecer as notas e informes que reunira sobre a Casa Maldita até que fun un home adulto. O Dr. Whipple era un médico sensato e conservador da vella escola, e malia o interese que lle inspiraba a casa non desexaba alentar un raparigo a pensar en cousas anormais. As súas propias opinións, no sentido de que o edificio fora construído nunha paraxe insalubre, non tiñan nada de anormal, pero decatábase de que ese aquel pintoresco que espertara o seu propio interese podería asociarse na mente fantástica dun raparigo con toda clase de macabras imaxinacións. O meu tío era solteiro, un home de cabelo branco, de rostro barbeado, vestido á antiga e historiador local notábel, que rompera frecuentemente unha lanza contra gardiáns da tradición tan polémicos como Signey S. Rider e Thomas W. Bicknell. Vivía cun criado nunha antiga casa xeorxiana de aldrabón, escalinata e varanda de ferro que se alzaba ameazadoramente en North Court, rúa de pronunciada pendente, xunto á mansión colonial de tixolo na que o seu avó, curmán dun famoso corsario, o capitán Whipple, que en 1772 queimou a goleta *Gaspee* da Súa Maxestade, votara o 4 de maio de 1776 pola independencia da colonia de Rhode Island. Ao seu redor, na húmida biblioteca de teito baixo e brancos paneis que a humidade facía amarelar, de pesada repisa tallada sobre a cheminea e xanelas de pequenos cristais, gardábanse as reliquias e documentos da súa antiga familia, entre os cales había moitas ambiguas alusións á Casa Maldita de Benefit Street. Ese malsán lugar non se atopa lonxe, pois Benefit Street corre ao longo do bordo da precipitada pendente por encima da Tribunal, por onde rubiron as primeiras casas dos colonos.

Cando o meu tío me considerou maduro dabondo como para dixerila, puxo ante os meus ollos unha crónica realmente estraña. Malia a lonxitude do seu contido, cheo de estatísticas e monótonas

xenealoxías, corría por ela unha febra continua de tenaz e persistente horror e de malignidade preternatural que me impresionaron máis que ao bo doutor. Sucesos independentes encaixaban entre si de maneira abraiante e detalles ao parecer insignificantes prometían un potencial de espantosas posibilidades. Unha nova e ardente curiosidade abrollou en min, comparada coa cal, a que sentín de raparigo era feble e rudimentaria. A primeira revelación levoume a realizar unha investigación a fondo e finalmente a aquela estarrecedora procura que resultou tan desastrosa para min e para os meus. Pois o meu tío insistiu en unirse ás pescudas que eu iniciara, e tras estar certa noite naquela casa, non volveu saír comigo. Agora estou só, sen aquel espírito amábel cuxos longos anos estiveron cheos de honra, virtude, bo gusto, benevolencia e erudición. Erixín unha urna de mármore en memoria súa no Cemiterio de St. Joh., o lugar benamado de Poe, o recolleito souto de altísimos salgueiros que queda sobre a cuíña, onde tumbas e lápidas se agrupan serenamente entre a mole esbrancuxada da igrexa, as casas e os muros de contención de Benefit Street.

A historia da casa, que se abría paso entre un labirinto de datas, non revelaba nada sinistro no referente á súa construción, nin no referente á honorábel familia que a edificou. Así e todo, desde os seus comezos rodeouna unha aura de calamidades, que axiña adquiriu proporcións de mal agoiro. A historia coidadosamente recompilada polo meu tío comezaba coa construción do edificio en 1763, e desenvolvía o tema cunha desacostumada cantidade de detalles. Os seus primeiros moradores foron William Harris, a súa esposa Rhoby Dexter e os seus fillos, Elkanah, nacida en 1755; Abigail, nacida en 1757; William Junior, nacido en 1759, e Ruth, nacida en 1761. Harris era un adañeirado mercador e mariño, dedicado ao comercio coas Indias Occidentais e

relacionado coa firma de Obadiah Brown e os seus sobriños. Despois da morte de Brown en 1761, a nova casa de Nicholas Brown & Co. nomeouno capitán do bergantín *Prudence*, construído en Providence, de 120 toneladas, o que lle permitiu construír a nova casa que anhelara ter desde que contraera matrimonio. O lugar que elixira, unha parte da recentemente endereitada Back Street, rúa nova e de boa veciñanza, que corría ao longo da aba do outeiro que dominaba o populoso Cheapside, reunía todo o que podía desexarse, e a casa facía honra ao solar que ocupaba. Era todo o boa que podía ser cunha fortuna moderada, e Harris apurou a mudarse a ela antes que nacesse o quinto fillo que esperaba a familia. Este fillo, un home, chegou en decembro, pero naceu morto. Durante un século e medio non ía nacer naquela casa ningún neno vivo.

No mes de abril caeron enfermos os nenos, e Abigail e Ruth morreron pouco despois. O Dr. Job Ives diagnosticou o mal como unha clase de febre infantil, aínda que houbo outros que faloron de simple debilitación e decaemento. En calquera caso, a enfermidade parecía ser contaxiosa, pois no mes de xuño Hannah Bowen, unha das dúas criadas da casa, morreu da mesma doenza. Eh Lideason, a outra criada, queixábase constantemente de debilidade e regresaría á granxa do seu pai de non ser polo grande agarimo que lle tiña a Mehitabel Rehoboth, que substituíra a Hannah. Eh faleceu ao ano seguinte, ano triste en verdade, pois nel morreu o mesmo William Harris, debilitado polo clima da Martinica, onde as súas ocupacións o retiveran durante longas tempadas na década anterior. Rhoby, a súa viúva, nunca se repuxo da perda do seu marido e a morte da súa primoxénita, Elkanah, ocorrida dous anos despois, significou o golpe decisivo á súa razón. En 1768 foi vítima dunha tolemia benigna e quedou recluída no andar superior da

casa. A súa irmá maior, Mercy Dexter, solteira, chegou á casa para coidar da familia. Mercy era unha muller moi pouco agraciada, osuda e de gran fortaleza física, pero a súa saúde empeorou visiblemente desde a súa chegada. Profesaba un profundo afecto á súa desventurada irmá e un agarimo especial ao único sobriño que quedaba, William, que logo de ser un neno forte e robusto converteuse nun raparigo fraco e enfermizo. Ese mesmo ano morreu Mehitabel, e o outro criado, Preserved Smith, marchou sen dar unha explicación coherente, ou aducindo simplemente algunhas historias pouco razoábeis e dicindo que non lle gustaba o cheiro da casa. Durante algún tempo, Mercy non puido conseguir máis axuda, pois sete mortes e un caso de tolemia, todo iso nun período de cinco anos, comezaran a alimentar dixomedíxomes, repetidos ao primeiro xunto ao lume e convertidos logo en absurdos rumores. Finalmente, conseguiu uns criados que non eran da vila: Ann White, unha muller melancólica da parte de North Kingstown que hoxe forma a vila de Exeter, e un home competente chegado de Boston que se chamaba Zenas Low.

Ann White foi a primeira en dar forma definida aos rumores. Mercy nunca debeu tomar criada ningunha da comarca de Nooseneck Hill, pois esas terras remotas e atrasadas eran entón, como hoxe, sementeiro das máis inquietantes supersticións. En 1892, data relativamente recente, as xentes de Exeter desenterraron un cadáver e queimaron cerimonialmente o corazón para impedir certas supostas aparicións nocivas para a saúde e a paz da poboación, e pode imaxinarse cal era o punto de vista desa comarca en 1768. Ann falou moito e indiscretamente, e ao cabo duns meses Mercy despediuna substituíndoa por unha fiel e amábel criada de Newport, Maria Robbins. Entrementres, a infortunada Rhohy Harris, na súa tolemia, daba renda

solta a soños e falsos temores da clase máis terríbel. Había veces en que os seus berros se facían imposíbeis de aturar e durante longos períodos dicía tales horrores que o seu fillo tivo que ser enviado á casa do seu curmán, Peleg Harris, que vivía en Presbyterian Lane, preto do novo edificio do colexio universitario. O rapaz parecía mellorar despois destas visitas, e de ter sido Mercy tan intelixente como ben intencionada, deixaría que o mozo quedase vivir permanentemente en casa de Peleg. A tradición non está de acordo no que a señora Harris gritaba nos seus ataques de violencia ou, mellor dito, os relatos son tan absurdos que se invalidan a si mesmos. Pois resulta, efectivamente, absurdo ouvir que unha muller que só tiña rudimentarios coñecementos do francés, gritase durante horas enteiras empregando un francés basto e coloquial, ou que a mesma persoa, na vixiada soidade do seu cuarto, se queixase amarga e excitadamente dunha presenza que a miraba fixamente e a atormentaba con dentadas e trabadas. Zena, o criado, morreu en 1772, e cando a señora Harris se decatou, celebrouno con risas e alborozo, algo incomprendible nela. Ao ano seguinte faleceu, sendo enterrada no Cemiterio do Norte, xunto ao seu marido.

Cando comezou a guerra con Inglaterra en 1775, William Harris, malia os seus dezaseis anos e da súa constitución feble, conseguiu alistarse no Exército de Observación ás ordes do xeneral Greene, e a partir de entón empezou a mellorar en saúde e a gañar en prestixio. En 1780, sendo capitán das forzas de Rhode Island en Nova Jersey, mandadas polo coronel Angell, coñeceu a Phebe Hetfield, de Elizabethtown, contraeu matrimonio con ela e levouna con el a Providence no ano seguinte, cando o licenciaron do exército con honras. O regreso do novo soldado non foi un acontecemento feliz. A casa, é certo, atopábase aínda en bo estado. A rúa ensanchárase e

cambiáranlle o nome de Back Street polo de Benefit Street. Pero o antes robusto corpo de Mercy Dexter encollera e mirrara dun xeito estraño, e agora era unha patética figura corcovada de voz cavernosa e desconcertante palidez, característica singularmente compartida por Maria, a única criada que quedaba. No outono de 1782, Phebe Harris deu a luz unha filla morta e o día 15 do seguinte mes de maio, Mercy falecía tras unha vida laboriosa, austera e virtuosa. William Harris, convencido á fin da natureza radicalmente malsá da súa casa, decidiu abandonala e fechala para sempre. Conseguiu aloxamento provisional para a súa esposa e para el na Hospedaría da Bóla de Ouro, recentemente aberta, e dispuxo a construción dunha casa nova e mellor en Westminster Street, no ensanche da cidade, alén da Gran Ponte. Alí naceu en 1785 o seu fillo Dutee, e alí viviu a familia até que o desenvolvemento e necesidades do comercio os levaron a instalarse alén do río, máis aló da cuíña, en Angell Street, no novo barrio residencial do leste, onde o desaparecido Archer Harris construíu a súa suntuosa e fea residencia con tellado á francesa en 1876. William e Phebe morreron vítimas da epidemia de febre amarela en 1797, pero Dutee foi criado polo seu curmán Rathbone Harris, fillo de Peleg.

Rathbone era un home práctico e arrendou a casa de Benefit Street, malia o desexo de William de conservala sen alugar. Xulgou que tiña a obriga cara ao seu pupilo de sacar o máximo beneficio do patrimonio do raparigo e non lle importaron as mortes e enfermidades que ocasionaron continuos cambios de inquilinos, nin a crecente aversión que a casa xeralmente inspiraba. É probábel que sentise unicamente anoxo cando, en 1804, as autoridades municipais lle deron orde de a fumigar con xofre, alcatrán e alcanfor como consecuencia do comentado falecemento de catro persoas, probabelmente causado por

un brote de febre epidémica. Díxose que o lugar cheiraba a febre. O propio Dutee non pensou gran cousa na casa, pois chegou a ser oficial dun barco corsario e prestou servizos con distinción no *Vigilant*, mandado polo capitán Cahoone na guerra de 1812. Regresou ileso, contraeu matrimonio en 1814 e foi pai aquela memorábel noite do 23 de setembro de 1815, en que unha gran treboada arrastrou as augas da baía até que cubriron a metade da cidade lanzando unha gran balandra a boa altura de Westminster Street de xeito que os mastros case golpearon as xanelas dos Harris en simbólica afirmación de que o recentemente nado, Welcome, era fillo de mariño. Welcome non sobreviviu ao seu pai, pero si viviu o suficiente para morrer gloriosamente en Fredericksburg, en 1862. Nin el nin o seu fillo Archer souberon nada da Casa Maldita, máis que era unha molestia case imposíbel de arrendar, talvez por mor da perniciosa humidade e do cheiro a vello e a abandono. En realidade, non volveu ser alugada despois dunha serie de mortes que culminaron en 1861, e que pasaron inadvertidas por mor da emoción da guerra. Carrington Harris, o último descendente home da familia, coñecía só como un lugar abandonado, pintoresco e centro de lendas até que eu lle contei a miña experiencia. Propúñase derrubala e construír no solar un novo edificio de apartamentos, pero despois do meu relato decidiu deixala en pé, instalar canos de auga e alugala. Non se tropezou aínda con ningunha dificultade para atopar inquilinos. O horror desapareceu.

III

Pode imaxinarse o profundamente que me impresionaron os anais dos Harris. Nesta ininterrompida historia parecía aniñar unha persistente maldade superior a todo o que eu coñecera na natureza. Unha maldade

claramente relacionada coa casa e non coa familia. Confirmou esta impresión a colección menos sistemática de heteroxéneos datos do meu tío, lendas procedentes de dixomedíxomes de criados, recortes de xornais, copias, certificados de defunción estendidos por médicos colegas seus e cousas semellantes. Non podo reproducir todo ese material, pois o meu tío foi un incansábel investigador do pasado e sentiu grande interese pola Casa Maldita. Así e todo, podo referirme a diversos puntos destacados que chaman a atención pola súa repetición en moitos informes procedentes de diversas fontes. Por exemplo, os rumores da servidume coincidían case unanimemente en atribuír ao soto, cos seus fungos e o seu mal cheiro, a supremacía na perniciosa influencia. Houbo criadas, Ann White especialmente, que se resistían a usar a cociña do soto, e cando menos tres lendas moi concretas falaban das estrañas formas, case humanas ou diabólicas, que tomaban as raíces das árbores e as manchas de balor nesa parte da casa. Estas últimas interesábanme profundamente lembrando o que eu vira de mozo, pero tiven a sensación de que o máis importante quedara en cada caso escurecido en boa parte por engadidos sacados do común acerbo de contos locais de fantasmas. Ann White, coa súa superstición típica de Exeter, difundira a máis estrambótica e ao mesmo tempo máis coherente das historias ou falacias, segundo a cal tiña que estar enterrado baixo a casa un deses vampiros, ou mortos que conservan a forma corporal e viven do sangue ou do alento dos seres vivos, cuxas espantosas hostes envían as súas formas ou espíritos asexantes ao exterior durante a noite. Para acabar cun vampiro, din as comadres, hai que desenterralo e queimarlle o corazón, ou cando menos atravesarllo cunha estaca, e a porfiada insistencia de Ann en que debía cavarse o

chan do soto en busca de cadáveres fora a causa principal de que a despedisen.

Pero as súas historias atoparon un amplo auditorio e aceptáronse máis facilmente porque a casa estaba edificada efectivamente nun lugar que noutra época servira de cemiterio. Para min isto tiña menos importancia que certos detalles realmente desconcertantes, como a queixa do criado, Preserved Smith, que precedera a Ann sen ouvir xamais falar dela, de que algo «lle chuchaba o alento» pola noite; os certificados de defunción das vítimas da febre en 1804, expedidos polo Dr. Chad Hopkins, nos que se mencionaba que as catro persoas carecían inexplicabelmente de sangue; e os escuros desvaríos da pobre Rhoby Harris cando se queixaba dos agudos dentes e ollos vidrosos dunha presenza medio invisíbel. Aínda que libre das supersticións, estas cousas producíanme unha estraña sensación que se intensificou ao ler dous recortes de xornal de datas moi distintas relativos a mortes acontecidas na Casa Maldita, un da *Providence Gazette and Country-Journal*, do 12 de abril de 1815, e o outro do *Daily Transcript and Chronicle*, do 27 de outubro de 1845, e que detallaban un arrepiante suceso cuxa repetición resultaba estraña. Parece ser que en ambos os casos a persoa agonizante, en 1815 unha doce anciá chamada Stafford, e en 1845 un mestre de mediana idade chamado Eleazer Durfee, se transfigurou horriblemente, vidrándose a súa mirada e tentando morder a gorxa do médico que o atendía. Aínda máis estraño foi o caso que puxo final ao alugueiro da vivenda, unha serie de mortes por anemia precedidas de tolemia no curso da cal os enfermos atentaban contra a vida dos seus parentes mediante incisións no pescozo ou nos pulsos.

Isto ocorreu en 1860 e 1861, cando o meu tío comezaba a exercer a súa profesión de médico e antes de partir para a fronte ouviu falar moito

do caso aos seus colegas máis vellos. O que resultaba verdadeiramente inexplicábel era a forma en que as vítimas, xente ignorante, pois aquela casa fedorenta e evitada non podía alugarse a outra clase de persoas, balbucían imprecacións en francés, lingua que era imposíbel que estudasen. Aquilo facía pensar na pobre Rhoby Harris de case cen anos antes, e tanto impresionou isto ao meu tío que empezou a reunir datos históricos sobre a casa ao seu regreso da guerra, despois de escoitar os relatos persoais dos doutores Chase e Whitmarsh. Realmente, comprobei que o meu tío pensara moito no asunto e de que se alegraba do meu propio interese aberto e comprensivo que lle permitía discutir comigo cousas das que outros riron. A súa imaxinación non chegara tan lonxe como a miña, pero presentía que o lugar tiña algo de raro polo seu potencial para a imaxinación e que merecía ser tido en conta como inspiración no terreo do grotesco e o macabro. Pola miña banda estaba disposto a tomar todo o asunto con gran seriedade e empecei decontado non só a revisar as probas, senón a acumular tantos datos como puidese reunir. Falei moitas veces con Archer Harris, o ancián propietario da casa, antes que morrese en 1916, e obtiven del e da súa irmá solteira aínda viva, unha auténtica corroboración de todos os datos que o meu tío reunira arredor da familia. Pero cando lles preguntei que relación puidera ter a casa con Francia ou coa súa lingua, confesáronse tan desconcertados e ignorantes respecto dese asunto coma min. Archer nada sabía, e o único que puido dicir a súa irmá era que posibelmente o seu avó, Dutee Harris, ouvira falar de algo capaz de guindar algunha luz sobre o tema. O vello mariño, que sobreviviu dous anos ao seu fillo morto na guerra, non coñeceu por si mesmo a lenda, pero recordaba que a súa primeira aia, a anciá Maria Robbins, parecía saber vagamente algo que podía dar certo estraño significado aos desvaríos franceses de

Rhoby Harris que tantas veces ouvira nos últimos días daquela desgraciada muller. Maria vivira na Casa Maldita desde 1769 até que a familia se mudou en 1783 e vira morrer a Mercy Dexter. Unha vez insinuoulle algo a Dutee, aínda neno, sobre un detalle algo estraño dos últimos momentos de Mercy, pero o mozo esquecérao todo agás que se trataba de algo raro. A neta lembraba aquel detalle dun xeito confuso. Nin ela nin o seu irmán estaban tan interesados na casa como Carrington, o fillo de Archer e actual propietario, con quen falei despois do que me pasou.

Unha vez que conseguín da familia Harris todos os datos que sabían, dediqueime a investigar os antigos arquivos e documentos da cidade con máis coidado e minuciosidade do que o fixera o meu tío. O que buscaba era unha historia completa do solar en que se construíra a casa desde a fundación da cidade, ocorrida en 1636, ou aínda desde tempos anteriores, se é que podía desenterrar algunha lenda dos indios Narragansett co fin de obter os datos. Atopei, para empezar, que aqueles terreos formaron parte dunha longa franxa de terra outorgada orixinalmente a John Throckmorton, unha das moitas similares que comezaban en Town Street, xunto ao río, e que se estendían sobre o outeiro até un lugar que coincidía aproximadamente coa da moderna Hope Street. A propiedade de Throckmorton, naturalmente, subdividírase máis tarde e dediquei moito tempo e traballo a investigar que fora daquela parte pola que logo correría Back ou Benefit Street. Parece, segundo rumores, que fora o cemiterio dos Throckmorton, pero cando estudei máis coidadosamente os documentos, descubrín que todas as tumbas foran trasladadas nunha data anterior ao Cemiterio do Norte, situado na Pawtucket West Road. E de súpeto atopei, por pura casualidade, pois non estaba nos cartafoles principais e moi ben puido

pasarme inadvertido, algo que me emocionou profundamente, pois encaixaba con algúns dos aspectos máis estraños do caso. Era un documento de arrendamento de 1697, relativo a un pequeno anaco de terra, e outorgado a un tal Etienne Roulet e á súa esposa. Á fin aparecera o elemento francés e tamén outro máis profundamente arrepiante que o nome evocou extraéndoo das miñas insólitas e heteroxéneas lecturas, o que me levou a estudar febrilmente o plano do lugar tal como fora antes do trazado da Back Street entre 1747 e 1758. Atopei o que a medias esperaba. No solar onde se alzaba agora a Casa Maldita, detrás dunha casiña de planta baixa, os Roulets enterraran os seus mortos, sen que existise constancia de ningún traslado de tumbas. O documento terminaba dun modo confuso e tiven que buscar nos arquivos da Sociedade Histórica de Rhode Island e na Biblioteca Shepley até atopar unha referencia local ao nome de Etienne Roulet. Por fin atopei algo e de tan vago e monstruoso significado que decidín investigar decontado o soto da Casa Maldita cunha nova e emocionada minuciosidade.

Polo visto os Roulets chegaron en 1696 de East Greenwich á costa occidental da baía de Narragansett. Eran hugonotes procedentes de Caude, e bateran cunha forte oposición antes de que se lles permitise instalarse en Providence. A impopularidade acosáraos en East Greenwich, onde chegaron en 1686 despois da revogación do Edicto de Nantes, e dicían as malas linguas que aquela zuna procedía de algo máis que dos prexuízos raciais ou nacionais, ou das rifas sobre terras que afectaron a outros colonizadores franceses que disputaron cos ingleses, rifas que nin sequera o gobernador Andros puido tranquilizar. Pero o seu ardente protestantismo, demasiado ardente, segundo algúns, e a súa manifesta aflición cando os botaron da vila fixo que lles concedesen refuxio. E Etienne Roulet de pel olivácea, menos afeito a angueiras

agrícolas que a ler estraños libros e debuxar raros diagramas, logrou que lle desen un posto de oficinista no peirao de Pardon Tillinghast, no extremo sur de Town Street. Pero tivo lugar un balbordo dalgún tipo, talvez corenta anos máis tarde, despois da morte do vello Roulet, e ninguén pareceu volver ouvir falar da familia desde entón. Polo visto, durante máis dun século lembrouse ben os Roulet, e falouse frecuentemente deles como protagonistas de incidentes ocorridos na vida apracíbel do porto de Nova Inglaterra. Paul, o fillo de Etienne, raparigo taciturno cuxa conduta impredicíbel probabelmente provocara o escándalo que fixo desaparecer a familia, foi especialmente motivo de conxecturas; e aínda que Providence non compartiu nunca os temores á bruxaría dos seus veciños puritanos, insinuaban as vellas comadres que as pregarias de Paul non eran proferidas no momento adecuado nin dirixidas a quen debían dirixirse. Todo isto constituíu a base da lenda coñecida pola anciá Maria Robbins. A relación que puidese ter cos desvaríos en francés de Rhoby Harris e doutros habitantes da Casa Maldita, só poderían determinalo a imaxinación ou algún descubrimento futuro. Pregunteime cantos dos que coñeceran as lendas souberan daquel elo máis co terríbel, que as miñas extensas lecturas me permitiran descubrir. Un dato significativo atopado nos anais do horror morboso e que fala de Jacques Roulet, de Caude, condenado en 1598 a morrer na fogueira por demoníaco, salvado logo das chamas polo Parlamento de París e encerrado nun manicomio. Foi atopado nun bosque cuberto de sangue e de farrapos de carne, pouco despois de que unha parella de lobos desen morte a un rapaz e o esnaquizasen. Conseguiu escapar ileso a un dos lobos. Sen dúbida unha bonita historia para escoitala á beira da cheminea, cun nome e un lugar estrañamente significativos, pero cheguei á conclusión de que non era

posíbel que os murmuradores de Providence en xeral puidesen coñecela. De saberse, a coincidencia dos nomes provocaría accións drásticas inducidas polo medo, aínda que, non puidera ser a súa difusión, aínda que entre murmurios, a causa do balbordo final que fixera desaparecer os Roulet da cidade?

Comecei a visitar o lugar maldito con crecente frecuencia, a estudar a malsá vexetación do xardín, a examinar todas as paredes da casa e a revisar, centímetro a centímetro, o chan de terra do soto. Finalmente, con permiso de Carrington Harris, procureime unha chave para a porta do soto que deixara de usarse e que daba directamente a Benefit Street, pois prefería ter unha saída máis directa ao exterior que a que brindaban as escuras escaleiras, o vestíbulo do piso baixo e a porta principal. Alí, onde o morboso asexaba en cada recuncho, investiguei e furguei nos longos solperes en que o sol se escoaba pola porta cuberta de arañeiras que quedaba por encima do nivel do piso e que me situaba tan só a uns poucos metros da apracíbel beirarrúa. Ningunha novidade premiou o meu labor, só a deprimente e balorenta humidade e as leves suxestións de olores desagradábeis e os salitrosos perfís no chan, e o supoño que moitos transeúntes deberon de mirarme con curiosidade a través dos cristais rotos. Finalmente, por unha suxestión do meu tío, decidín converter en nocturnas as miñas visitas e unha noite de treboada guiei o raio de luz dunha lanterna eléctrica polo chan zumegante en que se debuxaban estrañas siluetas e nas que abrollaban fungos medio fosforescentes. O lugar deprimírame curiosamente aquela tarde, e case estaba preparado cando vin, ou crin ver, entre os esbrancuxados sedimentos a silueta especialmente definida da «sombra corcovada» que imaxinara desde pequeno. A súa claridade era asombrosa e sen precedentes, e mentres a observaba crin ver de novo o

tenue e trémulo hálito amarelado que me asustara unha tarde chuviosa había moitos anos. Elevouse por encima da mancha antropomórfica de balor que había xunto á cheminea: era un vapor o sutil, malsán, case luminoso que mentres flotaba trémulo no ar húmido parecía adoptar unha forma vaga, incerta e maligna, para logo esvaeceuse aos poucos nunha nube, subindo a través da escuridade da gran cheminea e deixando un noxento fedor ao seu paso. Foi verdadeiramente arrepiante e moito máis para min, polo que sabía do lugar. Negándome a fuxir, contempleino até que se esvaeceu e mentres o miraba sentín que tamén aquilo me observaba avidamente con ollos máis imaxinábeis que visíbeis. Cando llo contei ao meu tío impresionouno profundamente, e despois dunha hora de reflexión, tomou unha decisión definitiva e drástica. Valorando mentalmente a importancia da cuestión e o significado da nosa relación con ela, insistiu en que ambos os dous debiamos probar, e se era posíbel destruír, o misterioso horror da casa dedicándonos unha noite, ou varias, a vixiar xuntos, dispostos a actuar violentamente naquela adega balorenta e apestada dos fungos.

IV

O mércores, 25 de xuño de 1919, despois de informar debidamente a Carrington Harris, aínda que sen comunicarlle o que esperabamos atopar, o meu tío e mais eu levamos á Casa Maldita dúas hamacas e un catre de campaña encartábel xunto cuns aparellos científicos de gran peso e complexidade. Puxemos todo no soto durante o día e tapamos as xanelas con papel, coa intención de volvermos pola noite para nosa primeira garda. Pechamos con chave a porta do soto que levaba ao piso baixo e, dado que tiñamos chave para a porta que daba á rúa,

estabamos dispostos a deixar alí os custosos e delicados aparellos, conseguidos en segredo e a un elevado prezo, tantos días como fose necesario. O noso plan era permanecer espertos até moi tarde e vixiar logo por quendas durante gardas de dúas horas. Eu encargárame da primeira e o meu compañeiro da segunda, e quen quedase libre descansaría no catre. O meu tío asumiu a dirección da nosa aventura e conseguiu os instrumentos nos laboratorios da Universidade de Brown e na Armería de Cranston Street, pondo de manifesto a gran vitalidade e resistencia das que gozaba aos seus oitenta e uns anos. Elihu Whipple vivira de acordo coas leis hixiénicas que predicara como médico e de non ser polo que logo ocorreu, aínda estaría entre nós cheo de vigor. Só dúas persoas saben ou sospeitan o que aconteceu: Carrington Harris e mais eu. Tiven que contarlle a Harris porque era o propietario da casa e merecía saber o que saíra dela. Ademais, faláramos con el antes de iniciar as nosas pescudas e, ao producirse a desaparición do meu tío, souben que sabería comprender e axudarme a dar unhas explicacións públicas vitais e necesarias. Palideceu ao ouvirme, pero aceptou axudarme e decidiu que xa non habería perigo en alugar a casa.

Dicir que non estabamos nerviosos naquela chuviosa noite de vixilancia sería faltar á verdade. Ningún dos dous eramos, como dixeran, supersticiosos, pero o estudo científico e a reflexión ensináranos que o coñecido universo de tres dimensións abrangue unha mínima parte da sustancia e enerxía total do cosmos. Naquel caso, existían numerosas probas auténticas da existencia de forzas dotadas dun gran poder e, desde o punto de vista humano, dunha excepcional maldade. Afirmar que criamos realmente en vampiros ou en lobishomes non sería exacto. Máis ben pode dicirse que non estabamos dispostos a negar a posibilidade de certas modificacións anormais e sen clasificar da enerxía

vital e a materia diluída, existentes con pouca frecuencia no espazo tridimensional por mor da súa máis íntima relación con outras unidades espaciais, pero o suficientemente próximas á nosa como para manifestarse ocasionalmente en formas que, por faltarnos unha perspectiva acaída, escapan á nosa comprensión. En resumo, criamos o meu tío e mais eu que unha serie de factores indicaban a existencia dun influxo persistente na Casa Maldita que se remontaba a un ou outro dos colonos franceses de había dous séculos e que seguía actuando segundo insólitas e descoñecidas leis do movemento atómico e electrónico. A historia da familia Roulet parecía demostrar que os seus membros posuíran unha anormal afinidade con círculos de entidades exteriores, de esferas escuras que só inspiran noxo e terror ás persoas normais. Non porían en movemento os disturbios da década de 1730 certas configuracións cinéticas no morbosos cerebro dalgún dos seus membros, especialmente no do sinistro Paul Roulet, que sobrevivirían misteriosamente aos corpos asasinados e continuado funcionando nalgún espazo multidimensional coas forzas orixinais impulsadas por un odio frenético da comunidade invadida?

Sen dúbida, isto non sería imposíbel desde o punto de vista físico ou bioquímico á luz da ciencia moderna que inclúe a teoría da relatividade e da acción intraatómica. É fácil imaxinar un núcleo estraño de sustancia ou enerxía, carente ou non de forma, mantido vivo por subtraccións imperceptíbeis ou inmateriais de forza vital, ou de tecidos corporais e fluídos doutros seres vivos máis palpábeis nos cales penetra e con cuxos tecidos chega mesmo a confundirse. Pode ser hostil de maneira activa, ou obedecer sinxelamente a impulsos cegos de conservación. En calquera caso, semellante monstro ha ser por forza no noso esquema vital unha anomalía e un intruso, e a súa eliminación é

deber primordial de todo home que non sexa inimigo da vida, a saúde e a cordura do mundo. O que nos desacougaba era nosa completa ignorancia da aparencia baixo a cal podiamos atopar aquilo. Ningunha persoa corda o vira e poucas o sentiran de maneira concreta. Podía ser enerxía pura, unha forma etérea e allea ao reino da sustancia, ou podía ser parcialmente material, unha masa descoñecida e ambigua de plasticidade, capaz de transformarse a vontade nunha nebulosa aproximación dun estado sólido, líquido, gasoso ou a calquera outro estado tenuemente carente de partículas. A mancha antropomórfica do balorento salitre do chan, a configuración ou silueta do amarelado vapor e a curvatura das raíces nalgunhas das antigas lendas tendían a confirmar, pola remota e lembrada conexión coa forma humana. Pero ninguén podía saber con certeza até que punto era representativa ou permanente aquela similitude. Dispuñamos de dúas armas para combatalo: unha válvula Crookes de raios catódicos de tamaño considerábel, especialmente equipada e alimentada por potentes acumuladores, con pantallas e reflectores especiais por se a cousa era intanxíbel e só podía ser destruída con radiacións de éter de grande intensidade, e un par de lanzachamas militares dos que foran utilizados na Guerra Mundial, por se era parcialmente material e susceptíbel de destrución mecánica, pois, ao igual que os supersticiosos labregos de Exeter, estabamos dispostos a queimarlle o corazón, se había algún corazón que queimar. Todo este equipo de agresión quedou instalado no soto en lugares coidadosamente dispostos con relación ao catre e ás cadeiras e á zona diante da cheminea onde o balor tomara estrañas formas. Esa incitante mancha, dito sexa de paso, era só levemente visíbel cando instalamos o catre, as cadeiras e os instrumentos, e cando regresamos pola noite para iniciar a vixilancia. Por un momento dubidei

vela algunha vez debuxada con maior firmeza, pero entón lembrei as lendas.

A nosa garda no soto comezou ás dez da noite e discorreu sen que o transcurso das horas achegase ningunha novidade. O feble resplandor que se escoaba até o soto procedente dos farois da rúa azoutada pola chuvia e a tenue fosforescencia dos aborrecíbeis fungos permitíannos ver a humidade da parede de pedra, da que desaparecera todo vestixio do enfoscado orixinal. O chan de terra cuberto en parte de brión e de repulsivos fungos. Os restos podrecidos das que foran mesas, banquetas e cadeiras, e outros mobles non identificábeis. As grosas táboas do andar superior e as grandes trabes do teito. A escangallada porta de taboleiros que conducía a cuartos e salas situados baixo outros apousentos da casa. A escaleira de pedra medio esborrallada co seu estragado pasamáns de madeira. A basta cheminea de tixolos denegridos na que uns enferruxados anacos de ferro lembraban que alí houbera noutros tempos trespés, trasfogueiros, espeteiras e outros trebellos dos cociñeiros cuxos nomes caeron case no esquecemento, así como a porta do forno de tixolo e a pesada e intrincada maquinaria destrutiva que levamos connosco. Como nas miñas anteriores exploracións, deixamos aberta a porta que daba á rúa, para ter unha vía de escape práctica e directa no caso termos que enfrontarnos con manifestacións imposíbeis de dominar. Pensabamos que a nosa longa presenza nocturna atraería calquera ente maligno que alí asexase e que, estando preparados, poderíamos eliminalo con algún dos medios de que dispuñamos, despois de o recoñecer e observar o suficiente. Non tiñamos a menor idea do tempo que esixiría evocar e destruír a cousa. Sabiamos, desde logo, que a aventura era arriscada, xa que non podiamos intuír a forza con que se manifestaría o fenómeno. Pero

pensabamos que o xogo pagaba a pena e emprendémolo sós e sen vacilar, comprendendo que buscar axuda só nos exporía ao ridículo e talvez conducise ao fracaso dos nosos plans. Ese era o noso estado de ánimo mentres parolabamos, avanzada a noite, até que o ar somnolento do meu tío me lembrou que chegara o momento de que fose descansar un par de horas.

Algo semellante ao medo xeoume o corazón cando quedei alí sentado na madrugada e sen compañía, e digo sen compañía porque quen permanece xunto a unha persoa durmida está verdadeiramente só, talvez máis só do que poida imaxinar. O meu tío respiraba pesadamente, o rumor da chuvia acompañaba as súas inspiracións punteadas por outro son de auga que pingaba no interior da casa, porque esta era moi húmida aínda en tempo seco e con aquela treboada parecía un pantano. Púxenme a mirar detidamente a vella cantaría das paredes á luz dos fungos e dos febles reflexos que se filtraban polas persianas. Nunha ocasión, cando aquel ruído estaba a piques de facerme perder a paciencia, abrín a porta e mirei arriba e abaixo da rúa alegrando os meus ollos con cousas coñecidas e tamén o olfacto co aire puro e saudábel. Pero non sucedeu nada que recompensase a miña vixilancia e bocexei repetidamente mentres a fatiga comezaba a predominar sobre o temor. Logo, o meu tío moveuse en soños e atraeu a miña atención. Durante a última metade da primeira hora movérase varias veces, intranquilo, pero agora estaba a respirar con anormal irregularidade, suspirando ás veces queixosamente. Enfoqueino coa miña lanterna eléctrica e vino coa cara volta para atrás, polo que me levantei e crucei até o outro lado do catre e enfoqueino novamente para ver se parecía ter algunha dor. Vin algo que me alarmou de forma sorprendente, tendo en conta a súa relativa nimiedade. Debeu de ser, sinxelamente, a asociación dunha

circunstancia pouco frecuente coa sinistra natureza do lugar en que nos atopabamos e a índole da nosa misión, xa que a situación en si non tiña nada de espantoso nin de anormal. Simplemente, a expresión do rostro do meu tío, perturbado polos soños estraños que a nosa situación provocaba, revelaba unha grande axitación e non parecía ser propia del. A súa expresión habitual era apracíbel e tranquila, mentres que agora parecían loitar dentro del diversas emocións. Creo que o que me inquietou principalmente foi esa variedade. O meu tío, mentres arquexaba e se movía con crecente inquietude e con ollos que empezara a abrir, non parecía un, senón moitos homes, e daba a curiosa sensación de estrañamento de si mesmo.

De súpeto, comezou a murmurar e non me gustou o aspecto da súa boca e dos seus dentes mentres falaba. Ao principio non puideron entender as palabras que dicía, pero logo o meu abraio foi moi grande cando recoñecín nelas algo que me deixou xeado até que lembrei a gran cultura do meu tío e as interminábeis traducións que fixera de artigos de antropoloxía e temas da antigüedade para a *Revue des Deux Mondes*. Pois o respectábel doutor Whipple estaba a murmurar en francés, e as poucas frases que puideron captar parecían estar relacionadas cos máis escuros mitos que adaptara da famosa revista de París. De súpeto, a fronte do meu tío mollouse de suor e el incorporouse bruscamente, medio esperto. Deixou de murmurar en francés para dar un berro en inglés, e exclamou en ton angustiadao:

—O meu alento..., o meu alento!

Espertou por completo e, recobrando o seu rostro a expresión normal, tomou a miña man e comezou a relatarme un soño cuxo espantoso significado só puideron intuír con abraio. Dixo que pasara flotando desde unha serie corrente de escenas soñadas a outra cuxa

rareza non podía relacionarse con nada que lese. Era deste mundo e, con todo, allea a el, unha escura confusión xeométrica na cal podían verse elementos de cousas familiares nas máis anormais e inquietantes combinacións. Advertíase unha suxestión de imaxes estrañamente desordenadas superpostas unhas ás outras: unha perspectiva na que o esencial do tempo e tamén do espazo parecía disolto e mesturado da maneira máis ilóxica. Neste calidoscópico vórtice de imaxes fantasmais había instantáneas ocasionais, se pode empregarse esta palabra, de singular claridade, pero de inexplicábel heteroxeneidade. Nun momento o meu tío creu xacer nunha fosa recentemente aberta, mentres unha multitude de rostros con alborotados rizos e chapeus tricornes o miraban desde o alto. Noutro momento pareceulle estar dentro dunha casa, aparentemente antiga, cuxos habitantes e detalles cambiaban continuamente e non podía lembrar os rostros nin os mobles, nin sequera o cuarto, dado que portas e xanelas cambiaban de forma e posición coa mesma volubidade que os demais obxectos. O máis raro, e o meu tío referiuse a iso no ton de quen non espera que o crean, era que moitos dos estraños rostros que entrevira en soños tiñan indubidabelmente os trazos da familia Harris. E todo o tempo tivo a sensación persoal de afogo, como se algo de natureza penetrante se espaxase por todo o seu corpo e estivese tratando de apropiarse das súas funcións vitais. Arreguiceime ao pensar neses procesos vitais, desgastados por oitenta e uns anos de traballo continuo, loitando contra forzas descoñecidas das que un organismo máis novo e robusto fuxiría con temor. Pero ao cabo dun momento díxenme que os soños só son soños e que aquelas turbadoras visións non eran, como máximo, máis que a reacción do meu tío ás investigacións e esperanzas que encheran as nosas mentes, con exclusión de calquera outra idea.

A conversa contribuíu tamén a disipar a miña sensación de rareza e non tardei en renderme aos bocexos, co cal aproveitei a miña quenda para durmir. O meu tío parecía agora moi esperto e alegrouse que lle chegase a quenda de vixiar, aínda que o pesadelo espertárao moito antes das dúas horas de descanso que lle correspondían. Axiña fiqui durmido e decontado vinme acosado por soños da máis inquietante natureza. Nas miñas visións experimentei unha soidade cósmica e abismal, que a hostilidade me acosaba desde todos os recunchos dalgunha prisión en que me achaba encerrado. Pareceume estar atado e amordazado, atormentado polos resoantes berros de multitudes afastadas, sedentas do meu sangue. Presentóuseme o rostro do meu tío con expresión menos pracenteira que a que tiña cando o vía esperto e recordo as miñas inútiles tentativas de berrar. Non foi un repouso agradábel e por un instante non lamentei o ouleo que atravesou as barreiras do soño e que me deixou nunha penetrante e sorprendida vixilia, na que cada obxecto que tiña á vista se destacaba cunha nitidez e realidade superiores ao natural.

V

Estivera deitado de costas ao meu tío, polo que ao espertar bruscamente só vin a porta que daba á rúa, a xanela que quedaba máis cara ao norte e a parede, a parte do chan e o teito do norte da estancia, todo iso fotografado con mórbida rapidez no meu cerebro e cunha luz máis brillante que a dos fungos ou a que chegaba desde a rúa. Non era unha luz intensa, nin moito menos, nin sequera suficiente para ler un libro corrente. Pero proxectaba a sombra do meu corpo e da cama sobre o chan e tiña unha forza penetrante e amarelada que suxería as cousas con

máis forza que a mesma luminosidade. Percibín isto claramente, aínda que dous dos meus sentidos estaban violentamente trastornados. Pois resoaba nos meus ouvidos o eco daquel berro arrepiante, en tanto que anoxaba o meu olfacto o fedor que enchía o lugar. A miña mente, tan alerta como os meus sentidos, recoñeceu o anormal e case automaticamente saltei da cama e volvinme para coller os instrumentos de destrución que deixáramos instalados sobre a mancha de humidade, diante da cheminea. Mentres me volvía, temín o peor, xa que o berro proferírao a voz do meu tío e ignoraba contra que ameaza tería que defendelo e defenderme. Pero o que vin foi peor do que imaxinara. Hai horrores que son máis que horrendos e aquel era un deses núcleos de horror dos pesadelos que condensaba todo o espanto que o cosmos reserva para fulminar a un feixe de seres malditos e desgraciados. Da terra apestada polos fungos, abrollaba unha luz vaporosa, amarelada, malsá e cadavérica que se elevaba até tomar unha vaga forma xigantesca de incerta silueta humana metade home e metade monstro, a través da cal puiden ver a campá e o fogar da cheminea que quedaban detrás. Era todo ollos burlóns de lobo e a rugosa cabeza como de insecto desvanecía-se no alto nunha lene brétema que se envolvía horribilmente e acababa por desaparecer pola cheminea. Digo que vin aquilo, pero só conseguín rastrexar a súa abominábel tentativa de forma a través do recordo consciente. Entón non tivo para min senón o aspecto dunha nube en aparente ebulición, lixeiramente fosforescente, de repugnante fungosidade, que rodeaba e disolvía en plasticidade terríbel o único obxecto no que se concentraba a miña atención. Ese obxecto era o venerado Elihu Whipple, que co rostro denegrado e as faccións desfiguradas ollaba para min descaradamente e murmuraba palabras

incomprensíbeis en tanto que procuraba alcanzarme cunhas gadoupas húmidas para esnaquizarme coa furia que aquel horror lle inculcara.

Tan só a rutina me salvou da tolemia. Preparárame para o momento decisivo e este adestramento cego foi o que me axudou. Compreendendo que aquel maleficio non era de sustancia vulnerábel para a forza física ou a química, fixen caso omiso do lanzachamas que estaba á miña esquerda, conectei a corrente da válvula catódica e enfoqueina cara a aquela escena blasfema lanzando contra ela as máis potentes radiacións de éter que o artificio humano pode extraer do espazo e as correntes da natureza. Produciuse unha brétema azulada e un frenético chispear, e a fosforescencia amarela perdeu luminosidade. Pero decateime de que a perda de luz era soamente efecto do contraste e que as ondas do aparello eran absolutamente ineficaces. Entón, no medio daquel demoníaco espectáculo, vin un novo horror que me lanzou vacilante e trémulo cara á porta non fechada con chave que se abría á rúa tranquila, sen coidarme dos anómalos horrores que desataba sobre o mundo, nin o que os homes puidesen pensar e xulgar da miña conduta. Naquela mestura de penumbra azulada e amarelada, a silueta do meu tío comezara unha nauseabunda licuefacción cuxa esencia resulta imposible de describir, e no curso da cal se producían no seu rostro uns cambios de identidade que só a tolemia pode concibir. Era simultaneamente un demo e unha multitude, un matadoiro e unha procesión. Iluminada por aquela luz híbrida e incerta, a faciana de xelatina transmutábase e adquiría unha ducia, unha vintena, un centenar de aspectos, e cun aceno foi caendo ao chan coroando un corpo que se derretía como se fose de sebo e presentando en caricatura as faccións de lexións de seres que eran e non eran descoñecidos.

Vin as faccións da estirpe dos Harris, homes e mulleres, adultos e nenos e outros rostros vellos e novos, bastos e refinados, familiares e descoñecidos. Durante un segundo apareceu unha imitación envilecida dunha miniatura da pobre Rhoby Harris que vira no Museo da Escola de Debuxo, e outra vez pareceume ver a osuda imaxe de Mercy Dexter, tal como a lembraba nun cadro que había na casa de Carrington Harris. Aquilo excedía en horror todo o imaxinábel. Contra o final, cando unha estraña mestura de faccións de serventes e nenos pequenos tremelucía preto do chan sobre o que prosperaban os fungos, tiven a impresión de que os distintos rostros loitaban entre si e procuraban formar uns trazos semellantes aos do bondadoso rostro do meu tío. Gústame pensar que el existiu naquel momento e que tratou de dicirme adeus. Creo que da miña seca gorxa saíu un laio de despedida no momento en que saín tropezando á rúa. Un fío de graxa seguiume pola porta até a beirarrúa enchoupada pola chuvia. O resto é sombrizo e monstruoso. Na rúa mollada non había ninguén e non había en todo o mundo unha soa persoa coa que me atrevería a falar. Andei sen rumbo, pasei por College Hill e ante o Athenaeum, baixei por Hopkins Street e crucei a ponte que leva á parte máis animada da cidade, onde os elevados edificios parecían protexerme, como as cousas materiais modernas protexen o mundo contra os antigos e maléficos prodixios. Logo o abrente gris rompeu humidamente polo leste, recortando a silueta da lomba arcaica e os venerábeis campanarios que sobre ela se alzaban, atraéndome ao lugar onde a miña tarefa terríbel estaba sen acabar. Finalmente, mollado, sen chapeu, ofuscado pola luminosidade da mañá, entrei pola porta terríbel de Benefit Street que deixara entreaberta e que aínda se mexía misteriosamente á vista da xente madrugadora coa que non me atrevín a falar.

Desaparecera a graxa, pois o balorento chan era poroso. E diante da cheminea non quedaba vestixio da xigantesca forma de salitre dobrada sobre si mesma. Vin a cama, as cadeiras, os instrumentos, o meu chapeu abandonado e o de palla amarelada do meu tío. Dominábame a incerteza e apenas podía lembrar o que era soño e o que era realidade. Logo, aos poucos, fun recobrando o sentido e souben que presenciara cousas máis espantosas que as que soñara. Sentei e tratei de conxectar na medida en que a razón mo permitiu, que acontecera e como podería acabar co horror, se en realidade existira. Non parecía ser algo material, nin etéreo, nin ningunha outra cousa concibíbel por unha mente mortal. Que podía ser, logo, senón algunha emanación exótica? Algún vapor vampírico como o que a xente rústica de Exeter di que aboia sobre algúns cemiterios. Pensei que aquela era a clave e volví mirar o chan onde fungos e salitre tomaran estrañas formas. Logo de dez minutos xa decidira. Collendo o meu chapeu, marchei para a casa, bañeime, comín e encarguei por teléfono un pico, unha pa, unha máscara antigás e seis garrafóns de ácido sulfúrico, todo o cal deberían entregarme á mañá seguinte na porta do soto da Casa Maldita de Benefit Street. Despois tratei de durmir, pero ao non conseguilo, pasei as horas lendo e comendo versos anódinos para acougar.

Ás once da mañá do día seguinte comecei a cavar, Ía un tempo asollado e celebreino. Seguía só, xa que por moito temor que me inspirase o horror descoñecido, temía máis a idea de contar o acontecido. Posteriormente reveleille todo a Harris, por pura necesidade e porque el ouvira xa algunhas antigas lendas que podían predispo-lo á credulidade. Ao revolver a negra terra diante da cheminea, a pa fixo fluír dos brancos fungos un viscoso zume amarelo e eu tremín polo que podería descubrir. Algúns segredos do interior da terra non son bos

para o xénero humano e aquel parecíame un deles. Tremíanme as mans perceptiblemente, pero non por iso deixei de cavar, e pasado un anaco xa o estaba facendo dentro da gran foxa que abrira. Aos poucos o furado se ía facendo máis fondo, tiña xa arredor de dous metros e o nauseabundo fedor aumentaba e non dubidei máis do meu inminente contacto coa cousa infernal cuxas emanacións enmeigaran a casa durante máis dun século e medio. Pregunteime que aspecto tería, cales serían a súa forma e sustancia e que tamaño tería ao cabo de tantos anos de alimentarse zugador vidas alleas. Finalmente, saín do furado, espaxé a terra amoreada e logo dispuxen os garrafóns de ácido arredor de dous dos bordos, de modo que cando fose necesario puidese baleiralos todos rapidamente no foxo. Despois diso botei terra sobre os outros dous lados cavando máis lentamente e colocándome a máscara antigás cando o cheiro aumentou. Atopábame case acovardado pola proximidade dun algo sen nome que talvez encontraría no fondo do burato.

De súpeto a pa chocou contra algo máis brando que a terra. Arreguiceime e dispúxenme a saír do furado, no que estaba agora afundido até o pescozo. Pero recuperei o valor e seguí sacando terra á luz da lanterna eléctrica que levara comigo. A superficie que descubrín era medio translúcida e vidrosa, unha especie de xelatina conxelada e podrecida. Seguí quitando terra e vin que tiña forma. Había unha fenda sobre a cal se dobraba parte daquela sustancia. O que quedou á vista era aproximadamente cilíndrico; algo semellante a un xigantesco tubo de cheminea dobrado cuxa parte máis grosa mediría medio metro de diámetro. Cavei un pouco máis e logo saín rapidamente do buraco para apartarme de tan noxento achado. Destapei freneticamente os pesados garrafóns e botei o corrosivo contido dun e doutro naquela

foxa sepulcral e sobre aquela incrível anormalidade cuxo xigantesco cóbado albiscara. O cegador bulebule de vapores amarelos e averdados que ascendeu afervorado da foxa cando caeu o torrente de ácido, nunca se borrará da miña memoria. A xente de todo aquel outeiro fala do «día amarelo», en que uns vapores virulentos e horríbeis se elevaron desde a morea de residuos vertidos por unha fábrica no río Providence, pero eu sei o moi equivocados que están en canto á orixe. Tamén falan do espantoso bruído que saíu ao mesmo tempo dalgún cano subterráneo de gas ou de auga, e de novo podería corrixilos se me atrevese. Foi algo impresionante e non comprendo como estou vivo despois de pasar por aquela experiencia. Tras baleirar o cuarto garrafón, que tiven que utilizar cando as emanacións empezaran a filtrarse pola máscara, esvaecínme, pero cando me recuperei vin que xa non saían máis vapores da foxa. Baleirei os outros dous sen ningún resultado concreto e, logo dun intre, pareceume que xa non había perigo en volver encher a foxa. Cando terminei a miña tarefa empezaba a anoitecer, pero o medo desaparecera do lugar. A humidade era menos fétida e os estraños fungos murcharan, converténdose nun po agrisado que se esparexía como cinza polo chan. Un dos terrores máis ocultos da terra desaparecera para sempre e se hai inferno, á fin fora parar a el a alma diabólica dun ser maldito. Cando pisei a última padexada de terra balorenta, derramei a primeira bágoa das moitas que chorei en sincera homenaxe á memoria do meu querido tío.

Na primavera seguinte xa non medrou unha herba pálida no xardín en pendente da Casa Maldita, e pouco despois Carrington Harris alugou a súa propiedade. Aínda ten un aspecto fantasmal pero a súa peculiaridade subxúgame e sentirei alivio, mesturado cunha mágoa estraña, cando a derruben para convertela nun vulgar edificio de

apartamentos ou nunha deslucida tenda. As estériles árbores do xardín comezaron a dar unhas mazás doces e o ano pasado aniñaron os paxaros nas súas nodosas pólas.



O HORROR DE RED HOOK

[*The Horror at Red Hook* escribiuse a comezos de agosto de 1925 e publicouse por primeira vez no número de xaneiro de 1927 da revista *Weird Tales*]

Hai sacramentos tanto do mal como do ben ao noso redor. Vivimos e movémonos, ao meu xuízo, nun mundo descoñecido, nun lugar onde hai cavernas e sombras e moradores do crepúsculo. É posíbel que o ser humano poida ás veces retroceder no carreiro da evolución, e coido que hai un saber terríbel que non morreu aínda.

— ARTHUR MACHEN

I

Non hai moitas semanas, na esquina dunha rúa da vila de Pascoag, Rhode Island, un peón alto, de constitución forte e aspecto saudábel, deu moito que falar por mor do seu singular comportamento. Polo visto baixara pola estrada de Chepachet e ao chegar á parte máis populosa torcera á esquerda, pola rúa principal, onde varios bloques de modestos establecementos dan certa impresión

de núcleo urbano. Ao chegar alí, e sen causa aparente, manifestou o seu singular comportamento: mirou un segundo de forma estraña cara ao máis alto dos edificios e logo, proferindo ouleos de terroe e histeria, iniciou unha frenética carreira que concluíu cando tropezou e caeu no cruzamento seguinte. Unhas mans solícitas recollérono e sacudíronlle o po, descubríndose entón que estaba consciente, fisicamente ileso e claramente repostado do seu repentino ataque de nervios. Murmurou unhas avergoñadas explicacións sobre certa tensión que soportara, encamiñouse coa cabeza gacha cara á estrada de Chepachet e emprendeu o regreso sen volver a vista atrás nin unha soa vez. Atoparon estraño que lle sucedese a un home tan corpulento, robusto e de aspecto tan normal un contratempo semellante. Esta estrañeza non diminuíu ao ouvir os comentarios dun dos miróns, que o recoñeceu como o hóspede dun coñecido leiteiro do extrarradio de Chepachet. Resultou ser un detective da policía de Nova York chamado Thomas F. Malone, que se atopaba gozando dun longo permiso, para someterse a tratamento médico, tras un traballo excepcionalmente arduo nun espantoso caso local de dramáticas consecuencias. Varios edificios de tixolo derrubáranse durante unha redada na que el participara, e houbera algo na mortaldade xeral, entre detidos e compañeiros seus, que o arrepiaran de maneira especial. Por mor diso, adquiriu un horror agudo e anómalo a todo edificio que se parecese aínda que fose moi pouco aos que se derrubaran, de maneira que ao final os psiquiatras prohibíranlle contemplar calquera construción dese tipo durante algún tempo. Un médico da policía que tiña familia en Chepachet suxeriu que esta vila, formada por casas coloniais de madeira, podía ser un lugar ideal para a súa convalecencia psíquica, e alí retirouse o paciente, prometendo non aventurarse a andar por rúas con fachadas de tixolo das grandes

poboacións até que llo aconsellase debidamente o especialista de Woonsocket, con quen o puxeron en contacto... Este paseo até Pascoag coa idea de mercar unhas revistas, fora un erro e o paciente pagara a súa desobediencia cun susto, algunhas contusións e unha humillación. Isto era canto sabían os murmuradores de Chepachet e de Pascoag. Iso era, tamén, o que os doutos especialistas crían. Pero ao principio Malone contara aos especialistas moito máis, aínda que deixou de contarlles nada ao ver a absoluta incredulidade que reflectían os seus rostros. A partir de entón gardou silencio e non protestou en absoluto cando todos coincidiron en afirmar que fora o derrubamento dos ruinosos edificios de tixolo do sector de Red Hook, Brooklyn, e a morte consecuenta de moitos esforzados oficiais, o que ocasionara o seu desequilibrio nervioso. Traballara demasiado, dixeron, na limpeza daqueles niños de desorde e de violencia. Algúns detalles foron horrorosos de xeito evidente e a inesperada traxedia supuxera a pinga que fixera rebordar o vaso. Esta era unha explicación simple que todo o mundo podía entender. E como Malone non era un simple, comprendeu que era preferíbel deixalo así. Falar a unha xente sen imaxinación dun horror que escapaba a toda concepción humana, dun horror que se acubillaba en casas e en edificios e en cidades invadidas polo cancro e a lepra dunha maldade vinda doutros mundos, sería convidar a que o encerrasen nunha cela acolchada, no canto de permitirlle un descanso temporal. Malone era un home con sentido común, a pesar do seu misticismo. Tiña a aguda visión do celta para as cousas preternaturais e ocultas e o ollo vivo do lóxico para o que en aparencia era convincente, amalgama que o levou moi lonxe nos corenta e dous anos da súa vida e que o colocou en estraños lugares para un home que se formara na Universidade de Dublín e nacera nunha vila xeorxiana próxima a

Phoenix Park. E agora, ao repasar as cousas que vira e sentira e comprendera, Malone alegrouse de non confiar a ninguén algo que era capaz de converter un intrépido loitador nun neurótico trémulo, as vellas barriadas de tixolo e os rostros morenos e fuxidíos en algo propio do pesadelo e prodixiosamente sinistro. Non sería esta a primeira vez que os seus sentimentos quedasen sen interpretación, pois seica non era o seu mesmo acto de mergullarse no abismo políglota da hampa neoiorquina un fenómeno que escapaba a toda explicación razoábel? Que podía contarlle á xente prosaica sobre as antigas bruxarías e as grotescas marabillas que só uns ollos sinsíbeis podían distinguir neste caldeiro inmundo onde as máis diversas feces de épocas malsás mesturaban a súa pezoña e perpetuaban os seus obscenos terrores? El vira a chama verde e infernal de secreto prodixio nesa confusión estridente e evasiva de avidez exterior e de interna blasfemia, e sorriera con desprezo cando os neoiorquinos que o coñecían se mofaran dos seus experimentos no seu labor policial. Mostráranse moi graciosos e cínicos, e riran da súa procura fantástica de misterios incomprensíbeis, asegurándolle que nestes tempos non hai en Nova York máis que baixeza e vulgaridade. Un deles apostoulle bastante diñeiro a que, a pesar das numerosas cousas emocionantes que publicara na *Dublin Review*, non era capaz de escribir sequera un relato verdadeiramente interesante sobre a vida dos baixos fondos de Nova York. E agora, ao reflexionar sobre iso, decatábase da ironía cósmica que xustificara as palabras proféticas ao refutar secretamente o seu frívolo significado. O horror, como veu á fin, non podía ser obxecto de relato; pois como o libro que cita a autoridade alemá de Poe, «*es lasst sich nicht lesen*», ‘non consente en ser lido’.

Para Malone, a existencia producía sempre unha sensación latente misterio. De mozo percibira a oculta beleza, a éxtase das cousas, e fora poeta, pero a pobreza e o sufrimento e o exilio fixéranlle volver a mirada en direccións máis tenebrosas, e estremeceuse ante a maldade do mundo que o rodeaba. A vida diaria volveuse para el unha fantasmagoría de sombras macabras, brillante e descocada unhas veces, ocultando a corrupción co mellor estilo de Beardsley. Outras, suxerindo terrores tras as formas e os obxectos máis correntes, como as obras sutís e menos rechamantes de Gustav Doré. A miúdo consideraba misericordioso que a maioría das persoas intelixentes se mofasen dos misterios máis recónditos pois, argüía, se as mentes superiores entrasen algunha vez en comunicación plena cos segredos gardados por antigos cultos inferiores, non tardarían as anormalidades non só en destruír o mundo, senón en ameazar a mesma integridade do universo. Estas reflexións eran morbosas, evidentemente, pero o seu agudo sentido da lóxica e o seu profundo humor equilibrábanas de maneira saudábel. Malone conformábase con que as súas ideas quedasen en visións a medio perdicibir e prohibidas para poder xogar con elas á lixeira. A historia chegou só cando o deber o colocou ante unha revelación infernal demasiado súbita e intensa para poder evitala. Había algún tempo que o destinaran á comisaría de Butler Street, de Brooklyn, cando tivo noticia do caso de Red Hook. Red Hook é un labirinto de híbrida miseria próximo ao barrio mariñeiro fronte á Illa do Gobernador, con suicidas estradas que ascenden dos peiraos a un terreo elevado onde os deteriorados tramos de Clinton Street e Court Street conducen ao Concello. As súas casas son na súa meirande parte de tixolo, construídas durante o segundo cuarto do século XIX, e algúns

dos canellóns e travesías máis escuras teñen sabor antigo e sedutor que a literatura convencional nos inclina a cualificar de «dickensiano». A poboación é unha mestura e un enigma irremediábel: nela chocan entre si compoñentes sirios, españois, italianos e africanos, a non moita distancia dos cintos escandinavo e americano. É unha Babel de ruídos e lixo que profire estraños berros ao contestar ás mansas ondas oleaxinosas que lamben os sucios espigóns e ás monstruosas ladaíñas que compón o órgano dos asubíos portuarios. Aquí imperaba hai tempo un cadro moito máis brillante, cando os mariñeiros virollos roldaban polas rúas inferiores, e uns fogares con máis personalidade e gusto bordeaban o outeiro. Aínda poden descubrirse vestixios do seu antigo esplendor nas formas elegantes dos grandes edificios, as airosas igrexas e os testemuños dunha arte e un pasado orixinais en pequenos detalles espaxados aquí e alá: un gastado tramo de escaleiras, unha porta deteriorada, un par de roídas columnas decorativas, ou un anaco do que noutro tempo fora espazo verde, coa varanda torcida e enferruxada. En xeral, as casas compoñen bloques homoxéneos e, de cando en cando, elévase unha cúpula con múltiples xanelas para lembrar os tempos en que as familias dos capitáns e os armadores vixiaban o mar. Un cento de dialectos blasfemos asaltaban o ceo desde esta mestura de podremia material e espiritual. Hordas de lacazáns deambulaban gritando e cantando por canellóns e rúas. Unhas mans furtivas, de cando en vez, apagaban de súpeto a luz e corrían as cortinas, e uns rostros escuros e marcados polo pecado desaparecían da xanela ao sorprendelos o visitante. Os policías desesperan de impor algunha orde e tratan de levantar barreiras a fin de protexer o mundo exterior do contaxio. Ao ruído metálico da patrulla responde unha especie de silencio espectral e os detidos que levan xamais se mostran comunicativos. Os delitos

evidentes son tan variados como os dialectos locais, e abranguen desde o contrabando de ron e a entrada clandestina de estranxeiros, pasando polos diversos graos de depravación e escuro vicio, até o asasinato e a mutilación nas súas formas máis horrendas. O feito de que estes delitos visíbeis non sexan máis frecuentes non é ningunha honra para a veciñanza, a menos que a capacidade de ocultación sexa unha arte digna de honra. Entra máis xente en Red Hook da que sae, cando menos, da que sae por terra, e os causantes diso son probabelmente os menos falangueiros. Malone atopou neste estado de cousas un vago fedor e segredos máis terríbeis que cantos pecados denunciaban os cidadáns e deploraban os sacerdotes e filántropos. Sabía, como persoa en que unha gran imaxinación se unía a coñecementos científicos, que a xente moderna que vive á marxe da lei tende misteriosamente a repetir as pautas instintivas máis escuras de salvaxismo primitivo e case simiesco na súa vida diaria e nas súas observacións rituais. Cun arreguizo de antropólogo, viu a miúdo desfilas procesións acompañadas de cánticos e blasfemias, de mozos de ollos turbios e rostros picados de vexigas que desfilaban durante as primeiras horas da madrugada. Víanse constantemente grupos destes mozos, unhas veces mirando de esguello nas esquinas das rúas, outras nos portais, tocando misteriosamente instrumentos musicais de escasa calidade. Outras, sumidos nun atordamento, mergullados en conversas indecentes arredor dunha mesa dalgún restaurante próximo a Borough Hall, ou falando en voz baixa xunto a un taxi escangallado ante o pórtico solemne dalgún casarón vello e ruinoso coas contras botadas. Fascinábanlle e producíanlle calafríos, máis do que se atrevía a confesar aos seus compañeiros do corpo, porque parecíalle ver neles unha especie de fío monstruoso de secreta continuidade, unha pauta diabólica, misteriosa e antiga que

estaba máis aló e por baixo das accións, costumes e goridas investigadas con minucioso coidado técnico pola policía. Eran sen dúbida, intuía el, herdeiros dalgunha tradición espantosa e primordial, partícipes de cultos e ritos degradados e fragmentarios, máis vellos que a humanidade. Suxeríao a súa coherencia e a súa precisión, e revelábano os indicios dunha orde subxacente baixo a sórdida desorde. Non en balde lera tratados como o *Witch-Cult in Western Europe* de Margaret Murray e sabía que sobrevivira até os últimos anos, entre os campesiños e as xentes furtivas, un tipo arrepiante e clandestino de reunións e orxías que proviña de tenebrosas relixións anteriores ao mundo occidental e que aparecían nas lendas populares como misas negras e aquelarres. Non cría en absoluto que desaparecesen por completo estes vestixios infernais de maxia asiático-turaniana e de cultos da fertilidade, e preguntábase a miúdo canto máis antigos e negros serían algúns deles do que se contaba en realidade.

Foi o caso de Robert Suydam o que introduciu a Malone no centro do asunto de Red Hook. Suydam era un home solitario e culto que pertencía a unha antiga familia holandesa. Contou desde o principio cos medios xustos para vivir con independencia e habitaba a ampla pero mal conservada mansión que o seu avó construíra en Flatbush cando devandita vila era pouco máis que un agradábel conxunto de casas de estilo colonial levantadas arredor da Igrexa Reformada, cuberta de hedra, co seu campanario e o seu cemiterio cercado con valo de ferro e poboado de lápidas con nomes holandeses. Na súa casa solitaria de Martense Street, no medio dun xardín de árbores venerábeis, Suydam lera e meditara durante seis décadas, agás nun período en que embarcou, unha xeración antes, rumbo ao vello continente, onde permaneceu durante oito anos. Non podía permitirse ter criados,

admitía poucas visitas na súa absoluta soidade, evitaba amizades íntimas e recibía os seus escasos coñecidos nunha das tres estancias da planta baixa que el mesmo mantiña en orde, unha inmensa sala con andeis que chegaban até o teito, solidamente ateigados de libros pesados, rotos, arcaicos e de aspecto vagamente noxento. O crecemento da vila e a súa absorción final polo distrito de Brooklyn non significara nada para Suydam, quen á súa vez fora significando menos para a vila. A xente maior aínda o sinalaba pola rúa, pero para a maioría da poboación máis nova era tan só un tipo raro, corpulento e vello, cuxo cabelo branco e despeiteado, barba hirsuta, traxe negro reluciente e bastón con puño de ouro, valían pouco máis que unha mirada divertida.

III

Malone non o coñeceu de vista até que o deber o obrigou a intervir no caso, pero ouvira dicir que era unha verdadeira autoridade en supersticións medievais. Unha vez quixera botar unha ollada a un opúsculo seu, xa esgotado, sobre a cábala e a lenda de Fausto, opúsculo que un amigo seu citara de memoria. Suydam converteuse nun «caso» cando os seus afastados e únicos parentes trataron de obter un ditame xudicial sobre a súa saúde mental. A decisión destes parentes parecera repentina para o mundo exterior, pero en realidade tomárona só tras unha prolongada observación e penosas discusións. Baseábase en certos cambios estraños que apreciaron na súa forma de falar e nos seus hábitos, así como en extravagantes referencias a prodixios inminentes e nas súas inexplicables visitas ás veciñanzas de Brooklyn de mala reputación. Cos anos fórase volvendo máis descoidado na súa persoa, até converterse nun auténtico esmoleiro, e os avergoñados amigos víano

ás veces polas estacións do metro, ou lacazaneando nos bancos dos arredores de Borough Hall, conversando con descoñecidos de pel escura e cara tenebrosa. Cando falaba, era para farfallar cousas sobre certos poderes ilimitados que case tiña baixo o seu control, e repetir con furtivas miradas de intelixencia palabras ou nomes místicos como «Sefirot», «Asmodeo» e «Samaél». O ditame xudicial declarou que estaba a consumir as súas rendas e malgastando o seu peculio na compra de estraños volumes importados de Londres e de París, e no mantemento dun soto miserábel no distrito de Red Hook, onde pasaba case todas as noites recibindo estrañas delegacións de xentes estranxeiras e heteroxéneas, e dirixindo ao parecer certa clase de ritos cerimoniais tras as verdes e discretas persianas. Os detectives aos que se asignou a súa vixilancia informaron que ouviran desde o exterior estraños berros e cánticos e ruídos de saltos, durante eses ritos nocturnos, e estremecíanse ante a súa éxtase e abandono, a pesar das vulgares orxías que adoitaban celebrarse nese sector embrutecido. Porén, cando chegou a coñecerse a noticia, Suydam apañoouse para seguir en liberdade. Ante o xuíz, a súa actitude foi cortés e razoábel, e admitiu sen reservas a rareza da conduta e extravagancia da linguaxe en que caera por mor da súa excesiva entrega ao estudo e á investigación. Consagrárase, dixo, á investigación de certos aspectos das tradicións europeas que requirían o máis estreito contacto con grupos estranxeiros e o coñecemento das súas cancións e as súas danzas populares. A idea de que unha ruín sociedade secreta estaba a devoralo, como suxerían os seus parentes, era evidentemente absurda. Demostraba o pouco que comprendían a súa obra. Logo do triunfo das súas serenas explicacións, deixárono en liberdade e foron retirados os detectives contratados polos Suydam, Corlear e Van Brunt con resignado desgusto. Foi naquela altura cando

se fixo cargo do caso un grupo formado por inspectores federais e policías, Malone entre eles.

A policía seguira con interese o caso de Suydam, e fora chamada en moitas ocasións para que axudase os detectives privados. Durante este traballo púxose de manifesto que entre os novos amigos de Suydam se contaban os máis negros e depravados criminais que roldaban polos tenebrosos canellóns de Red Hook, e que cando menos unha terceira parte deles eran reincidentes en casos de roubo, disturbios e introdución ilegal de inmigrantes. En efecto, non sería esaxerado dicir que o círculo particular do vello erudito coincidía case cabalmente coa peor das camarillas organizadas que axudaban desde terra a pasar clandestinamente a certo grupo incualificábel de asiáticos tan sabiamente devolvidos por Ellis Island. Nos antros ateigados de Parker Place, rebautizada posteriormente, onde Suydam tiña o soto, formouse unha estraña colonia de xentes estrañas de ollos oblicuos que utilizaban o alfabeto árabe, aínda que era rexeitada manifestamente pola gran maioría de sirios que vivían en Atlantic Avenue e as súas proximidades. Todos podían ser deportados por falta de documentación, pero os mecanismos legais funcionaban con lentitude e non se pode remexer Red Hook a menos que a publicidade obrigue ás autoridades a tomar tal medida. Estes seres acudían a unha derruída igrexa de pedra, utilizada os venres como sala de baile, que alzaba os seus contrafortes góticos preto da parte máis sórdida do barrio mariñeiro. Teoricamente era católica, pero os sacerdotes de todo Brooklyn negaban ao lugar toda categoría e autenticidade, e os policías coincidían con eles cando escoitaban o rumor que saía dela pola noite. Malone cría ouvir ás veces, cando a igrexa permanecía baleira e sen luces, as notas baixas e desafinadas dun órgano secreto e terríbel, como se abrollasen das

profundidades do subsolo. En canto aos demais observadores, arrepiábanlles os chíos e golpes de tambor con que acompañaban os servizos relixiosos. Ao ser interrogado, Suydam dixo que cría que o ritual era un residuo de cristianismo nestoriano tinguido de xamanismo do Tíbet. A maioría destas xentes, segundo el, era de orixe mongólica e procedía dalgunha rexión próxima ao Kurdistán, e Malone non puido evitar pensar que o Kurdistán é o país dos yezidís, últimos sobreviventes dos adoradores persas do diaño.

Fose como for, o balbordo da investigación de Suydam confirmou que estes clandestinos recentemente chegados acudían a Red Hook en número cada vez maior, entraban polo país grazas a algunha filtración non detectada polos oficiais de fronteiras nin pola policía portuaria, invadían Parker Place e se estendían rapidamente polo outeiro, sendo acollidos con fraternidade polos variados residentes da zona. As súas figuras achaparradas e a súa fisionomía característica, combinadas de maneira grotesca con roupas rechamantemente americanas, aparecían cada vez con máis frecuencia entre os delincuentes e pistoleiros nómades do sector de Borough Hall. Até que por último se xulgou necesario efectuar un censo de todos eles, pescudar cales eran os seus recursos e ocupacións e ver a forma de cercalos e entregalos ás autoridades de inmigración. Malone foi asignado para esta misión por acordo das forzas federais e locais, e cando empezou a peneira de Red Hook, percibiu que se atopaba ao bordo mesmo duns terrores impronunciábeis, coa figura esfarrapada e descoidada de Robert Suydam como principal inimigo e adversario.

Os métodos da policía son diversos e enxeñosos. Malone, valéndose de discretos paseos, coidadosas conversas casuais, calculados ofrecementos de licor e discretas entrevistas con asustados prisioneiros, decatouse de bastantes detalles soltos sobre ese movemento que adoptara un aquel tan ameazador. Abofé, os acabados de chegar eran kurdos, aínda que falaban un dialecto escuro e desconcertante en canto á súa filoloxía. Os que traballaban facíano na súa maior parte como cargadores de peirao, ou eran feirantes sen licenza, aínda que a miúdo servían en restaurantes gregos e atendían nos postos de xornais das esquinas. A maioría, así e todo, carecía dun medio visíbel de subsistencia e tiña que ver, evidentemente, con actividades da hampa, das cales o contrabando e o tráfico ilegal de licores eran as menos inconfesábeis. Case todos chegaran en buques de vapor e foran desembarcados durante noites sen lúa en botes de remo que despois se metían furtivamente por baixo de certo peirao e seguían por unha canle oculta até un remanso subterráneo situado debaixo de certa casa. Malone non conseguiu localizar o peirao, nin a canle, nin a casa, xa que a memoria dos seus informadores era terriblemente confusa, en tanto que a súa linguaxe era en parte imposible de entender, aínda para os intérpretes máis capaces. Tampouco puido obter ningún dato coherente sobre as razóns da súa importación sistemática. Mostráronse reservados sobre o lugar do que viñan e en ningún momento os puideron coller suficientemente desprevidos como para revelar que axentes os buscaban e dirixían. En efecto, manifestaron algo así como un tremendo pavor cando se lles preguntou polos motivos da súa presenza alí. Os delincuentes doutras etnias mostráronse igualmente reservados e o máis que se puido deducir foi que un deus ou gran sacerdote lles prometera poderes imposíbeis e glorias e gobernos sobrenaturais nunha terra estraña. A asistencia dos

acabados de chegar e antigos delincuentes ás reunións nocturnas rigorosamente vixiadas de Suydam era moi habitual e a policía non tardou en decatarse de que o antigo solitario alugara pisos adicionais para acomodar aqueles convidados que estaban ao tanto das súas consignas, chegando a adquirir finalmente tres edificios enteiros e albergando de maneira permanente a moitos destes misteriosos compañeiros. Agora pasaba pouco tempo na súa casa de Flatbush, onde ía só para levar ou devolver libros e a súa expresión e actitude alcanzaron un impresionante grao de extravío. Malone foi velo un par de veces, pero as dúas foi rexeitado con brusquidade. Non sabía nada, dixo, de complots nin de conxuras misteriosas. Non tiña idea de como entraran os kurdos nin de que pretendían. A súa ocupación era estudar con serena tranquilidade o folclore de todos os inmigrantes do distrito, asunto no que a policía non tiña por que meterse. Malone expresou a súa admiración polo seu vello folleto sobre a cábala e outros mitos, pero o abrandamento do ancián foi só momentáneo. Considerou aquilo unha intrusión e despediu o seu visitante sen contemplacións. Malone retirouse desgustado e acudiu a outras canles de información. Nunca saberemos que descubriría Malone se puidese traballar con continuidade no caso. Pero un conflito estúpido entre as autoridades locais e as federais fixo que se suspendesen as investigacións durante meses, no curso dos cales o detective ocupouse doutras misións. Pero en ningún momento perdeu interese, nin deixou de abraialo o que empezaba a acontecerlle a Robert Suydam.

Coincidindo cunha onda de secuestros e desaparicións que conmocionou Nova York, o descoidado erudito empezou a experimentar unha metamorfose tan asombrosa como absurda. Un día vírono polas proximidades de Borough Hall co rostro afeitado, peiteado

e cun traxe pulcro e de bo gusto. De aí en diante, cada día observábase nel certa escura melloría. Mantiña constantemente a súa nova actitude, á que veu sumarse un inusitado fulgor nos ollos e unha vivacidade na fala. Aos poucos empezou a perder a corpulencia que durante tanto tempo o deformara. Agora era frecuente que se lle atribuíse menos idade da que tiña. Adquiriu elasticidade no seu xeito de andar e firmeza no porte, en consonancia coa súa nova vida, e o seu cabelo mostrou un curioso escurecemento que non daba a impresión de deberse á tinguadura. Uns meses despois empezou a vestir de maneira cada vez menos conservadora, e finalmente deixou abraiados os seus novos amigos ao restaurar e decorar de novo a súa mansión de Flatbush, que abriu nunha serie de recepcións ás que convidou a cantas amizades lembraba, dispensando unha especial acollida aos seus parentes esquecidos que pouco antes trataran de internalo. Uns asistiron por curiosidade e outros por obriga, pero todos se sentiron subitamente encantados ante a graza e donaire da que facía gala o antigo ermitán. Este declarou que acabara case todo o labor que se asignara, e que posto que acababa de herdar certa propiedade dun amigo europeo medio esquecido, ía pasar o resto dos seus días nunha segunda e máis brillante mocidade, cousa que facían posíbel o desafogo económico, o coidado e unha estudada dieta. Cada vez víaselle menos por Red Hook, e cada vez movíase máis na sociedade en que nacera. A policía observou que os delincuentes adoitaban reunirse agora na vella igrexa e sala de baile, en vez de acudir ao soto de Parker Place, aínda que este e os seus recentes anexos seguían ateigados de vida pestilente.

Entón producíronse dous acontecementos bastante inconexos, aínda que de enorme interese para o caso, tal como Malone o concibía. Un foi o anuncio discreto, aparecido no *Eagle*, do casamento de Robert

Suydam coa señorita Cornelia Gerritsen de Bayside, moza de excelente posición e parente afastada do seu vello prometido. O outro foi unha redada efectuada pola policía na igrexa e sala de baile, ao recibir aviso de que fora vista fugazmente, nunha xanela do soto, a cara dun neno secuestrado. Malone participara nesa redada e, unha vez dentro, examinara o lugar con toda minuciosidade. Non atoparon a ninguén. En realidade o edificio estaba completamente deserto cando chegaron, pero a súa sensibilidade celta sentiuse algo turbada ante moitas das cousas que descubriu no interior. Había táboas con pinturas sumamente desagradábeis, táboas que representaban rostros sacros con expresións singularmente sardónicas e mundanas, as cales adoptaban ás veces xestos libertinos que mesmo unha sensibilidade profana decorosa apenas podía aprobar. Tampouco lle agradou a inscrición grega muro, encima do púlpito: era unha antiga fórmula máxica coa que xa se tropezara nos seus tempos de estudante, en Dublín e que, traducida, dicía literalmente: «Oh amiga e compañeira da noite, ti que te entretés no ladrido do can e no sangue derramado, que vagas entre as sombras das tumbas e ansías o sangue e traes o terror aos mortais, Gorgo, Mormo, lúa de mil caras, mira con ollos favorábeis os nosos sacrificios!» Arreguizouse ao ler isto e lembrou vagamente as notas desafinadas e baixas dun órgano que imaxinara ouvir algunhas noites como se saísen de debaixo da igrexa. E outra vez arrepiouse ao observar a ferruxe no bordo dun cunco metálico que había sobre o altar, e detívose nervioso cando o seu olfacto percibiu un fedor espantoso e estraño procedente dalgún lugar próximo. Obsesionáballe o recordo dos acordes de órgano e rexistrou o soto con especial atención antes de marchar. O lugar resultáballe detestábel. Así e todo, que eran as pinturas e inscricións blasfemas, á parte de meras groserías perpetradas por xentes ignorantes?

Pola época en que se fixou a voda de Suydam, a epidemia de secuestros converteuse nun escándalo xornalístico xeral. A maioría das vítimas eran nenos das clases sociais máis baixas, pero o crecente número de desaparicións espertara un sentimento de furia moi violento. Os diarios reclamaban a intervención da policía e unha vez máis a comisaría de Butler Street enviou os seus homes a Red Hook en busca de pistas, descubrimentos e criminais. Malone alegrouse de pórse outra vez en acción e sentiuse orgulloso de tomar parte na redada levada a cabo nunha das casas que tiña Suydam en Parker Place. Non atoparon a ningún dos nenos secuestrados, a pesar do que se contaba sobre berros, e a pesar da venda vermella recollida no patio, pero as pinturas e as brutais inscricións que manchaban as paredes espidas da maioría dos cuartos, e o primitivo laboratorio químico do ático, convenceron o detective de que estaba sobre a pista de algo tremendo. As pinturas eran espantosas: monstros horrendos de todas as formas e tamaños e parodias de siluetas humanas imposíbeis de describir. As frases estaban escritas en vermello, en caracteres árabes, gregos, latinos e hebreos. Malone non puido ler moitas delas, aínda que o que conseguiu descifrar resultou ser portentoso e cabalístico. Unha frase, frecuentemente repetida nunha especie de grego hebraizado do período helenístico, suxería as máis terríbeis invocacións do demo da decadencia alexandrina:

*O. HELOYM. SOTHER. EMMANUEL. SABAOOTH. AGLA.
TETRAGRAMMATON. AGYROS. OTHEOS. ISCHYROS.
ATHANATOS. IEHOVA. VA. ADONAI. SADAY.
HOMOVSION. MESSIAS. ESCHEREHEYE.*

Por todas partes aparecían círculos e pentáculos que falaban sen dúbida das estrañas crenzas e aspiracións daqueles que vivían alí de maneira tan sórdida. No soto, así e todo, atopou o máis estraño de todo: unha morea de lingotes de ouro, coidadosamente cuberta cun anaco de tea de saco; nas súas brillantes superficies ostentaban os mesmos xeroglíficos horríbeis que adornaban as paredes. Durante a redada, a policía chocou tan só coa resistencia pasiva dos orientais que saían como enxames de todas as portas. Vendo que non había nada máis de importancia, tiveron que deixalo todo como estaba. No entanto, o comisario do distrito enviou unha nota a Suydam ordenándolle que vixiase estreitamente os seus inquilinos e protexidos, en vista do crecente clamor público.

V

En xuño tivo lugar a voda, que causou gran sensación. En Flatbush reinaba a expectación contra as doce do mediodía e unha multitude de automóbiles adornados con fitas enchían as rúas próximas á igrexa holandesa onde instalaran un toldo que ía da porta á estrada. Ningún acontecemento local superou o casamento Suydam-Gerritsen en categoría, e o grupo que deu escolta á noiva e ao noivo até o peirao da Cunard foi, se non o máis elegante, si cando menos unha sólida páxina da alta sociedade. Ás cinco intercambiáronse os saúdos, movendo a man en sinal de adeus, e o pesado transatlántico apartouse do longo espigón, virou a proa lentamente cara ao mar, soltou amarras e enfilou cara ás augas amplas que o levarían ás marabillas do vello mundo. Era de noite cando se despexou a cuberta e os pasaxeiros atrasados contemplaron as estrelas que tremelucían por encima dun océano non contaminado. Non se sabe se foi o cargueiro ou o berro o que primeiro chamou a

atención. Probabelmente foron ambas as cousas á vez, pero de nada serve facer suposicións. O berro saíu do camarote de Suydam e quizais podería contar cousas arrepiantes o mariñeiro que derrubou a porta se non se lle trastornase o xuízo nese mesmo instante. O caso é que empezou a gritar máis aínda que as primeiras vítimas e botou a correr como un parvo polo barco até que o colleron e encadearon. O médico de a bordo, que entrou no camarote uns momentos máis tarde e acendeu as luces non toleou, pero non dixo a ninguén o que vira até algún tempo despois, cando trabou correspondencia con Malone, xa en Chepachet. Foi asasinato por estrangulación, pero non é preciso dicir que as marcas que apareceron no pescozo da señora Suydam non podían proceder das mans do seu esposo nin de ningún ser humano, e que a inscrición que apareceu no branco tabique uns instantes en caracteres vermellos, rexistrada despois de memoria, parece que correspondía nada menos que ás pavorosas letras caldeas da palabra «LILITH». Non é preciso mencionar estas cousas porque desapareceron rapidamente. En canto a Suydam, púidose impedir cando menos que entrasen os demais no camarote, até saber que pensar. O médico asegurou claramente a Malone que non chegou a ver aquilo. Xusto antes de acender el as luces percibiu o portelo aberto e cegado uns segundos por certa fosforescencia, e durante un instante pareceu resoar na escuridade do exterior algo así como unha risa infernal e contida, pero a realidade é que non viu nada. Como proba, o doutor aduce o feito de que conservou a cordura.

Logo, o cargueiro acaparou a atención de todos. Arriou un bote e unha horda de insolentes rufiáns vestidos con uniforme de oficial invadiu a cuberta do buque e detivo temporalmente o barco de Cunard. Querían a Suydam, tanto se estaba vivo como se non. Tiñan noticia da

súa viaxe e por certas razóns estaban seguros de que morrería. A cuberta do capitán era case un pandemonio. Durante uns momentos, entre o informe do doutor sobre a escena do camarote e as peticións dos homes do cargueiro, nin o máis prudente e sisudo dos navegantes soubo o que facer. De súpeto, o que dirixía aos mariños visitantes, un árabe de boca noxentamente grande, sacou un papel sucio e engurrado e tendeuullo ao capitán. Estaba asinado por Robert Suydam e contiña esta estraña mensaxe: «No caso de que morra ou me ocorra algún accidente súbito ou inexplicábel, rogo que o meu corpo sexa confiado sen preguntas ao portador desta nota e aos seus acompañantes. Para min e quizais para vostede, todo depende do absoluto cumprimento desta petición. Máis tarde saberá por que..., non me defraude agora. Robert SUYDAM».

O capitán e o doutor intercambiaron miradas e o segundo murmurou algo ao primeiro. Finalmente asentiron impotentes e leváronos ao camarote de Suydam. O doutor fixo que o capitán desviase a mirada ao abrir a porta e deixar paso aos estraños mariñeiros, e non respirou até que saíron co seu cargamento, tras permanecer un longo intre preparándoo. Sacárono envolvido nunha saba da liteira e o doutor alegrouse de que non se vise demasiado a súa silueta. Dalgunha maneira, os homes arriaron o vulto, por un costado até cuberta do seu barco e levárono sen destapalo. O barco da Cunard volveu emprender a viaxe e o doutor e o que se encargaba a bordo das funcións funerarias trataron de levar a cabo no camarote de Suydam os últimos servizos que puideron. Unha vez máis, o médico viuse obrigado a gardar silencio, visto o horror do ocorrido. Cando o encargado dos servizos funerarios preguntou por que lle extraera todo o sangue ao corpo da señora Suydam, omitiu dicir que el non o fixera, nin sinalou os ocos das botellas que faltaban no andel, nin mencionou o cheiro do lavabo que

delataba a forma precipitada co que as baleiraran do seu contido orixinal. Os petos daqueles homes, se é que eran homes, avultaban bastante no momento en que abandonaron o barco. Dúas horas máis tarde, o mundo, coñecía pola radio canto debía saber sobre o caso.

VI

Esa mesma tarde de xuño, sen ouvir noticia ningunha do ocorrido en alta mar, Malone andaba desesperadamente ocupado polos canellóns de Red Hook. Unha súbita conmoción pareceu estremecer o ambiente e, como informados por un rumor de algo singular, os veciños se congregáronse arredor da igrexa e sala de baile e as casas de Parker Place. Acababan de desaparecer tres nenos noruegueses de ollos azuis das rúas próximas a Gowanus, e correu a voz de que se estaba a xuntar unha multitude de robustos viquingos daquel sector. Malone levaba semanas insistindo sobre a necesidade de efectuar unha limpeza xeral. Finalmente, movidos por condicións máis evidentes ao sentido común que as conxecturas dun soñador dublinés, accederon a asestar un golpe definitivo. A inquietude e ameaza desa tarde foi o factor decisivo e pouco antes das doce da noite, un destacamento recrutado en tres comisarías coa fin de levar a cabo a redada, descendeu cara a Parker Place e os seus arredores. Derrubaron portas, detiveron a cantos atoparon alí e abriron os cuartos iluminados con candeas, obrigándoos a vomitar multitudes incribeis e heteroxéneas de estranxeiros vestidos con vestimentas rechamantes, mitras e demais ornamentos difíciles de explicar. Moito foi o que se perdeu no tumulto, xa que guindaron os obxectos apresuradamente a uns pozos ocultos que delataban os cheiros que eles pretendían camuflar queimando a fume de carozo acres

incensos. Pero había salpicaduras de sangue por todas as partes e Malone arreguizouse ao ver no altar un pebeteiro do que aínda saía fume. Quería estar en varios sitios á vez e decidiu inspeccionar o soto de Suydam só cando un mensaxeiro lle dixo que a derruída igrexa estaba completamente baleira. Pensou que quizais houbera no piso algunha clave sobre o rito do que o erudito do oculto se convertera en alma e líder. Rexistrou con auténtica expectación as balorecidas estancias, notou o seu vago cheiro a prea e examinou os libros curiosos, instrumentos, lingotes de ouro e botellas con tapón de cristal, todo iso espaxado de calquera xeito. Cruzóuselle por entre as pernas un gato fraco de cor branca e negra que lle fixo tropezar, envorcando unha cubeta medio chea dun líquido vermello. A impresión foi tremenda. Até hoxe, Malone non está seguro do que viu, pero aínda ve en soños ese gato con certas monstruosas alteracións e particularidades. Logo chegou á porta do soto, viuna fechada con chave e buscou algo co que derrubala. Atopou preto un pesado banco e o seu sólido asento foi máis que suficiente para facer saltar os antigos gonzos. Soou un renxido e cedeu toda a porta..., pero empurrado desde o outro lado saíu o tumultuoso ouveo dun vento frío como o xeo e cargado de todos os fedores do pozo inmenso, que adquiriu unha forza de succión que non parecía provir da terra nin do ceo e que, enroscándose como un ser vivo arredor do paralizado detective, o arrastrou pola abertura e o precipitou a espazos insondáveis inzados de murmurios e laios e risadas de burla. Por suposto, foi un soño. Todos os especialistas llo dixeron e el non pode probar o contrario. Desde logo, preferiría que fose así, porque entón a visión dos miserentos barrios de tixolo e os rostros escuros dos estranxeiros non lle consumirían a alma dese xeito. Pero naqueles momentos todo foi espantosamente real, e nada pode borrarlle o

recordo desas criptas tenebrosas, esas arcadas titánicas e esas infernais figuras a medio formar e xigantescas que avanzaban en silencio levando entre as súas gadoupas seres semidevorados cuxos fragmentos, vivos aínda, gritaban pedindo misericordia ou rían de maneira demente. Cheiros de incenso e de corrupción mesturábanse dun xeito noxento e o aire negro fervía de vultos brumosos, non de todo visíbeis, de informes seres elementais dotados de ollos. En algures, unha auga negra e pegañenta lambía espigóns de ónix e, unha das veces, ouviuse o tintinar estremecido dunhas campaiñas estridentes que saudaban a risa tola e sufocada dunha entidade espida e fosforescente que xurdiu á superficie, saíu á beira e se empolicou ao alto dun pedestal tallado en ouro que había no fondo, para se poñer en crequenanas mirando de esguello. Unhas galerías de ilimitada escuridade parecían dispersarse en todas as direccións, até o punto de que podía imaxinar que aquilo era a raíz dun contaxio destinado a contaminar e tragar cidades enteiras e a mergullar mesmo nacións enteiras nunha fetidez de híbrida pestilencia. Aquí introduciuse o pecado cósmico e, supurando ritos impíos, iniciara unha marcha burlesca de morte que ía a corrompernos a todos e converternos en fungosas anormalidades, demasiado horrendas para atopar descanso nas sepulturas. Aquí tiña Satanás a súa corte babilónica e os membros leprosos da fosforescente Lilith eran lavados en sangue de nenos inmaculados. Íncubos e súcubos ouveaban encomios a Hécate e uns becerros acéfalos bruaban á Magna Mater. Saltaban as cabras ao son dunhas frautas delgadas e odiosas e un grupo de exipáns perseguía incansabelmente polas rochas a uns faunos deformes con aspecto de sapos inchados. Non estaban ausentes Moloch nin Ashtaroth, pois nesta quintaesencia de toda condenación quedaran suprimidos os límites da conciencia, e a fantasía do ser humano abranguía perspectivas

de todos os reinos do horror e de todas as dimensións prohibidas que o mal podía orixinar.

O mundo e a Natureza estaban irremediabelmente desamparados ante tales asaltos procedentes de pozos abertos da noite e ningún signo nin pregaria era capaz de conter o desbordante Walpurxis de horror que se produciu cando un sabio, en posesión da odiosa chave, tropezara cunha horda cargada coa arca fechada e repleta de saber demoníaco. De súpeto, un raio de luz física traspasou todas estas fantasmagorías e Malone ouviu rumor de remos no medio duns seres de blasfemia que deberan estar mortos. Xurdiu á vista un bote cun farol na proa, dirixiuse axiña cara a unha argola de ferro que había no peirao de pedra cuberto de lama e vomitou a varios homes escuros cargados cun vulto envolvido nunha saba. Levárono á entidade espida e fosforescente acazapada no alto do pedestal dourado e esculpido e a entidade riu e sobou o vulto da saba. A continuación desenvolveron e puxeron de pé, ante o pedestal, o cadáver gangrenoso dun vello corpulento de barba incipiente e brancos cabelos enguedellados. A entidade fosforescente riu outra vez e os homes sacaron unhas botellas dos petos e unxíronlle os pés cun líquido vermello. Logo entregaron as botellas á entidade para que bebese delas. De súpeto, dun canellón abovedado que se perdía de lonxe chegaron as notas demoníacas e arquexantes dun órgano blasfemo, afogando e anulando cos seus baixos sons desafinados e sardónicos as risas infernais. Un instante despois, todas as entidades que había alí quedaron como electrizadas. E agrupándose ao momento nunha procesión cerimonial, a horda de pesadelo afastouse solemnemente ao encontro da música: cabras, sátiros e exipáns, incubos, súcubos e lémures, sapos deformes, seres elementais ouveadores e cánidos, e hóspedes mudos das tebras, guiados todos pola

abominábel entidade fosforescente que ocupara o trono dourado, e que agora avanzaba insolente portando en brazos o cadáver de ollos vidrosos do corpulento ancián. Os homes estraños e escuros danzaban detrás e toda a columna saltaba e brincaba con furia dionisiaca. Malone deu uns pasos tras deles, confuso e delirante, sen saber se estaba neste ou noutro mundo. Logo deu media volta, vacilou e esborrallouse sobre a pedra fría e húmida, arquexando e tremendo, mentres o órgano demoníaco seguía desafinando, e os ouveos a percusión dos tambores e o tintinar da tola procesión se facía a cada vez máis feble. Tiña unha vaga conciencia de cánticos horrendos e dos espantosos grallares de lonxe. De cando en cando chegáballe un laio de devoción cerimonial a través da bóveda tenebrosa, até que por último entoaron a pavorosa fórmula máxica grega cuxo texto lera encima do púlpito da igrexa:

«Oh amiga e compañeira da noite, ti que te entretés no ladrido do can (aquí estoupou un ouveo horrendo) e no sangue derramado (ruídos atroces); que vagas entre as sombras das tumbas (aquí abrollou un suspiro sibilante), e ansías o sangue e traes o terror aos mortais (berros breves e agudos de miles de gorxas), Gorgo (repetido en resposta), Mormo (repetido en éxtase), lúa de mil caras (suspiros e notas de frauta), mira con ollos favorábeis os nosos sacrificios!» Ao concluír a salmodia, elevouse un berro xeral e uns ruídos sibilantes case afogaron as notas ominosas e baixas do órgano desafinado. Logo brotou un arquexo como de moitas gorxas e un babel de ladridos e expresións queixosas: «Lilith, gran Lilith, contempla o Esposo!» Máis berros, clamor exultante, e o ruído claro de pisadas dunha figura que corría. As pisadas achegáronse e Malone incorporouse, apoiándose nun cóbado, para mirar. A claridade da cripta, que ultimamente disminuía, aumentou agora un pouco e, nesa luz demoníaca, apareceu a forma fugaz de algo que non era posíbel que

puidese fuxir, nin sentir, nin respirar: o cadáver gangrenoso de ollos vidrosos do ancián corpulento, agora sen que o sostivesen, animado por algún sortilexio infernal do rito que acababa de concluír. Tras del viña a entidade espida e fosforescente do pedestal esculpido, e máis atrás boureaban os homes escuros e toda a pavorosa tripulación de repugnancias dotadas de sensibilidade. O cadáver ía sacando vantaxe aos seus perseguidores e corría cun fin deliberado, forzando cada un dos seus músculos podrecidos a fin de chegar ao pedestal áureo, cuxa necromántica importancia debía de ser moi grande. Un momento despois alcanzou o seu obxectivo, mentres que a multitude que o seguía continuaba correndo con frenética rapidez. Pero foi demasiado tarde, porque o cadáver de ollos desorbitados que fora Robert Suydam lograra o seu obxectivo e a súa vitoria nun esforzo final que lle esgazou os tendóns, provocando que o seu corpo nauseabundo se esborrallase. O impulso fora tremendo, pero a súa forza resistiu até o final, e mentres caía convertido nunha fochanca lamacenta de corrupción, o pedestal cambaleouse, envorcouse e finalmente precipitouse desde a súa base de ónix ás augas mestas, despedindo un último alustro de ouro labrado ao afundirse pesadamente nos negros abismos do Tártaro inferior. Nese intre esvaeceuse tamén toda a escena de horror ante os ollos de Malone, quen perdeu a conciencia no medio dun estralo atronador que pareceu borrar todo o maligno universo.

VII

Ao soño de Malone, vivido todo el antes de decatarse da morte de Suydam e do seu transbordo en alta mar, viñeron engadirse certos incidentes reais do caso, aínda que esa non é razón para que ninguén o

crea. O tres edificios vellos de Parker Place, sen dúbida minados de corrupción desde había tempo na súa forma máis terríbel, derrubáronse sen causa aparente cando estaban dentro a metade dos policía e gran parte dos prisioneiros e, de ambos os grupos, o máis numeroso morreu instantaneamente. Só se salvaron moitas vidas nos sotos e adegas e Malone tivo a sorte de atoparse no máis baixo da casa de Robert Suydam. Porque estaba efectivamente alí, cousa que ninguén está disposto a negar. Atopárono inconsciente no bordo dun estanque negrísimo, cun espantoso revoltallo de ósos e de putrefacción que, polas operacións dentais, identificaron como o cadáver de Suydam, a uns pasos del. O caso era sinxelo, xa que era alí onde conducía a canle subterránea dos contrabandistas: os homes que recolleran a Suydam do barco e o trouxeran á casa. A estes non os chegaron a atopar ou, cando menos, non chegaron a identificalos. En canto ao médico de a bordo, non lle satisfán as explicacións simplistas da policía. Suydam era, evidentemente, o xefe dunhas vastas operacións de contrabando de persoas, xa que o que chegaba até a súa casa non era senón unha das varias canles subterráneas e túneles da veciñanza. Había un túnel que conducía da súa casa a unha cripta situada baixo a igrexa e sala de baile, cripta á que se chegaba desde a igrexa só a través dun estreito pasadizo que había na parede norte e en cuxas cámaras se descubriron cousas terríbeis e estrañas. Alí estaba o órgano desafinado, nunha inmensa capela abovedada, con bancos de madeira e un altar de decoración moi singular. Nas paredes aliñábanse pequenas celas, en dezasete das cales, resulta espantoso relatalo, atoparon prisioneiros, encadeados illadamente e en estado de completa idiocia, entre eles catro nais con nenos pequenos de aspecto inquietantemente estraño. Devanditos nenos morreron ao ser sacados á luz, circunstancia que os doutores

consideraron unha sorte. Á parte de Malone, ningún dos que os examinaron lembrou a escura pregunta do vello Del Río: «*An sint unquam daemones incubi et succubae, et an ex tali congressu proles nascia queat?*» Antes de cegalos, dragaron enteiramente as canles, dos que sacaron unha enorme cantidade de ósos de todos os tamaños, serrados e triturados. Evidentemente, chegaran á raíz da epidemia de secuestros, aínda que, de acordo coas pistas legais, só se puido relacionar co caso a dous dos detidos sobreviventes. Devanditos homes atópanse agora en prisión, xa que non se puido determinar de forma convincente a súa complicidade nos asasinatos mesmos. Non se puido sacar á luz o pedestal ou trono de ouro esculpido, tan frecuentemente citado por Malone como de gran importancia ocultista, aínda que se comprobou que, na parte da canle situada debaixo da casa de Suydam, as augas formaban un pozo demasiado profundo que non foi posíbel dragar. Cegárono con cemento ao facer os sotos dos novos edificios, pero Malone especula a miúdo sobre o que hai debaixo. A policía, satisfeita por desarticular unha perigosa banda de maníacos traficantes de inmigrantes, deixou os kurdos non convictos en mans das autoridades federais, aínda que antes de ser deportados descubriuse de maneira concluínte que pertencían á seita yezidí dos adoradores do diaño. O cargueiro e a súa tripulación seguen sendo un misterio, aínda que os escépticos detectives están dispostos a enfrontarse con eles, unha vez máis, na loita por impedir o paso de alixos e o contrabando de ron. Malone considera que estes detectives dan mostras dunha visión lamentabelmente curta coa súa falta de asombro ante o cento de detalles imposíbeis de explicar e a suxestiva escuridade de todo o caso. No entanto, critica igualmente os xornais que só viron nel un morboso sensacionalismo, e que se recrearon no que non era máis que un sádico

culto secundario, cando podían denunciar un horror procedente do mesmo corazón do universo. Pero alégralle poder descansar tranquilo en Chepachet, acougando o seu sistema nervioso e pedindo que o tempo vaia trasladando aos poucos a súa terríbel experiencia do reino da realidade presente ao da pintoresca e semimítica distancia. Robert Suydam descansa xunto a súa esposa no cemiterio de Greenwood. Non se celebrou ningún funeral sobre os seus ósos estrañamente rescatados e os parentes séntense aliviados polo rápido esquecemento en que caeu o caso. Desde logo, ningunha proba legal confirmou a conexión do erudito cos horrores de Red Hook, xa que a súa morte se anticipou ao interrogatorio que tería que soportar. Tampouco se fala da súa propia fin e os Suydam confían en que a posteridade o lembre só como o afábel eremita que se dedicaba ao estudo da maxia e o folclore. En canto a Red Hook, segue como sempre. Suydam chegou e marchou. Apareceu un terror e a continuación esvaeceuse. Pero o espírito malvado do tenebroso e o sórdido segue latente entre as xentes que habitan nos vellos edificios de ladrillo e as bandas de lacazáns seguen desfilando, sen que se saiba con que obxecto, por diante das xanelas onde aparecen e desaparecen inexplicabelmente luces e facianas retortas. O horror secular é unha hidra de mil cabezas e os cultos tenebrosos teñen as súas raíces en blasfemias máis profundas que o pozo de Demócrito. Triunfa a alma da besta, omnipresente, e as lexións de mozos de ollos turbios e picados de vexigas que roldan por Red Hook seguen maldicindo e cantando e ouveando, mentres desfilan de abismo en abismo, sen que ninguén saiba de onde veñen nin cara a onde van, empuxados por leis cegas da bioloxía que xamais entenderán. Como antes, entra en Red Hook máis xente da que sae por terra, e corren xa rumores de que volve haber novas canles baixo terra que conducen a certos centros de tráfico

de licor e de cousas menos doadas de confesar. A igrexa e sala de baile está dedicada agora case sempre ao baile, e víronse rostros estraños nas súas xanelas pola noite. Recentemente, un policía expresou o convencemento de que a cripta cegada foi aberta outra vez con fins nada fáciles de explicar.

Quen somos nós para combater velenos máis antigos que a historia e que a humanidade? Os simios danzaban en Asia ante eses horrores e o cancro medra e esténdese nesas filas ruinosas de edificios de tixolo onde se oculta o clandestino. Non se arreguiza Malone sen motivos, pois só o outro día un oficial ouviu casualmente unha vella que ensinaba a un raparigo unha salmodia á sombra dun patio. Prestou atención e pareceulle moi estraño ouvila repetir unha e outra vez: «Oh amiga e compañeira da noite, ti que te entretés no ladrido do can e no sangue derramado, que vagas entre as sombras das tumbas, e ansías o sangue e traes o terror aos mortais, Gorgo, Mormo, lúa de mil caras, mira con ollos favorábeis os nosos sacrificios!».



EL

[He escribiuse en agosto de 1925 e publicouse no número de setembro de 1926 da revista *Weird Tales*.]

Vino unha noite de insomnio, cando paseaba desesperado tentando salvar a miña alma e as miñas visións. O meu traslado a Nova York fora unha equivocación, porque ao buscar o prodixio e a inspiración nos labirintos enguedellados de rúas antigas que serpean sen fin desde esquecidos patios e prazas e peiraos até patios e prazas e peiraos esquecidos tamén, e nas torres ciclópeas e pináculos que se erguen negros e babilónicos baixo lúas minguantes, non atopara máis que unha sensación de horror e de opresión que ameazaba con dominarme, paralizarme e aniquilarme.

O meu desencanto medrou aos poucos. Ao chegar por primeira vez á cidade, vira no solpor desde unha ponte, maxestosa por encima das augas, as súas incríbeiss cúspides e pirámides alzándose delicadamente, como flores, entre estanques de brétema violeta, para xogar coas nubes acesas e os luceiros da tarde. Logo acendeuse, xanela tras xanela, por encima das trémulas correntes onde había lanternas que se bambeaban

e uns cornos profundos emitían laios espectrais, e esa mesma converteuse nun estrelado firmamento de soños, saturada de máxica música, e identificándose coas maravillas de Carcassonne e Samarkanda e El Dorado, e con todas as cidades gloriosas e místicas. Pouco despois leváronme por eses recunchos antigos, tan queridos para a miña fantasía: estreitas e sinuosas quellas e pasadizos onde tremelucían as fachadas de tixolo vermello xeorxiano coas súas bufardas de cristais pequenos sobre portais con columnas que noutros tempos viron douradas cadeiras de man e carrozas decoradas..., e ao descubrir, no meu primeiro entusiasmo todas estas cousas longo tempo desexadas, crin que alcanzara finalmente os tesouros que co tempo farían de min un poeta.

Pero non ían chegar a min o éxito e a felicidade. A estridente luz do día revelou tan só sucidade, nociva elefantiasa de pedra que se elevaba e se estendía alí onde a lúa puxera encanto e maxia antiga. As multitudes de xentes que fervían polas rúas en riadas estaban formadas por xente rara, gorda e morena, de rostro duro e ollos estreitos, xente astutos, sen soños nin afinidades coa paisaxe da súa contorna, e que xamais terían cousa ningunha que ver cun home de ollos azuis do antigo pobo que leva as verdes calellas e os limpos e brancos campanarios das vilas de Nova Inglaterra no corazón. Así que, no canto da inspiración poética que esperara, chegoume só unha negrura arrepiante e unha soidade indicíbel. Comprendín á fin a espantosa verdade que ninguén se atreveu xamais a formular, o inconfesábel segredo dos segredos: que esta cidade feita de pedra e de estridencias non é unha perpetuación sensíbel da vello Nova York, como Londres o é da vello Londres e París da vella París, senón que está completamente morta, co corpo imperfectamente embalsamado en vida. Axiña que fixen este descubrimento, deixei de

dormir tranquilo. Así e todo, recuperei certa resignada serenidade cando, aos poucos, fun adquirindo o costume de non pisar a rúa durante o día e de saír só de noite, cando a escuridade invoca o pouco do pasado que aínda subsiste de maneira espectral, e os vellos portais brancos lembran as figuras vigorosas que noutro tempo nos cruzamos. Con esta especie de consolo escribín algúns poemas e mesmo reprimín os meus desexos de regresar cos meus, para non dar a impresión de que volvía arrastrándome en fracaso innobre.

Entón, durante un destes paseos nocturnos, coñecín o home. Foi nun patio tenebroso e oculto do barrio de Greenwich, onde me instalara na miña ignorancia, xa que ouvira dicir que aquel sitio era o fogar natural dos poetas e os artistas. Abofé, encantáronme as antigas quellas e as inesperadas praciñas e patios. E cando descubrín que os poetas e os artistas eran uns pretensiosos ouleantes cuxa orixinalidade é toda ouropel e cuxas vidas son a negación de toda a pura beleza que é a poesía e a arte, seguí vivindo alí por amor a esas cousas venerábeis. Imaxinábaas como foran ao principio, cando Greenwich era unha aldeíña apracíbel aínda non absorbida pola cidade. Nas horas previas ao amencer, cando todos os transnoitadores desapareceran, adoitaba vagar a soas polos recunchos misteriosos e meditar sobre os curiosos arcanos que as xeracións deberon de depositar alí. Isto mantíñame viva a alma, e proporcionábame algúns deses soños e visións polos que clamaba o poeta que había no máis profundo de min. O home abordoume contra as dúas, unha anubrada madrugada de agosto, cando roldaba eu por unha serie de patios independentes, agora accesíbeis só por unhas pasaxes escuras que cruzaban os edificios que se interpuñan, aínda que noutro tempo formaran parte dunha rede continua de ruelas pintorescas. Ouvira falar deses patios vagamente e comprendín que

hoxe non debían de figurar xa en ningún plano, pero o feito de que fosen esquecidos só os facía máis atractivos para min, de xeito que os buscaba con redobrado interese. E agora que os atopara a miña ansiedade aumentou aínda máis, pois a súa disposición indicaba dalgún xeito que quizais eran estes só uns poucos dun conxunto máis vasto, os seus duplicados encaixonados entre altas e lisas paredes e desertas vivendas traseiras, ou ocultos e sen luces, respectados polas hordas de linguas estranxeiras e protexidos por furtivos e reservados artistas cuxas actividades non convidan á publicidade e ao día.

Faloume, sen que eu lle dese pé para iso, ao observar a miña actitude e o interese con que miraba portas con aldraba situadas no alto das escaleiras con varanda de ferro, iluminándome entón a faciana o pálido resplandor que saía polos limiares ornamentados. A súa quedaba na sombra e levaba un chapeu de á ancha que, en certo xeito, harmonizaba perfectamente coa anticuada capa que lucía. Porén, sentínme un pouco inquieto aínda antes de que dixese nada. A súa figura era moi delgada, case cadavérica, e a súa voz resultou ser tremendamente suave e cavernosa, aínda que non especialmente profunda. Dixo que me estivera observando durante algúns dos meus paseos e notara que amaba coma el os vestixios de tempos pasados. Non me gustaría logo que me guiase alguén moi experto nestas exploracións, e cunha información sobre tales lugares moito maior que a que un acabado de chegar podía conseguir?

Mentres falaba, vin fugazmente o seu rostro á luz amarelada dunha xanela solitaria que brillaba nunha bufarda. Era dun aspecto nobre, mesmo fermoso, ancián, e mostraba os signos distintivos dunha liñaxe e refinamento pouco común nesa época e lugar. Así e todo, tiña certa cualidade que me producía desacougo case na mesma medida en que me

agradaba o seu aspecto: quizais era demasiado pálido, ou desentoaba excesivamente coa cidade, para que eu me sentise cómodo ou a gusto. No entanto, seguino, pois, naqueles días monótonos, a miña procura de antigas belezas e misterios era o único que mantiña viva a miña alma, e parecíame un raro favor do Destino atoparme con alguén cuxas excursións parecían chegar moito máis alá que as miñas. Houbo algo na noite que obrigou o home da capa a gardar silencio e durante unha hora longa guioume sen conversas superfluas, facendo tan só brevísimos comentarios sobre nomes antigos e datas e mudanzas, e convidándome a camiñar cun xesto amplo ao penetrarmos por estreitas entradas. Cruzamos no bico dos pés algunhas travesías, saltamos algunha tapia de tixolo, até que nos internamos a gatiñas por un pasadizo de pedra baixo e abovedado, cuxa inmensa lonxitude e tortuosas revoltas borraron á fin as referencias de situación xeográfica que até agora procurara eu conservar. As cousas que vimos eran moi vellas e maravilosas, ou cando menos parecéronmo, iluminadas polos escasos raios de luz que nolas facían visíbeis. Xamais esquecerei as vacilantes columnas góticas, as pilastras estriadas e postes de enreixado feitos de ferro fundido e rematados con urnas, as xanelas de amplos linteis e decorativos montantes en abano máis orixinais e estrañas cada vez a medida que nos internabamos neste labirinto sen fin de descoñecida antigüidade.

Non nos cruzamos con ninguén e, a medida que pasaba o tempo, fóronse facendo máis escasas as xanelas iluminadas. Os farois das rúas que vimos ao principio eran de aceite e tiñan a antiga forma de rombo. Despois observei que algúns eran de candea. Por último, despois de atravesar ás escuras un patio arrepiante, por onde o meu guía tivo que conducirme coa súa man enluvada, a través da máis absoluta negrura, até unha estreita porta de madeira aberta nun muro alto, chegamos a un

canellón alumado só por farois separados cada sete casas, farois de folla de lata coloniais, coa parte superior cónica e buracos aos lados. O canellón subía nunha costa pronunciada, máis do que eu suporía nesta parte de Nova York, e ao final estaba bloqueado polo muro tapizado de hedra dunha propiedade particular, detrás do que puiden distinguir unha pálida cúpula e as copas dunhas árbores que se bambeaban contra a vaga claridade do ceo. Neste muro había unha porta baixa, arqueada, de carballo negro e tacholada de cravos, que o home procedeu a abrir cunha pesada chave. Convidándome a pasar, abrín a marcha, no medio da máis completa escuridade, polo que pareceu un carreiro de grava, e finalmente subimos por unha escaleira de pedra até a porta da casa, que tamén abriu para min.

Entramos e cando o fixen sentín que ía desmaiarme por mor do intenso cheiro a ar estancado que nos recibiu e que debía de ser froito de malsáns séculos de descomposición. O meu anfitrión pareceu non notalo e eu non dixen nada por cortesía. Subimos por unha escaleira en curva, cruzamos un salón e pasamos a un cuarto cuxa porta ouvín que fechaba con chave detrás de nós. Logo vino correr as cortinas de tres xanelas cuxos cristais pequenos apenas eran visíbeis sobre o ceo que comezaba a clarear. Logo dirixiuse á cheminea, golpeou o pedernal cun elo, acendeu dúas candeas dun candelabro de doce brazos e fíxome un aceno para que falase baixo. A este feble resplandor descubríñ que estabamos nunha ampla biblioteca, ben amoblada e revestida de madeira que databa do primeiro cuarto do século XVIII con espléndidos frontóns na entrada, unha encantadora cornixa dórica e unha cheminea con magníficos relevos, rematada con volutas e urnas. Sobre os andeis, ao longo das paredes, había retratos de familia de boa feitura, todos esluídos e sumidos en enigmática escuridade, e cun inequívoco parecido

co home que agora me indicaba unha butaca xunto a unha graciosa mesa Chippendale. Antes de sentar do outro lado, fronte a min, o meu anfitrión detívose un momento como dubitativo. Logo, quitando lentamente as luvas, o chapeu e a capa, mostrouse de xeito teatral cun traxe que era claramente do período xeorxiano, desde a coleta e a chorreira do pescozo, aos calzóns, calzas de seda e zapatos con fibela en que eu non reparara antes. Logo, sentando nunha cadeira con respaldo en forma de lira, empezou a mirarme con atención.

Sen o chapeu, adquiriu un aspecto de extrema vellez no que até entón apenas reparara e pregunteime se non sería esta pegada inadvertida de singular lonxevidade unha das causas do meu desacougo. Cando falou á fin, notei que a súa voz suave, profunda, coidadosamente amortecida, tremía con certa frecuencia. Ás veces custábame seguilo, mentres o escoitaba cunha sensación de abraio, e cunha inconfesada alarma que me aumentaba a cada pouco.

—Está vostede, señor —empezou a dicir o meu anfitrión— ante un home de costumes moi excéntricos, que non necesita desculpar a súa indumentaria ante unha persoa do seu enxeño e inclinacións. Pensando en tempos mellores, non tiven o menor escrúpulo en estudar os seus costumes e en adoptar a súa vestimenta e os seus modais, capricho que non ofende a ninguén se se practica sen ostentación. Tiven a boa fortuna de conservar o solar rural dos meus antepasados, aínda que quedou encerrado por dúas cidades: primeiro por Greenwich, que chegou até aquí despois de 1800, e logo por Nova York, que a anexionou contra 1830. Tiña moitos motivos para conservar este lugar estreitamente unido á miña familia, e en ningún momento me liberei de tales obrigas. O propietario que tomou posesión del en 1768 estudou certas artes e fixo certos descubrimentos, todos eles relacionados con

influxos que residían neste anaco concreto de terreo, e eran dignos do máis estreito segredo. Agora desexo mostrarlle algúns efectos singulares destas artes e descubrimentos. Coido que podó fiarme bastante da miña apreciación dos homes como para saber que conto co seu interese e a súa discreción.

Calou un momento e eu non puiden facer outra cousa que asentir cun movemento de cabeza. Dixen que me sentía alarmado. Así e todo, para min non había nada máis devastador que o mundo material e diúrno de Nova York e tanto se este home era un excéntrico inofensivo ou un experto en artes perigosas, non tiña outra elección que seguirlo e satisfacer as miñas ansias de fascinación, fose o que fose o que el tivese que ofrecer. Daquela prestei atención.

—A... o meu antepasado —continuou en voz baixa— parecíalle que había certas calidades excepcionais na vontade do ser humano, calidades dun poder insospeitado, non só sobre os actos do propio eu e do dos demais, senón sobre toda clase de forza e sustancia da Natureza, e sobre moitos elementos e dimensións considerados máis universais que a propia Natureza. Podó dicir que se burlaba da santidade de cousas tan grandes como o espazo e o tempo e que deu estraños usos aos ritos de determinados peles vermellas mestizos que no pasado adoitaban acampar neste outeiro. Estes indios irritáronse moito cando se construíu o edificio e volvéronse moi testáns na súa porfía por visitar os seus xardíns durante o plenilunio. Durante anos entraron ás agachadas, saltando o valado cada mes, cando podían, para executar determinadas cerimonias secretas. Logo, no 68, o novo propietario sorprendeunos *in flagranti*, e quedou paralizado ante o que viu. A partir de entón negociou con eles, permitíndolles o libre acceso aos seus terreos a cambio de que lle revelasen o sentido profundo dos seus actos. Soubo entón que parte

deste costume herdáranos dos seus devanceiros peles vermellas e outra parte dun vello holandés dos tempos dos Estados Xerais. E, maldición! Temo que o propietario debeu de darlles un ron terriblemente malo, intencionadamente ou non, pois unha semana despois de coñecer o segredo era o único home vivo que o coñecía. Vostede, señor, é o primeiro estraño que sabe da existencia de tal segredo, e que me parta un raio se me atrevería eu a falar de... eses poderes... de non velo tan interesado polas cousas do pasado.

Arreguiceime ao notar o home cada vez máis falangueiro e ao ver que a súa maneira de falar era bastante anticuada. Continuou:

—Pero saiba, señor, que o que... o propietario logrou aprender daqueles salvaxes mestizos representaba só unha pequena parte do que despois chegou a saber. Non en balde estudara en Oxford e tratara cun antigo químico e astrólogo de París. En resumidas contas, soubo que o mundo non é máis que o fume dos nosos intelectos. Está fóra do alcance do vulgo, pero os sabios poden exhalalo ou inhalalo como unha chuchada de antigo tabaco de Virginia. Aquilo que queremos, podemos facelo xurdir ao noso redor e o que non, podemos facelo desaparecer. Non pretendo que canto diga sexa certo en todos os sentidos. Así e todo, é o suficientemente certo como para dar un precioso espectáculo de cando en cando. Supoño que lle encantaría ter, de determinadas épocas, unha visión máis clara da que pode fornecelle a súa imaxinación, así que prégoles que refugue calquera temor ante o que me proponho ensinarlle. Veña á xanela e non fale.

A continuación, o meu anfitrión colleume da man e levoume a unha das dúas xanelas que se abrían a carón da longa e cheirenta estancia. O contacto dos seus dedos transmitíame un frío que me percorreu todo o corpo. A súa carne, aínda que seca e firme, tiña a

calidade do xeo e estiven a piques de zafarme da súa presa. Pero novamente pensei no baleiro e o horror da realidade, e dispúxenme a seguilo sen medo onde quixese levarme. Unha vez na xanela, o home descorreu as cortinas de seda amarela e indicoume que mirase cara á escuridade exterior. Durante un intre non vin nada, á parte dun milleiro de puntos tremelucantes alá lonxe, moi lonxe. Logo, como en resposta a un movemento estraño da man do meu anfitrión, un lóstrego xogou por encima da paisaxe e descubríñ que me asomaba a un mar de follaxe vizosa, de follaxe non contaminada, e non a un mar de tellados, como esperaría calquera mente normal. Á miña dereita, o Hudson brillaba perversamente e máis aló, fronte a min, observei o escintilar malsán dunha inmensa marisma constelada de nerviosos lucecús. Apagouse o lóstrego e un sorriso maligno iluminou o cerúleo rostro do vello nigromante.

—Iso foi antes dos meus tempos... antes dos tempos do novo propietario. Pero probemos outra vez.

Sentín que me abandonaban as forzas, máis aínda que ante a odiosa modernidade daquela cidade maldita.

—Meu Deus! —murmurei—. Pode facer iso con calquera época?

E ao velo asentir e descubrir os negros tocos do que noutro tempo foron dentes amarelos, agarreime ás cortinas para evitar caer. El suxeitoume coa súa gadoupa fría e terríbel e repetiu o seu aceno estraño. Novamente xurdiu un lóstrego, mais desta volta iluminou unha paisaxe non de todo estraña. Era Greenwich, o Greenwich doutros tempos, con algún que outro tellado ou fila de fachadas aquí e alá, tal como os vemos hoxe, aínda que con verdes quellas e prados e herbosas zonas comunais. A marisma seguía brillando máis aló, pero de lonxe vin os campanarios do que entón era toda Nova York, coas igrexas da Trindade, San Pablo e

a chamada Brick Church dominando as súas irmás, e unha feble brétema de fume de leña estendéndose por encima de todo. Aspirei profundamente, aínda que non tanto pola visión mesma como polas posibilidades que evocou a miña imaxinación arrepiada.

—Podería... atreveríase... a afastarse máis? —dixen con temor e creo que el compartiu este medo durante un segundo, pero recuperou o seu sorriso malévolo.

—Afastarme máis? O que eu vin deixaríao a vostede petrificado! Tanto cara a atrás, moi atrás, como cara a adiante, moi adiante... Olle, estúpido pusilánime!

E á vez que gruñía esta frase para si, fixo un novo aceno, provocando no ceo un lóstrego máis cegador que os dous anteriores. En espazo de tres segundos enteiros puíden observar unha visión pandemónica, e neses segundos contemplei unha paisaxe que en diante atormentará sempre os meus soños. Vin os ceos inzados de estraños seres voadores e, por baixo deles, unha cidade negra e infernal de xigantescas terrazas de pedra, impías pirámides que se elevaban salvaxemente até a lúa, e innumerábeis xanelas iluminadas con luces demoníacas. E, fervendo de forma nauseabunda en galerías aéreas, vin as xentes amarelas e de ollos amendoados que poboaban esa cidade, vestidas de vermello e laranxa e danzando insensatamente ao son febril duns timbais, ao son do estrépito obsceno dos crótalos e o laio maníaco duns cornos apagados cuxo incesante son subía e baixaba como as ondas dun océano impío de betume.

Vin este espectáculo, digo, e ouvín cos ouvidos da mente o blasfemo pandemonio de cacofonía que o acompañaba. Era a estridente materialización de todo o horror que a cidade cadáver axitara sempre na miña alma. Esquecendo a advertencia de que permanecese calado, gritei

e gritei e gritei, até que os meus nervios se esborrallaron e os muros tremeron ao meu redor. Logo, cando o lóstrego se apagou, vin que o meu anfitrión tremía tamén. Unha expresión de estarrecido horror medio borraba a aceirada contracción de furia que os meus berros provocaran nel. Cambaleouse, agarrouse ás cortinas como fixera eu antes, e axitou a cabeza salvaxemente como un animal atrapado. Ben sabe Deus que tiña motivos, porque ao apagarse o eco dos meus berros, ouviuse un rumor tan suxestivo que só a atordada emoción me mantivo consciente e dono dos meus sentidos. Era o renxido incesante e solapado da escaleira que había alén da porta, como se subise por ela unha horda de pés descalzos ou calzados con mocasíns. Finalmente, ouvíronse as firmes e cautelosas sacudidas do picaporte de latón, que brillou á feble luz das candeas. O ancián rabuñou, cuspiu contra min no ar balorecido e ladroume cousas á vez que se abaneaba agarrado á cortina amarela:

—A lúa chea... maldito... can escandaloso... ti chamáchelos, e veñen por min! Pés con mocasíns... dos mortos... que Deus vos confunda, demos de pel vermella! Eu non envelenei o voso ron..., seica non conservei a salvo a vosa maxia ruín? Bebestes até enfermar, e agora queredes botarlle a culpa ao propietario... Fóra! Soltade o picaporte... Aquí non tedes nada que facer...

Naquel intre, tres golpes espazados e moi firmes sacudiron os entrepanos da porta. Unha escumada branca abrollou pola boca do mago frenético. O seu pavor, converténdose en desesperación de ferro, deu lugar a que renacesse a súa xenreira contra min. Logo deu un paso dubitativo cara á mesa en cuxo extremo me apoiaba eu. Tensou a cortina que suxeitaba a súa man dereita, mentres que coa esquerda rabuñaba o ar cara a min, pero ao final desprendeuse da alta barra que a

suxeitaba, deixando entrar no cuarto un torrente de resplandor da lúa chea que o ceo, cada vez máis claro, presaxiara. Aqueles raios verdosos fixeron palidecer as candeas e un novo aspecto de descomposición estendeuse pola balorecida estancia, co artesoado roído, o chan inclinado, a cheminea ruínosa, os mobles escangallados e as colgaduras farrapentas. E alcanzou ao ancián tamén, seica pola mesma razón, ou debido ao seu medo e vehemencia, e vino encollerse e ennegrecerse mentres cambaleaba e trataba de esnaquizarme coas súas gadoupas de voitre. Só os seus ollos permanecían incólumes e miraban cun alustro dilatado que ía en aumento á vez que o seu rostro se consumía e se tornaba carbón.

Repetíronse os golpes con máis insistencia e desta volta soaron a metal. A negra entidade que tiña diante quedara reducida a unha cabeza con ollos que trataba impotente de arrastrarse polo chan curvado en dirección a min, e cuspiña de cando en cando con malicia inmortal. Agora aumentaron os rápidos e demoledores golpes contra os febles entrepanos, rebentaron e vin o brillar dun *tomahawk* ao fender a madeira esnaquizada. Non me movín, porque non me sentín quen, pero observei atordado mentres a porta caía esnaquizada no medio do fluxo dunha sustancia negra salpicada de ollos relucentes e malévolos. Derramouse como unha mesta marea de aceite, rebentou un tabique roído, envorcou unha cadeira ao estenderse e finalmente espallouse por baixo da mesa e por todo o chan da estancia como buscando a denegrida cabeza cuxos ollos seguían mirándome. Fechouse arredor dela e enguliuna totalmente. Un momento despois empezou a recuar, levando a súa presa invisíbel sen tocarme a min. Desprazouse cara á porta e retirouse cara á escaleira, cuxos banzos renxeron como antes, aínda que en orde inversa.

Logo, finalmente, cedeu o chan e eu precipiteime sen alento na escura cámara de abaixo, ateigada de arañeiras, medio desvanecido de terror. A lúa verde, brillando a través das xanelas rotas, reveloume a porta do salón medio aberta e mentres me levantaba do chan sementado de cascallos e me zafaba do entullo, vin pasar o torrente espantoso de negrura e constelado de ollos sinistros e relucentes. Buscaba a porta do soto e, ao atopala, desapareceu por ela. Agora notei que o chan destoutra habitación inferior estaba a ceder igual que o da superior. A continuación soou un estralo arriba que foi seguido pola caída de algo que vin pasar pola xanela de poñente, e que debía de estar na cúpula. Zafado dos cascallos, crucei o piso e corrín cara á porta. Ao comprobar que non podía abrila, agarrei unha cadeira, rompín a xanela e saltei freneticamente por ela ao céspede descoidado onde a luz da lúa danzaba sobre a maleza e a herba medrada. O valado era alto e todas as entradas estaban fechadas con chave, pero axudándome cunha chea de caixas que había nun lado conseguín rubir ao alto e suxeitarme a unha grande urna de pedra que alí había.

No meu esgotamento, non vin ao meu redor máis que estrañas paredes e xanelas e vellos teitos holandeses. Non descubrín en ningures a empinada rúa pola que subira ao chegar e o pouco que conseguín distinguir quedou mergullado rapidamente na néboa que subía do río, malia o resplandor da lúa. De súpeto, a urna á que me suxeitaba empezou a tremer, como se compartise a miña vertixe mortal e un instante despois soltouse o meu corpo, precipitándose non sei a que destino.

O home que me atopou dixo que debín de arrastrarme durante un longo percorrido, malia os meus ósos rotos, xa que deixara un rastro de sangue até onde el se atreveu a mirar. A chuva que comezaba a caer

borrou moi pronto esta conexión co escenario do meu pesadelo e os informes só puideron determinar que saín dalgún lugar descoñecido, chegando até a entrada dun patio pequeno e escuro fronte a Perry Street. Xamais tentei volver a eses labirintos tenebrosos nin enviaría alí ningún home no seu san xuízo. Non teño idea de que ser era aquel, pero repito que a cidade está morta e chea de horrores insospeitados. Non sei onde foi. Eu regresei a casa, ás queellas puras de Nova Inglaterra polas que corre a suave airexa mariña no serán.



Título orixinal:

The Lurking Fear, The Rats in the Walls, The Unnamable, The Shunned House, The Horror at Red Hook, He.

Licenza do texto orixinal:

Dominio Público

Licenza da tradución:

CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:

Tomás González Ahola

Revisión:

Helena Bermúdez Sabel,

Raquel López Veleiro

Deseño de cuberta:

Denís Fernández Cabrera

Maquetación:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2013

1ª edición en ebook: 2020

Edita:

Urco Editora

R/do Avío II, baixo

15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais
Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. *A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico*
2. *O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade*
3. *Nas montañas da loucura*
4. *A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade*
5. *A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo*
6. *Fungos de Yuggoth. Poemas impíos*
7. *Contos do Ciclo do Soño*
8. *A procura soñada de Kadath a Descoñecida*
9. *O terror sobrenatural na literatura*
10. *Alén do muro do soño e outros contos macabros*
11. *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes*
12. *As ratas nas paredes e outras historias de medo*
13. *A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais*
14. *O caso de Charles Dexter Ward*
15. *De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica*



